

Paula García Rumbo

A (re)presentación de Galiza na obra de Fialho de Almeida



UNIVERSIDADE DO ALGARVE

Faculdade de Ciências Humanas e Sociais

2019

Paula García Rumbo

A (re)presentación de Galiza na obra de Fialho de Almeida

Mestrado em Comunicação, Cultura e Artes
(Especialidade em Estudos Culturais)

Trabalho efetuado sob a orientação de:
Prof. Doutor João Minhoto Marques



UNIVERSIDADE DO ALGARVE

Faculdade de Ciências Humanas e Sociais

2019

A (re)presentación de Galiza na obra de Fialho de Almeida

Declaração de autoria de trabalho

Declaro ser a autora deste trabalho, que é original e inédito. Autores e trabalhos consultados estão devidamente citados no texto e constam da listagem de referências incluída.

Copyright: Paula García Rumbo

A Universidade do Algarve reserva para si o direito, em conformidade com o disposto no Código do Direito de Autor e dos Direitos Conexos, de arquivar, reproduzir e publicar a obra, independentemente do meio utilizado, bem como de a divulgar através de repositórios científicos e de admitir a sua cópia e distribuição para fins meramente educacionais ou de investigação e não comerciais, conquanto seja dado o devido crédito ao autor e editor respetivos.

*Vendo-os assim tão pertinho,
a Galiza a mais o Minho,
são como dois namorados
que o rio traz separados
quase desde o nascimento.
Deixai-os, pois, namorar,
já que os pais para casar
lhes não dão consentimento.*

(João Verde)

Resumo

A finais do século XIX e principios do XX funcionan dúas imaxes sobre Galiza e os galegos en Portugal: unha negativa, asociada ao fenómeno migratorio, e outra *de afinidade*, baseada nos vínculos históricos, lingüísticos e culturais entre os dous lados do río Miño.

O obxectivo desta disertación de mestrado é demostrar que estas dúas imaxes están presentes na obra de Fialho de Almeida e, asemade, analizar como o escritor alentejano vai evolucionando da imaxe negativa á *de afinidade* a medida que coñece a realidade galega.

Palabras chave: Fialho de Almeida - Galiza - Portugal – Migración – Afinidade - *Locus amoenus*

Abstract

Between the end of the XIX century and the beginning of the XX century, two images of Galicia and of the Galicians circulated in Portugal. The first image is a negative one, as it is associated with migration phenomena. The second is one of affinity, based on the existing historic, linguistic and cultural ties on both sides of Minho.

This MA dissertation aims at demonstrating that both images are present in the works of Fialho de Almeida, while analyzing how the writer born in the Alentejo evolves from a negative impression of Galicia and its people until one of *affinity* as he gets to know the region more profoundly.

Keywords: Fialho de Almeida - Galiza – Portugal – Emigration – Affinity - *Locus amoenus*

Índice

Introdución	1
1. Fialho de Almeida na literatura portuguesa	4
2. A imaxe dos galegos e de Galiza en Portugal	16
3. A (re)presentación de Galiza e dos seus habitantes na obra de Fialho de Almeida ..	39
Conclusións	81
Bibliografía	85

Introdución

O obxectivo principal desta disertación de mestrado é mostrar a visión particular que Fialho de Almeida ten sobre Galiza e os seus habitantes e, asemade, contribuír á difusión da súa obra, xa que durante moitos anos a crítica non lle prestou suficiente interese e aínda resulta moi descoñecida no norte do río Miño.

A disertación está dividida en tres partes, para alén da introdución e a conclusión. No primeiro capítulo, “1. Fialho de Almeida na literatura portuguesa” (pp. 4-15), analizamos as causas que puideron levar a que o escritor alentexano non tivese o recoñecemento que realmente merecía na historia literaria portuguesa e facemos un percorrido polos estudos máis relevantes da súa produción artística sintetizando as características de varias das etiquetas que definen a súa traxectoria. Esta pequena achega teórica é necesaria para entendermos moitas cuestións que xurdiron en torno a esta figura e valorarmos unha personalidade crítica e inconformista que quixo explorar novas formas de creación.

No segundo capítulo “2. A imaxe dos galegos e Galiza en Portugal” (pp. 16-38), achegámonos á visión que se tiña en Portugal dos galegos e de Galiza. O intenso crecemento demográfico que se produciu na Galiza do século XVII provocou que moitos galegos saísen da súa terra en busca de traballo; así, o precario desenvolvemento económico do seu territorio, aínda que era moi rico, facía que este fose incapaz de lles dar sustento a tantas persoas que o necesitaban. Portugal foi un dos destinos escollidos pola migración galega, sobre todo a súa capital. A comunidade galega en Lisboa chegou a ser tan numerosa que non resulta difícil encontrarmos referencias en varios produtos culturais da época aos galegos. Este uso do masculino xenérico no desenvolvemento deste capítulo non é irrelevante, senón que se xustifica porque a presenza feminina era moi escasa e case non temos mencións ao respecto.

Neste apartado baseámonos no traballo de Carlos Pazos, *A imagem da Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os galegos são nossos irmãos* (2016), para facer un percorrido por algunhas obras literarias portuguesas en que aparecen galegos ou Galiza e mostrar como vai evolucionando esa representación. Nun primeiro momento a imaxe

dos galegos é totalmente negativa, relacionada coa calidade de migrante, de persoa que desenvolve os traballos que ninguén quere, os máis ruíns e os peor pagados, por iso estes homes eran vistos como brutos, incultos e avaros, pois sempre estaban pensando en xuntar cartos para volver á súa terra.

Cos anos vai aparecer unha nova imaxe moito máis amena, que Carlos Pazos denomina *de afinidade*, asociada á toma de posición da colonia galega en Lisboa e ao vínculo histórico e lingüístico de Galiza con Portugal. Os galegos comezan a ser pequenos propietarios e participan na esfera pública lisboeta. Esta nova imaxe vai estar relacionada coa irrupción do galeguismo, que integrará no seu discurso a irmandade galego-portuguesa á par dalgúns intelectuais portugueses da época como Teófilo Braga ou Oliveira Martins.

Para finalizar, na terceira e última parte, “3. A (re)presentación de Galiza e dos seus habitantes na obra de Fialho de Almeida” (pp. 39-80), debuzámonos na obra fialhiana para analizar varias das referencias que hai nos seus textos sobre Galiza e os seus habitantes. Despois de vermos de maneira sintética unha recompilación das distintas alusións que existen sobre os galegos e Galiza na literatura portuguesa da altura, trataremos de comprobar se esa representación se corresponde, ou non, coa de Fialho de Almeida.

Nos últimos anos da súa vida o escritor alentezano vaise iniciar na aventura das viaxes, entre outros motivos porque a súa economía mellora e pode dedicarse a coñecer diferentes lugares, praxe moi habitual entre as clases acomodadas do momento. Este feito vaino levar a Galiza en varias ocasións, de aí que existan numerosos textos que nos mostran a súa visión sobre esta terra. Neste apartado tamén veremos algunhas impresións que nos deixaron outros visitantes portugueses da época, como Anselmo de Andrade ou Silveira da Mota.

Para abordar este capítulo, foi preciso revisar a produción literaria e ensaística de Fialho de Almeida e delimitar o corpus textual a aquelas obras en que aparece o galego ou galega como personaxe e Galiza como terra. Resultounos moi útil a Biblioteca Digital do Alentejo onde están recompilados case todos os seus escritos. De todos os libros que

aquí se poden consultar, o máis interesante é *Estancias de arte e saudade*, pois nel inclúense as reflexións sobre a súa primeira viaxe a Galiza, en 1903, co título “De Vigo a Cangas” e tamén “Pela Galiza”, que foi o derradeiro texto que escribiu sobre esta temática, en 1910.

Por outro lado, tamén é preciso engadir *Cadernos de viagem. Galiza, 1905*, que se torna imprescindible para este traballo, entre outras cousas porque é o que máis documentación nos ofrece. Este libro recolle os apuntamentos de catorce cadernos de viaxe que Fialho escribiu na súa segunda e máis extensa visita a Galiza e que estiveron inéditos até que Lourdes Carita os publicou en 1996.

Para concluírmos este estudo, realizamos unha síntese dos aspectos máis relevantes de cada capítulo e, en último lugar, relacionamos as diferentes fontes bibliográficas dos autores e autoras que fomos citando ao longo das páxinas.

1. Fialho de Almeida na literatura portuguesa

Fialho de Almeida é um dos escritores máis polémicos da literatura portuguesa, por iso durante moitos anos estivo relegado a unha especie de ostracismo no campo das letras. As circunstancias da súa vida privada e o estilo desconcertante da súa escrita influíron de forma negativa no estudo e lectura da súa obra. Desde que morreu en 1911 até finais do século XX case non temos ningún traballo destacábel sobre o autor, a non ser unha recompilación de artigos que lle dedicaron no sexto aniversario do seu pasamento, *In memoriam (1917)*¹, e a tese de doutoramento de Álvaro da Costa Pimpão, *Fialho I. Introdução ao estudo da sua estética (1945)*, que é o estudo bibliográfico máis completo que se fixo sobre o escritor e que nunca chegou a terminar, pois tiña previsto publicar unha segunda parte².

Por sorte, nos últimos tempos, empezou a suscitar o interese dalgúns investigadores e investigadoras que nos ofrecen diversas análises da súa obra e que pretenden darlle o lugar que realmente merece na historia literaria portuguesa. As monografías *O esencial sobre Fialho de Almeida* de António Cândido Franco (2002), *Fialho d'Almeida. Um decadente em revolta* de Lucília Verdelho da Costa (2004) e “*Kodakização*” e *despolarização do real* de Isabel Cristina Pinto Mateus (2008), xunto cos estudos

¹ “Rodaram já seis anos sôbre a morte de Fialho de Almeida. // A cerebralidade portuguesa, longe de convulsivar-se em largo e forte estremeção de dor, esmoreceu num colapso de indiferença ante o baquear duma figura que, com Camilo e Eça, constitui a tríada mais gloriosa e representativa do último meio-século literário em Portugal. E, num pobre cemitério alentejano, o cadáver de Fialho baixava à campa humilde, entre um silêncio espêso de desdêm, e um quási rugir de sufocados ódios. // ;Quanto não fazem as paixões políticas! ... // Os jornais publicaram meia-dúzia de linhas apressadas, por favor, e tudo a breve trecho se afundava em sombrio e pesado esquecimento, como se o desaparecer do autor dos Pobres não fôsse para as letras portuguesas uma perda sem remédio. // Não é, por emquanto, estimado no seu justo preço o prosador supremo dos Ceifeiros. Os materiais de estudo escasseiam; e sendo quási por completo ignoradas as particularidades do seu temperamento, singular e caprichoso ¿como bem definir e interpretar as características dominantes de uma obra, tam estranhamente autobiográfica?” (Barradas e Saavedra, 1917: 5)

² “O esquecimento progressivo a que foi condenado Fialho pode ser medido pela escassa fortuna editorial da sua obra – só na última década do século XX é que viram a luz reedições assinaláveis dos seus livros mais importantes - e pela rarefeita atenção que a crítica e a história literária, dentro e fora das Universidades, lhe prestaram. Após a tese de doutoramento que lhe dedicou Álvaro Júlio da Costa Pimpão – *Fialho I. Introdução ao estudo da sua estética* (Coimbra, Coimbra Editora, 1945; a tese foi defendida em Dezembro de 1943 e dela houve uma 1.ª edição publicada neste ano na *Revista da Universidade de Coimbra*) -, não foi publicada, durante mais de meio século, nenhuma monografia de vulto sobre o autor de *O país das uvas*. A própria tese de doutoramento de Costa Pimpão nunca chegou a ser concluída, tendo ficado por escrever o seu tomo II, que se ocuparia da estética de Fialho (muitos elementos de investigação e análise que fariam parte deste segundo tomo foram utilizados por Costa Pimpão nos seus valiosos estudos prefaciais a diversas obras de Fialho).” (Aguiar e Silva *apud* Mateus, 2008: 14-15)

“Fialho de Almeida: uma estética de tensões” de José Augusto Bernardes (2001) e “Fialho de Almeida, um atento espectador do mundo (Os gatos)” de Helena Carvalhão Buescu (2001) son algúns dos traballos máis relevantes sobre a súa obra.

A dificultade de reunir a súa produción literaria, o feito de non publicar unha novela na época da novela por excelencia, ser un escritor moi controvertido ou non encadrarse nunha única corrente estética son algunhas das razóns que puideron levar a que Fialho de Almeida non tivese o recoñecemento que realmente merecía.

A falta dunha edición en volume que recolla o conxunto dos textos ficcionais ou mesmo críticos é un dos diversos obstáculos cos que nos encontramos á hora de estudar este autor. A maioría están dispersos por varios xornais e revistas e incluso moitos deles aínda hoxe en día sen editar e con dúbidas no que respecta á data da primeira publicación³. Alén diso, a presión do mercado podía facer que o mesmo escrito aparecese en diferentes xornais con tan só unhas pequenas alteracións. A precaria situación económica que atravesou en moitos momentos da súa vida fíxolle rozar, en máis dunha ocasión, a falta de ética profesional, como nos explica Maria Manuela Carvalho de Almeida no ensaio *A literatura entre o sacerdocio e o mercado: Balzac e Fialho de Almeida*. De feito, as súas obras literarias non deixan de ser o resultado dunha recompilación de textos que aparecen espallados polas distintas publicacións periódicas da época.

Seria aliás altura de fazer o elenco de todas as técnicas utilizadas por Fialho no sentido de praticar, com textos já publicados, o milagre da multiplicação dos pães e dos peixes: assim, o mesmo texto aparece por vezes reeditado num outro jornal sob título diferente, o que sucede ainda quando integrado em livro; certos textos apresentados como inéditos, não passam de refundições, por vezes mínimas, de textos já dados à estampa; etc. Tudo isto parece indiciar uma relação de grande intimidade (e mesmo promiscuidade) com o mercado, colocando o autor na esquina perigosa em que o cifrão subordina a ética da produção artística; e transforma o livro no produto derradeiro, por efeito de reciclagem,

³ “A ausência de um critério de organização cronológica ou genológica no que diz respeito à publicação em volume dos textos de Fialho, a dispersão de muitos desses textos em vários jornais ou revistas da época, muitos deles [incluindo alguns de contos] até hoje não editados, a inexistência de uma edição em volume do conjunto dos textos ficcionais ou mesmo dos textos críticos, a dificuldade de classificação e de apurar, com rigor, a data da primeira publicação de grande parte dos contos, a escassez de elementos de reflexão teórico-crítica do autor sobre a sua própria obra [Fialho declarar-se-á, de resto, pouco propenso a fazer “aplicações doutrinárias” [1992k:14] às suas coisas], o muito que sobre esta se escreveu e o pouco que sobre ela se disse, constituíram outros tantos obstáculos a contornar.” (Mateus, 2008: 22)

de produtos já comercializados, não lhe conferindo por isso um estatuto transcendente, nem mesmo especial – o livro, enfim, não é o lugar da arte, como parecem intentar mesmo os escritores mais mercantis do século, mas uma possibilidade mais da *arte do mercado*. (Almeida, 1996: 40-41)

A relación que mantivo Fialho de Almeida coa literatura sempre estivo ligada ao xornalismo. Era moi complicado vivir da escrita por iso, se quería estar na esfera pública, estaba obrigado a responder ás demandas do mercado. Ademais, este motivo tamén vai influír na súa dificultade para conseguir un espazo literario propio.

Moitos dubidaron da súa capacidade para crear unha grande obra, algo que xustificaban na súa personalidade inconstante⁴, porén, como el mesmo aclara na autobiografía publicada en *À esquina*, van ser precisamente os motivos económicos os que lle impidan publicar unha novela. Foi por necesidade polo que tivo que facer outro tipo de textos⁵, algo que lle ocasionou numerosas críticas. O conto folletinesco, que era tan popular na época, chegaba a un público moi amplo, polo que a remuneración estaba asegurada, pero tiña que pagar a peaxe de que o xulgasen por facer literatura de baixa calidade.

O jornal transfigura o libro em “pequena” literatura, literatura “degradada” pela submissão às leis do mercado: enfim, e para nos servirmos da terminologia de Sainte-Beuve, transforma-o em “literatura industrial”. (Almeida, 1996: 40)

O soporte non era o único motivo de crítica. O conto tamén era considerado un xénero menor, polo que a combinación de ambos os motivos foi un argumento máis que suficiente para que Fialho de Almeida non gozase do mesmo recoñecemento que outros dos seus contemporáneos, como Eça de Queirós, o gran novelista do momento e, incluso, da literatura portuguesa⁶.

⁴ “O Romance! Mas essa forma literária, que requiere no artista, além do poder criador de almas, amplidão construtiva, serenidade e equilíbrio, escapa-lhe, prejudicada pela sua arte, que é grande, mas no sentido da intensidade e profundidade.” (Guimarães in Barradas e Saavedra, 1917: 105)

⁵ “A adopção do conto folhetinesco de curto folego publicado em jornais e revistas, de consumo assegurado e de pagamento assegurado, surge assim explicada pelo próprio escritor como forma de mercenarismo forçado e como a resposta possível à expectativa do público.” (Bernardes, 2001: 295)

⁶ “Á prefacção d’*A Esquina* porém, o escritor se exculpa numa locução toda vivida, de não haver ceifado no campo das letras, uma recolta d’obras de longo fôlego. Mas a verdade é que elle não era um criador de typos para respirarem num amplo e movimentado enredo dramático, como Eça de Queiroz, que os sacudia á rua, numa simples entrevista, fumegantes de verídico, crespos de identidade pessoal.” (Ribeiro, 1911: 83)

En realidade, como apunta Lucília Verdelho da Costa en *Fialho d'Almeida, um decadente em revolta*, o escritor alentexano era un adiantado para o seu tempo, por iso foi un dos primeiros intelectuais en prever a morte da novela tal e como era entendida daquela:

O romance, tal como o concebera o século XIX, fruto de uma ordem do mundo que o narrador experiéncia e observa, estava condenado a morrer. Fialho foi um dos primeiros intelectuais a intuir essa morte do romance e elevar a tessitura da sua escrita a objecto da literatura, como se finalmente, fosse a tensão dessa luta entre a razão e o irracional o sentido último da modernidade literária. (Costa, 2004: 292-293)

Outro motivo que puido ter deixado durante tantos anos a Fialho de Almeida no esquecemento foi a dificultade de catalogar a súa obra. Nos seus escritos encontramos unha confluencia de diferentes escolas e tradicións literarias que non seguen un percorrido lineal.

Ao principio a crítica fialhiana situou o escritor na estética naturalista. Álvaro da Costa Pimpão, no limiar da reedición de *O país das uvas*, en 1946, sinala como Fialho de Almeida se apartou da estética romántica influenciado polas lecturas de Camilo Castelo Branco, a quen lle dedicou o seu primeiro libro *Contos*, e polo coñecemento da corrente naturalista, que pretendía asumir-se como a fórmula científica en que se asentaría o progreso artístico, social e moral da sociedade moderna⁷:

Camilo e o naturalismo, como disse acima, favoreceram a experiéncia de Fialho, motivando-a esteticamente. Sem aquelas duas influéncias, o conto *Sempre Amigos*, por exemplo, do seu primeiro libro, e ao qual a crítica reservou un lugar privilegiado, não seria possível. Porque se apoiava na sua sensibilidade, o realismo e o naturalismo afastaram o escritor da poesia das ruínas, que por algum tempo o levou a estender pelo passado local um olhar repassado de saudosismo, e de Júlio Dinis, cuja idealidade o seduz mas que, afinal, o não convence, levando-o, a pouco a pouco, à descoberta de si mesmo. (Pimpão *apud* Almeida, 1946: 20-21)

⁷ “[...] o Naturalismo pretendeu assumir-se como a fórmula científica em que assentaria o progresso artístico, social e moral da sociedade moderna. O mito do progresso que acompanhara o triunfo económico da burguesia, e desta forma se procurava alargar à literatura, transparece não só da concepção do romance experimental enquanto expressão literária do espírito científico do século, como também da função superior que, no entender de Émile Zola, seu principal teorizador, caberia ao romancista naturalista: desde moralista “expérimentateur”, a sociólogo práctico, historiador ou investigador das ciéncias sociais e políticas...” (Mateus, 2008: 62)

Fialho de Almeida iníciase no naturalismo influenciado pola concepción da arte que predominaba en Portugal na década dos 70 e que tivera na Questão Coimbrã e nas Conferencias do Casino os máis fieis defensores. Unha obra decisiva na súa vida vai ser *O crime do padre Amaro*, publicada en 1875 na Revista Ocidental, que lle vai provocar “un reviramento mental tão intenso que bem poderia ser comparado a um desabamento”, como el mesmo chega a dicir:

A forma literária desse esboço era dum desleixo como nunca vi, mas tão pitoresca e tão musical que, palavra de honra, embriagava quem lia. Guardo preciosamente esse texto, a que devo um reviramento mental tão intenso que poderia ser comparado a um desabamento. Porque escuso dizel-o: era o primeiro livro de arte nova que chegava á desconsoladora penumbra em que então vivia. (Almeida, 1924: 110)

Considerábaa “uma obra prima igual às melhores que a admiração universal tem consagrado” porque, para el, Eça de Queirós comprendía mellor que ninguén “como o romance moderno aspirava a ser a photographia da sociedade, surprehendida no seu labutar incessante ou na sua atonia de decadencia” (Almeida, 1924: 113). Valoraba o traballo da fisioloxía, o poder descritivo das escenas e a capacidade de crear unha lingua propia, aínda que logo vai dicir que esas novas posibilidades de expresión xa estaban esgotadas.

Na mesma liña de Álvaro da Costa Pimpão sitúase Maria Aparecida Ribeiro, para quen moitos dos temas que utiliza e o predominio da descrición⁸, sobre todo de ambientes degradantes, van ser as marcas realistas-naturalistas que caractericen varios dos seus contos. Con todo, explica que é preciso facer varias puntualizacións antes de incluílo nesa escola, pois a esaxeración na descrición do mórbido, o uso de adxectivos coloristas e o feito de que o narrador emita algunhas opinións afástanos da neutralidade que require esta corrente literaria⁹.

⁸ “Nos textos de *Contos* (1881), *A Cidade do Vício* (1882), *Lisboa Galante* (1890), *O País das Uvas* (1893), a marca realista-naturalista faz-se sentir através de um predomínio da *descrição* que, levada por vezes ao extremo, apaga o que constituiria o perfil do conto, para aproximá-lo da *cena*, diluidora de certa forma do espírito de tese, característico do determinismo da escola.” (Ribeiro, 1994: 318)

⁹ “*O impulso sexual, o adultério, o anticlericalismo, a prostituição, a extrema pobreza e o alcoolismo* são os temas mais frequentes ensejando a descrição de ambientes degradantes como a taberna, o bordel, a prisão, o hospital, o cemitério. Como normalmente as personagens agem por *instinto*, o narrador, quase sempre *heterodiegético*, não se detém em análises pormenorizadas, limitando-se a apresentar, no início ou no decorrer da narração, pequenas explicações que dão conta da sua óptica determinista. Entretanto, em alguns textos mais longos, recorre à *analepse* para justificações mais circunstanciadas, como é o caso de

Non van tardar en observarse diversas tendencias e unha mudanza de estilo¹⁰. Helena Carvalhã Buescu en “Fialho de Almeida, um atento espectador do mundo (Os gatos)” cataloga a prosa do escritor de naturalista, pola importancia que lle concede á concepción positivista e científica da existencia, mais combinada con tendencias decadentistas e simbolistas. Para a profesora, Fialho de Almeida vai estar influenciado pola época en que viviu e pola súa formación como médico, por iso pode ser considerado un dos nomes do naturalismo en Portugal. No entanto, alén de decantarse por personaxes de baixa condición social, aparece unha atención descritiva e pormenorizada, un gusto por efectos melodramáticos e unha propensión para o grotesco que o converterán nun exemplo do estilo decadentista. Ademais, a importancia da cuestión psicolóxica, que está na base do seu interese por certas patoloxías, aparece tratada a través dun estilo impresionista, “em que o sensorialismo e a sinestesia ocupam lugares-chave” (Buescu, 2001: 161).

Outra clasificación aínda máis complexa é a de Jacinto do Prado Coelho. No libro *A letra e o leitor* explícanos como Fialho de Almeida tiña unha escrita moi particular xa desde os seus comezos, e como non comungaba completamente coas normas de ningunha corrente literaria. Para o crítico, Fialho é “romántico materialista, sensorial” ou “romántico realista”¹¹, unha denominación que, en principio, pode parecer contraditoria, pero que está máis que argumentada no forte temperamento que plasma nos seus textos:

«Três Cadáveres» e «A Ruiva», o conto onde Fialho mais se aproxima dos padrões naturalistas. Recorrendo vez por outra ao *discurso indirecto livre*, o escritor avizinha personagem e narrador, acentuando a consciencia deste e o carácter documental do texto.// No entanto, o exagero na descrição do mórbido, o deslumbramento pela cor e o facto de o narrador emitir algumas opiniões afastam Fialho da neutralidade requerida pelo Realismo-Naturalismo.” (Ribeiro, 1994: 318)

¹⁰ “A cambalhota mental de Fialho, aquela que deu volta ao seu espírito e o obrigou a dar un salto em frente, deixando definitivamente para trás o romantismo empastelado dos folhetins, veio com a leitura da primeira versão de *O Crime do Padre Amaro* de Eça de Queirós, publicada entre 15 de Fevereiro e 15 de Maio de 1875 na *Revista Ocidental*, conforme confissão posterior em *O Contemporâneo* (1882), recolhida depois da sua morte no livro *Figuras de Destaque* (1924). Esse romance, que ele ajuizou, na edição em livro de 1876, uma «obra-prima, igual às melhores», entrou-lhe como um emético que o obrigou a regurgitar os últimos podres da folhetinagem de capa e espada. Eça com quem se viria a desentender, criticando asperamente a sua literatura, recusando dar o nome para a comissão que apadrinhou em Lisboa as exéquias do escritor, e aparecendo irritantemente nestas cerimónias de berrante gravata vermelha, foi assim o seu involuntário paraninfo literário.” (Franco, 2002: 10)

¹¹ “Pela exigência do temperamento, Fialho subordinou o realismo de escola (com o pressuposto da concepção materialista da vida, a demora nas descrições e as sedutoras virtualidades do estilo impressionista) ao deleite pessoal e à expressão ou expansão do *eu*. O espectáculo da matéria foi para ele uma fonte de prazer estético (eufórico umas vezes, outras deprimente, com laivos de morbidez) e um estímulo para a fuga subjectiva, enquanto, por outro lado, o sonho ou a visão fantástica assumem, na sua obra, o relevo palpável da alucinação.” (Coelho, 1977: 151)

Contudo, não se enganou Castelo Branco Chaves ao classificar Fialho de «romântico». Mais precisamente poderíamos defini-lo como «romântico materialista, sensorial» — em qualquer caso o mais romântico dos nossos prosadores realistas. Pouco dado à análise psicológica, foi não raro surpreendente na descrição da realidade material, dos objetos sensíveis — e por este lado exemplifica bem o Realismo. Mas não evitou a deformação subjectiva, a «visão» das coisas que é produto do temperamento, muitas vezes conseguida em transe, numa espécie de embriaguez. (Coelho, 1977: 151)

Óscar Lopes en *Entre Fialho e Nemésio* comeza por situar a Fialho de Almeida como “a personalidade mais saliente do naturalismo português” (Lopes, 1987: 173), porque ademais de escribir os contos máis representativos desa escola literaria tamén se converteu, na fase inicial deste movemento, nun dos seus máis destacados defensores. Aínda así, para el vai ser a partir da publicación de *Os Gatos*, en 1880, cando se empece a notar unha mudanza de posición teórica¹². Óscar Lopes coincide cos outros estudosos e non sitúa o escritor nunha única corrente literaria, senón que o fai participe de varias. Para el a obra fialhiana “é a mais importante daquela transición naturalista-decadentista-esteticista que domina o período de 1890-1910, e sob tal aspecto em avanço sobre todos os outros naturalistas” (Lopes, 1987: 187).

Tamén José Augusto Cardoso Bernardes sitúa a Fialho de Almeida nunha intersección entre as varias correntes estéticas que marcaran o século XIX, entre as que destacan o naturalismo, o decadentismo e o realismo de incidencia ruralista. Os textos naturalistas tratan temas como o adulterio, a adolescencia ou a mendicidade e están contados por un narrador omnisciente que é tendencioso nas súas intervencións. Por outro lado, os textos decadentistas caracterízanse pola representación subxectiva e fantástica de sensacións e sentimentos. Por último, os de incidencia ruralista, serían aqueles en que aparecen personaxes con trazos folclóricos, historias de amor idealizadas ou crianzas ou animais como protagonistas¹³.

¹² “Nos primeiros textos de Fialho de Almeida vemos como este autor se sentiu atraído polo naturalismo, mais vai ser a partir da publicación de *Os gatos*, en 1880, cando se empeza a notar unha mudanza de posición teórica. A partir do naturalismo ábrese camiño para derivantes decadentes, impresionistas ou expresionistas.” (Lopes, 1987: 179)

¹³ “Os textos em que o Naturalismo se revela mais actuante organizam-se, sobretudo, em torno de temas como o adultério, a adolescência e a mendicidade, explicitados em forma de tese por um narrador omnisciente e tendencialmente interventivo. // Em outros, de feição decadentista, o enredo ficcional caracteriza-se pela representação subxectiva e fantástica de sensações e de sentimentos, que vai desde simples situações pontoais até à questionação ontológica de valores como o belo e o tempo. // A ficção de Fialho de Almeida é ainda marcada pelo Realismo de temática ruralista, caracterizado pela interacção de personagens-tipo de efeito folclorista, pelas histórias de amor idilizadas e pelas narrativas protagonizadas

A crítica literaria etiquetou a súa obra con diferentes denominacións, e este motivo vai provocar unha certa confusión á hora de comprender o autor. O certo é que as tres grandes clasificacións: romántico, naturalista e decadentista, incluso algunhas combinacións que nun primeiro momento parecen contraditorias, como a de Jacinto do Prado Coelho, poden resultar insuficientes para nomear a estética da súa arte.

Un ensaio fundamental na crítica fialhiana é “*Kodakização*” e *despolarização do real* de Isabel Cristina Pinto Mateus. É unha lectura en clave expresionista que demostra a ruptura de Fialho de Almeida co modelo de racionalidade científica do naturalismo. Para a profesora é visíbel desde moi pronto o rexeitamento da estética realista e naturalista baseada na “kodakização do real”, termo que creou o propio escritor para referirse á representación fotográfica do real e á vulgarización na sociedade industrial da cámara fotográfica¹⁴:

Com efeito, é desde muito cedo visível na escrita fialhiana a recusa de uma concepção estética fundada na representação mimética do real ou, como preferimos dizer ao longo deste trabalho, tendo em conta a amplitude semântico-ideológica do neologismo de Fialho, na kodakização do real: um neologismo que tem na linguagem fialhiana uma indelével conotação irónica e se torna sinónimo em termos artísticos, não apenas de representação “fotográfica” do real e de “industrialização” crescente, de reprodução mecânica, mas também de oposição à modernidade económica e tecnológica, de matriz burguesa, de que a máquina fotográfica se torna símbolo. (Mateus, 2011: 48)

Para Cristina Mateus, Fialho de Almeida non foi comprendido o suficiente, pois con el non termina o século XIX, senón que comeza o XX. Foi un adiantado para a súa época porque captou antes que ningún outro a mudanza que estaba por vir, mais isto tamén vai ser o que o converta nun verdadeiro marxinado. Para ela é un escritor autenticamente moderno que non renuncia a reivindicar en cada momento a súa liberdade de pensamento:

por crianças e por animais. O narrador opta então, muitas vezes, por assumir o ponto de vista da personagem principal, daí resultando curiosos efeitos de simpatia humana e de autenticidade.” (Bernardes, 2001: 293)

¹⁴ “Importará dizer neste momento que a leitura naturalista da obra fialhiana, dominante até há bem pouco tempo, obscureceu ou ignorou a coerência de uma obra que deliberadamente se afasta dos paradigmas ideológicos e estéticos do Realismo-Naturalismo e se constrói como uma crítica corrosiva do racionalismo positivista, burguês; e, ao mesmo tempo, notar que nesta ruptura se descobre afinal a sua vocação inaugural.” (Mateus, 2011:119)

O anti-academismo visceral que o leva a insurgir-se contra românticos, realistas, naturalistas, simbolistas e decadentistas, e de um modo geral contra todas as formas de “opressão” ou condicionamento do pensamento e da liberdade criadora do artista, se por um lado revela a defesa intransigente da independência do escritor moderno, por outro lado, terá dificultado ainda mais a recepção de uma obra multimoda e, até certo ponto, inclassificável. (Mateus, 2011: 117)

Non tiña límites á hora de expresar o que pensaba, e isto tróuxolle problemas en máis dunha ocasión. Aínda que ao principio *O crime do padre Amaro* lle causou unha forte impresión, son de sobra coñecidos os polémicos textos que lle dedicou a Eça de Queirós, que nesa época era considerado o grande escritor nacional. Para Fialho unha das maiores debilidades de Eça como novelista era “a tendêcia em sobrepor o animal humano ao homem interior, em reduzir a psicologia à fisiologia” (Mateus, 2011: 118). De feito, foi un dos primeiros en falar da ausencia de vida interior nos personaxes queirosianos, que na súa opinión “valem como caricaturas ou tipos sociais, mas não como almas” (Mateus, 2011: 119). Ademais, cría que a carreira diplomática, que o mantivera afastado do seu país durante moitos anos, tamén era un impedimento para retratar con rigor a vida portuguesa.

Direi em conclusão que Eça de Queiroz é um genio falhado pelo mau uso que de si próprio fez na traça d’escritor genio que se amesquinhou por indisciplina philosophica, predomínio d’instinctos mundanaes, falta de fé num ideal intenso e absorvente. // Dos três ou quatro grandes livros que nos deixa, nenhum promete na memoria dos homens, vida longa, que á uma é duvidoso o portuguez em que estão escriptos, e á outra hão de matal-os qualidades de diletantismo, ainda seductoras, e bem depressa fastidiosas, assim como a ironia iconoclasta, que em cincoenta annos passa, quando futuras gerações, mais cerebralmente definidas, començarem a rir d’outra maneira. Eça de Queiroz é um escriptor europeu, não um escriptor nacional. Na historia do portuguez escripto vem talvez a contar-se a prosa de Ramalho, a d’Eça nunca. (Almeida, 1924: 155-156)

Estas e outras palabras foron interpretadas un acto de envexa, mais para Cristina Mateus o resentimento de Fialho en relación a Eça de Queirós débese á súa maneira de comprender a literatura e á función que esta tiña que ter na sociedade. Fialho de Almeida quere confrontar a visión burguesa de Eça coa súa visión plebea, substituír a visión de quen olla desde fóra a realidade portuguesa, por unha visión experimentada

desa mesma realidade¹⁵.

A súa anarquía política tamén contribuíu a crear unha situación de marxinalidade. O feito de ser un acérrimo defensor da república nun primeiro momento e, unha vez que se implanta, simpatizar coa monarquía, non fixo máis que afianzar ese pensamento sobre a súa personalidade volúbel.

Ricardo Revez, no artigo “A evolución do pensamento político de Fialho de Almeida”, explica como o escritor acabaría por desilusionarse coa república cando esta triunfa. Ademais, o feito de mellorar a súa condición económica ao casar cunha propietaria da que herda os seus bens despois de dez meses de matrimonio tamén debeu influír na súa mudanza de postura perante a vida, e vaise tornar máis burgués e conservador. Iso non é todo, “para os republicanos, Fialho não se tinha apenas convertido á monarquia, tinha-se tornado franquista, o que duplicava a gravidade do sacrilégio” (Revez, 2011: 188). Na memoria cultural portuguesa quedou a imaxe dun republicano inconformista e combativo que, ao conseguir outra posición na sociedade, se pasou ao bando monárquico e franquista¹⁶.

En verdade, como o propio Fialho de Almeida explica, o afastamento da república nada tivo que ver coa forma de goberno en si, senón que foi debido ás lagoas culturais e á mentalidade retrógrada que aínda posuía a cidadanía portuguesa. Consideraba que a proclamación da república fora unha imprudencia porque “o povo português não estava educado para compreender e amar a liberdade” (Almeida, 1917: 18). Para Fialho era imposíbel transformar un país sen primeiro educar os seus habitantes, algo que os republicanos aínda non conseguiran entender en tantos anos de oposición á monarquía.

¹⁵ “Longe da “inveja” de que tantos o acusaram, o “ressentimento” de Fialho em relação a Eça deve-se antes, como procuraremos mostrar no segundo capítulo deste trabalho, a uma concepção ideológica da realidade portuguesa claramente divergente [como ele próprio, por vezes violentamente, demonstrou], mas também a uma concepção diferente da escrita, isto é, da Literatura e da sua função na sociedade. Fialho procura contrapor à visão burguesa de Eça a sua visão plebeia, substituir à visão de fora, estrangeirada e desnacionalizadora que Eça tem da realidade portuguesa [opinião que, anos mais tarde, Miguel Torga partilhará nas páginas do Diário], uma visão por dentro, experimentada, dessa mesma realidade.” (Mateus, 2008: 29-30)

¹⁶ João Franco foi un dos políticos dominantes na fase final da monarquía constitucional portuguesa (1906-1908). Incapaz de gobernar cos instrumentos do parlamentarismo, convence o rei para instaurar unha ditadura. Este feito contribuíu no descontento popular e non fixo máis que acelerar a chegada da república.

No fim de contas, o importante para Fialho era executar as reformas educativas, não interessava em que regime político fosse, desde que fosse constitucional. Se se criassem cidadãos, Portugal poderia progredir sem ser necessário mudar de uma monarquia para uma república. O problema não era um problema de regime, era um problema de falta de opinião pública esclarecida e de verdadeiras elites capazes de liderar o processo de regeneração nacional, que passava, também, pela formação dessa mesma opinião pública esclarecida. (Revez, 2011: 201)

Esta independencia de pensamento, derivado dunha complexa personalidade, serviulle para ser considerado un misántropo. O que está claro é que non deixaba indiferente a ningún. Foi un duro crítico da sociedade do seu tempo sen importarlle o máis mínimo o que pensaran del. Non medía as súas palabras, o que lle ocasionou problemas en máis dunha ocasión. Estaba moi desencantado co mundo que o rodeaba, por iso ás veces non tiña límites cando dicía o que pensaba. Criticaba todo e a todos, incluso os seus propios lectores: “o público é por toda a parte lama, lixo, escória desprezível” (Almeida, 1924: 224).

Esa parte máis temperamental de Fialho de Almeida é tamén a que o converte nun xenio indiscutíbel. O seu espírito rebelde é o que fai que non comungue cunha única corrente literaria e que queira explorar novos camiños. Ese Fialho máis moderno é o que foxe da tradición literaria e que o converte nun adiantado para o seu tempo.

Outro aspecto significativo da modernidade da súa escrita é a calidade lírica¹⁷. De feito, Guerra Junqueiro chegou a cualificalo de “poeta genial”¹⁸ cando só escribiu prosa, pois reconece en Fialho un poeta debido á intensidade dun forte estilo persoal. Esta característica vaille servir á crítica durante moitos anos para argumentar a súa incapacidade para elaborar unha novela¹⁹.

É precisamente ese lirismo o que vai estar presente nos apuntamentos dos seus cadernos

¹⁷ Vid. Coelho, Jacinto do Prado (1977), “Fialho e as correntes do seu tempo” in *A letra e o leitor*, 2ª ed., Moraes Editores, Lisboa, pp. 149-161 e Simões, João Gaspar (1987), *Perspectiva histórica da ficção portuguesa: das origens ao séc. XX*, Lisboa, Publicações Dom Quixote, pp. 571-576.

¹⁸ “Em Fialho de Almeida há um poeta genial e um noticiarista sacrílego. Sacrílego, porque gastou uma parte do seu génio, isto é, da sua imortalidade, a contar coisas fúteis e ruins, que viveram instantes ou que nasceram mortas. De metade de um bloco de mármore fez beleza. A outra metade estilhaçou-a e converteu-a em pó.” (Junqueiro, 1917: 134)

¹⁹ “Este constitui certamente um aspecto significativo da modernidade da escrita de Fialho que, de um modo geral, os críticos leram como uma prova da sua “impotência” narrativa, mais do que como uma marca de plasticidade do seu estilo.” (Mateus, 2008: 237-238)

de viaxe. Na última parte da súa vida, Fialho de Almeida visita diferentes lugares que van ser o foco de inspiración para os seus escritos. De todos eles, Galiza vai ser o que mellor coñeza e o que máis impresión lle causa. O crítico feroz da sociedade portuguesa parece mostrar a súa cara máis tenra. Déixase conmover pola sinxeleza dos pequenos elementos, sen lle importar os defectos que poidan ter. Dá renda solta á súa sensibilidade literaria conmovido pola beleza natural dun territorio que, a pesar de mostrar marcas dunha extrema pobreza, consegue amainar o seu espírito máis inconformista e combativo.

É o Fialho deslumbrado pelas viagens solitárias e anódinas ao Norte do País e à Galiza, leãozinho satisfeito por entre a multidão das feiras e das romarias, que ele, por uma vez, deixa descansada, sem se preocupar com o alarvismo dos rostros, a selvajaria dos costumes, a falta de higiene, a magreza dos alimentos, a insalubridade das habitações, o desmazelamento das crianças, a animalidade bruta da língua, que forma o seu desassossego de panfletário. De garras recolhidas, líbido mole e bigodes ralos, preguiçoso e contente, reformado de guerrilhas e cafés, licenciado de cóleras e bombas, Fialho passeia-se anónimo e comovido por entre aldeias obscuras de pedra e colmo, de papel e lápis na mão, esquisando esboços de igrejas rústicas e de portais de fancaria, anotando nervosamente impressões e paisagens, num consolo satisfeito e simples, de quem atira de vontade às ortigas a glória pública e a pedantaria da literatice. //Houve sempre, mesmo que despercebido, este Fialho lírico e manso, de flor atrás da orelha, bovino garrido nos campos da sua infância, que preferia o sacho do trabalho ao revólver da guerra, e o bordão deromeiro ao varapau do desordeiro. É esse o mais brando aspecto da sua misantropia. (Franco, 2002: 56-57)

2. A imaxe dos galegos e de Galiza en Portugal

Un libro esencial á hora de elaborar este capítulo é, sen dúbida, *A imagem da Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os galegos são nossos irmãos*, de Carlos Pazos Justo (2016). Parécenos importante coñecer, antes de introducirmos en materia, cales son as imaxes que os portugueses teñen sobre os galegos e Galiza, sobre todo aquelas que funcionan a finais do século XIX e principios do XX, que son as que Fialho de Almeida vai reproducir na súa obra.

En primeiro lugar, é preciso aclarar que as imaxes son ideas ou crenzas de grande influencia social que temos sobre nós mesmos ou sobre os outros e que condicionan de forma moi significativa as nosas relacións. Neste sentido, podemos definilas como discursos de natureza ficcional que, polo tanto, non se corresponden necesariamente coa realidade²⁰. O ser humano tende a clasificar, é unha maneira habitual de archivar información na memoria, e este proceso funciona tamén coas imaxes que creamos dos grupos sociais. Aínda así, non son elaboracións individuais, senón que pertencen á cultura dunha determinada comunidade ou país e están súa na parte menos visíbel. Presentan unha alta resistencia á mudanza ou desactivación e poden ter diversas orixes e funcións.

Tal e como nos explica Carlos Pazos, a imaxe portuguesa de Galiza é un produto histórico que está condicionado por diferentes factores vinculados ás relacións entre comunidades, entre as que destacan os movementos humanos como a migración ou o turismo. En Portugal hai dúas imaxes sobre os galegos e Galiza: unha negativa, que funciona até finais do século XIX, e outra que el denomina de *afinidade*, que convive coa negativa desde finais do século XIX até as primeiras décadas do XX.

A imaxe negativa está relacionada co fenómeno migratorio. Aínda que a presenza de galegos en Portugal se remonta á Reconquista, o fenómeno da migración galega entendido como tal comezou no século XVII, na época de dominación filipina. Con

²⁰ “Mas o que é uma imagem? Dentre as várias definições existentes, anoto a de Manfred Beller (2007), basicamente por ser simples a par que suficientemente ampla: uma imagem é como uma silhueta mental do outro que determina de alguma maneira a nossa opinião, assim como condiciona o nosso comportamento para com o(s) outro(s). Nesta direção, podemos entender as imagens como discursos ou, inclusive, como crenças, e sempre de natureza ficcional.” (Pazos, 2016: 18)

todo, vai ser cando termine a Guerra de Sucesión de España, en 1715, cando se inicie un fluxo migratorio sen precedentes cara a esta terra. Até aquel momento os destinos principais eran Castela e Andalucía, mais no país veciño van encontrar un trato mellor do que recibían nestes territorios²¹. Ademais, temos que pensar que as conquistas de ultramar van converter Portugal nun lugar con grandes recursos económicos disposto a ofrecerlle traballo a quen quixese aproveitar a oportunidade.

A fronteira entre Galiza e Portugal foi unha das máis antigas de Europa, pois Portugal naceu como unha secesión do Reino de Galiza. Como calquera fronteira, tiña a función de separar e dificultar o paso de persoas dun lado a outro, aínda así sempre houbo contactos entre as dúas marxes do río Miño. Xa na Idade Media existían relacións moi intensas baseadas en intereses económicos mutuos, sobre todo da nobreza galega que, nos seus conflitos con Castela, se aproximou á coroa portuguesa e incluso quixo integrarse no seu territorio²².

Cando a finais do século XVI a política española mandou interromper a exportación do viño do Ribeiro a toda Europa, os ingleses comezaron a negociar co viño do Porto. Este motivo levou a que moitos galegos se desprazasen a esa comarca para colaborar na vendima. No entanto, os galegos non só van procurar sustento para as súas familias no Douro, senón tamén nos campos do Alentejo, onde eran os encargados de preparar a terra, sementala e máis tarde apañar a colleita. Alí tamén se dirixían portugueses doutros territorios onde as condicións non eran tan propicias²³.

Aínda que moitos galegos van emigrar ás zonas rurais para traballar as terras, a maior

²¹ Lembremos o poema de Rosalía de Castro: “Castellanos de Castilla, // tratade ben os galegos. // Cando van, van coma rosas; // cando vên, vên coma negros.”

²² “A relación da Galiza com as terras situadas ao sul do Minho vem de longe, pois já na Idade Média existiam contactos muito intensos entre ambas as margens do rio baseados em interesses económicos recíprocos, que explicam a propensão dos galegos, polo menos da sua burguesia e parte da sua nobreza, para se aproximar da Coroa portuguesa durante os conflitos que a opuseram a Castela durante a segunda metade do século XIV, e a não desdenhar a possibilidade de integrar o seu território no da monarquia lusa.” (González, 2006: 241)

²³ “Para lá das movimentações de galegos que podemos remontar à Reconquista, os movimentos migratórios de trabalho detectam-se em Portugal, de uma forma regular, desde os séculos XVII e XVIII, quando surgiram oportunidades sazonais ao ritmo cíclico de produções agrícolas para mercados relativamente vastos (trigo do Alentejo, vinho do Douro). A estas fainas agrícolas (preparação de terra e sementeiras e depois as colheitas respectivas), acorriam não só galegos como populações portuguesas do Minho, Trás-os-Montes e Beiras, ou seja, de localidades onde a terra era escassa e a mão-de-obra excedentária, procurando-se rentabilizar essa mão-de-obra em paragens mais afastadas e assim obter o numerário que, no Norte do minifúndio e de pesada exacção fiscal, escasseava.” (Alves, 2002: 117-118)

parte terá como punto de destino os núcleos urbanos, en especial a capital. A falta de man de obra facía de Lisboa un punto de chegada para moitas persoas que escapaban das condicións desfavorábeis dos campos para ofrecer os seus servizos onde for preciso.

A pesar de que en Galiza, no século XVIII, xa se empezaban a manifestar pequenos brotes comerciais, aínda permanecían numerosas trabas para o seu desenvolvemento. As estruturas socioeconómicas naquela parte da península caracterizábanse por unha gran debilidade dos centros urbanos e unha economía agrícola de subsistencia que, para alén de ser deficitaria, estaba sometida a un proceso de descapitalización debido aos impostos e ás rendas. Estes elementos da sociedade medieval tradicional e unha alta densidade demográfica foron as causas destas migracións no noroeste peninsular.

A chegada masiva de galegos produciuse, primeiro, para abastecer de auga a cidade e, despois, para reconstruíla tras o gran terremoto de 1755. Os canteiros e albaneis pontevedreses foron os encargados de levantar o Aqueduto das Águas Livres (1731). Segundo datos estimados, calcúlase que, ao finalizar o século XVIII, en Portugal vivían máis de 80.000 galegos e a metade traballaba en Lisboa.

Esta numerosa migración de homes galegos, pois a presenza feminina era moi escasa, deixou pegadas que aínda hoxe están presentes na capital. Ser galego en Lisboa era algo máis que unha identidade nacional e unha referencia xeográfica, era unha identificación cuns valores e cun estilo de vida: home do norte, traballador, aforrador e que sempre pensaba no retorno. De feito, esta representación non se limitaba aos orixinarios de Galiza, senón que tamén se estendía aos da outra beira do río Miño, de nacionalidade portuguesa²⁴.

A principios do século XIX os galegos volvéronse tan indispensábeis na área dos servizos que cando quixeron expulsalos, durante o último enfrontamento bélico entre

²⁴ “As referências a galegos surgen un pouco por todo o lado, mas de forma discreta, dada a identidade verificada e que, só por si, constitui um interessante ponto de análise, qual seja, o de o galego constituir um tipo social em Portugal que ultrapassa uma identidade regional para se plasmar num estilo de vida – os galegos são homens do Norte, trabalhadores e dedicados à poupança, que raramente se radicam em definitivo nos lugares do sul e que mostram sempre ansiedade pelo regresso. Daí que, para a voz pública, os galegos de Lisboa não sejam só os originários da Galiza, mas também os da outra margem do Minho, de nacionalidade portuguesa, de acordo com representações colectivas muito disseminadas.” (Alves, 2002: 119)

España e Portugal, en 1801, o Intendente Geral de Policía desaconsellaba a medida e xustificaba a súa postura argumentando que “se se mandasem embora, non habería quen servise a cidade de Lisboa e Porto”.

Desenvolvían calquera tipo de traballo, mais se hai un oficio que se asocia cos galegos de Lisboa, ese é o de *aguadeiro*. Era unha das figuras máis típicas da cidade e así aparece reflectido en moitas obras literarias do século XVIII e XIX.

Desde muito cedo o oficio de aguadeiro foi monopolizado por eles, dando origem a uma figura típica e tópica do mundo lisboeta, à qual com frequência se faz alusão nos desenhos satíricos e nas cenas de costumes da literatura de cordel do século XVIII ou do realismo do século XIX. Deste modo fixou-se o estereotipo do individuo rústico, ignorante, bruto, com uma forma de falar que provoca o riso, avarento e disposto a todo desde que para tal ganhasse um *pinto*. (González, 2006: 253)

Os *aguadeiros* galegos percorrían a cidade vendendo a auga en barrís e, unha vez que a prioridade do abastecemento estaba cuberta, eran obrigados a participar na extinción dos incendios.

Os aguadeiros representaram, na penúria de água e no esforço de a colher e distribuir, uma função importante. A citada postura de 1604 alude aos vendilhões de água, cuja exploração procura reprimir. Nos tempos mais calmos forma úteis servidores da economia doméstica dos habitantes de Lisboa. (Chaves *apud* Vaz, 2008: 214)

Trabalhadores incansáveis transportavam grandes quantidades de água. A população temia ficar sem água durante os meses de canícula. Calcorreavam as ruas com o seu pregão *Áuuu*. (Mendes *apud* Vaz, 2008: 220)

Outra profesión que caracterizaba os galegos da capital era a de *moços de fretes* ou *moços de esquina*, como tamén eran coñecidos. Estes homes encargábanse de transportar os móbeis e outros obxectos cando os lisboetas se mudaban de casa. Tamén se dedicaban aos recados, levaban os doentes ao hospital e entregaban as cartas confidenciais.

Os galegos eran parte integrante da paisaxe humana en Portugal, principalmente na capital, e así se manifesta en moitos gravados e estampas que se conservan no Museo de Lisboa. Aparecen en todas as coleccións, tanto nacionais como estranxeiras, o que

mostra o profundo vínculo que mantiñan coa cidade. Existen imaxes de *aguadeiros*, *mozos de fretes* ou galegos conducindo doentes para o hospital que permanecen para sempre na historia da capital “pelo valimento das suas actividades físicas e ofícios, pelo tipicismo das suas indumentárias, pelos seus hábitos e cultura” (Consiglieri *apud* Pinheiro, 1994: 9).

Por todo isto, a visión que os portugueses teñen dos galegos de fins do século XIX e primeiras décadas do século XX vai ser, aínda que con algunhas excepcións, fundamentalmente negativa. Carlos Pazos Justo, no artigo “A imaxe de Galiza e dos galegos em Portugal entre fins do século XIX e primeiras décadas do XX: do imagotipo *negativo* ao imagotipo de *afinidade*”, explica como foi fixada esta forma de ver os galegos:

A posición/função social determinada pela sua condição de imigrantes e de trabalhadores não qualificados vai ser fundamental na origem do que denominamos imagotipo *negativo* em elaboração já desde o século XVIII. Este nutre-se repertorialmente, entre outros, dos seguintes elementos: grosseiros e brutos, ignorantes e avarentos, trabalhadores não qualificados, em ocasiões alcoólicos, ingénuos mas desconfiados, utentes de uma variedade linguística própria e de uma vestimenta peculiar, sem vínculos aparentes com Portugal; podem aparecer designados como *gallegos*, *tuyanos* ou *vigoenses*. Como se vê, o imagotipo é constituído por um conjunto amplo de elementos, pois tem como referente um grupo social muito presente na sociedade portuguesa; lembre-se a este respeito, que muitos afazeres dos galegos tinham lugar na praça pública (Pazos, 2011: 42).

Esta imaxe negativa dos galegos quedou patente en numerosos produtos culturais. Son varias as obras en que aparece esta visión, que ten como función provocar o riso fácil. O galego, reproducido de forma caricaturesca, foi a figura central de moitas revistas teatrais e episodios de literatura.

Mas não só as referências iconográficas são numerosas, as bibliográficas são incontáveis desde o século XVII ao XIX, «constituindo um grupo inconfundível, com o seu calção de folhos, jaqueta apertada, boné de pele, corda e chinguiço ao ombro, encostado ás esquinas ou, em grupo, no Rossio ou no Terreiro do Paço, esperando a freguesia» - à espera de um recado ou de serem portadores de uma carta de amor... (Consiglieri *apud* Pinheiro, 1994:10)

Temos un exemplo desta función humorística en *Os galegos e outras histórias* de

Rafael Bordalo Pinheiro. O famoso caricaturista tamén se inspirou nos galegos da Lisboa do século XIX para crear uns personaxes prototípicos caracterizados pola súa inxenuidade e cunha peculiar forma de falar²⁵.

Obras como *O galego e o diabo* de Almeida e Garret, *O galego, ditos e feitos de Lázaro Tomé* de Alexandre Herculano ou *Coisas espantosas* de Camilo Castelo Branco tamén alimentan esta imaxe negativa nos seus textos:

Em textos de autores lusos reconhecidos como n' *O Galego e o Diabo* texto de Almeida Garret de 1824 ou no famoso *O Galego. Vida, Ditos e Feitos de Lázaro Tomé* de Alexandre Herculano, o imagotipo negativo é e elemento central e carregado de uma evidente funcionalidade jocosa. // No romance *Coisas Espantosas* de Camilo Castelo Branco, de 1862, destaca, curiosamente, um galego singular (Rodríguez e Torres 1994). A personagem, estando inspirada igualmente nos numerosos galegos que pululavam pela Lisboa do século XIX, merece afirmações como a seguinte: “Eu pinto, pela primeira vez na minha vida, gallegos credores de imortalidade”. Com efeito, o Gregorio de Redondella da pena de Castelo Branco, para além do seu barril de água e torpezas várias, é uma personagem de elevada honestidade e lealdade, até o ponto de o narrador concluir “o santo homem Gregorio – a quem eu já não posso chamar gallego.” A bonomia do Gregorio de Redondella, *rara avis*, não contradiz, sem embargo, a nítida carga pejorativa da designação *gallego*. (Pazos, 2016: 42-43)

Do mesmo modo, esta imaxe tamén está presente na pintura e na fotografía da época ou, incluso, no primitivo cinema portugués. “O moço de frete (o galego dos recados) perduram em *A Canção de Lisboa* (1932-33) na cena da mudança, em *A Vizinha do Lado*; e em *O Pai Tirano* (1941)” (Consigliari *apud* Pinheiro, 1994: 22).

A fraseoloxía é outra boa mostra desa representación. Os lisboetas aínda non borraron do seu vocabulario as expresións que menosprezan os galegos, como nos explican Wiktorja Grygierzee e Xesús Ferro Ruibal no artigo “Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués”:

O galego na fraseoloxía portuguesa ten unha parte positiva (traballador e fiel) pero ten tamén as características negativas que

²⁵ “Menos singulares e mais prototípicas são as personagens do pai do Zê Povinho – hoje um símbolo reconhecidamente português – e afamado caricaturista, Rafael Bordalo Pinheiro, que também se inspirou nos galegos da Lisboa do século XIX. Como Castelo Branco no *Coisas Espantosas*, Bordalo Pinheiro atribui aos galegos um falar próprio na sua escrita, marcada pela abundância de popularismos, a ausência de v – a representar uma pronúncia marcadamente nortenha- ou o uso indiscriminado do x.” (Pazos, 2016: 43)

en todas partes se atribúen ós inmigrantes: groseiro, bruto, ineducado, covarde, pouca cousa, cargado de fillos e de problemas. Por veces atribúenselle as características dos animais de carga: os galegos fan esforzos importantes e útiles pero a importancia está na forza e non na intelixencia, no músculo e non no cerebro. // O galego ofrece a imaxe do inmigrante útil e fiable pero que simboliza ó mesmo tempo todas as contrariedades da vida. Unha figura que globalmente non é apetecible. (Grygierzec & Ferro, 2009: 103)

Traballar como um galego significa traballar moito, duramente, que era o que facían os galegos que ían traballar a Portugal. Esta é unha das expresións sobre os galegos máis coñecidas en Portugal.

Debaixo de galego, só um burro. Este refrán manifesta que a humildade do traballador galego chega a ser case indigna pois está só un pouco por riba do burro, que é un animal asociado ao traballo máis duro. A situación de miseria que se vivía en Galiza converte o migrante galego nunha persoa capaz de todo con tal de saír adiante.

Cinquenta galegos não fazem um homem ou Duzentos falegos não fazem um homem están asociados á covardía dos galegos. Con todo, Grygierzee e Ferro apuntan que non parece algo verosímil que a submisión laboral deba entenderse como covardía. O obxectivo de calquera migrante do mundo é sobrevivir, por iso, ás veces, pode soportar humillacións, mais iso non significa que sexa covarde.

Pariu a galega! Refírese a cando hai moita xente xunta ou á abundancia de fillos que, aínda que con matices, está relacionada co baixo nivel económico.

Ver-se galego significa estar confuso ou atrapallado, verse en dificultades e non saber como saír delas. Tamén pode facer referencia ás dificultades económicas ou a non saber como expresarse na lingua estándar, pois os portugueses sempre gozaron dunha linguaxe máis barroca.

Tratar a alguém como um galego é tratalo mal. Normalmente esta locución refírese a cando un xefe lles esixe de máis aos seus empregados ou non lles dá un trato apropiado.

Mención á parte, mais tamén relacionada cos galegos de Lisboa, merece a capela de

Santo Amaro, coñecida como capela dos galegos. Todos os anos, a mediados de xaneiro, unha auténtica multitude asistía a esta romaría para festexar o seu patrón. Contan as crónicas da época que ao redor da capela era un non parar de xotas e muiñeiras tocadas ao son da gaita galega. Esta festa foi perdendo folgo e deixou de celebrarse.

Este adro, esta ladeira, este eirado, as escadinhas com o seu pitoresco natural, eram lugar concorrido e festeiro em dia de Santo Amaro, prolongando-se a romaria de 15 de janeiro a 2 de fevereiro; o templo regurgitava de fiéis e as cercanias enchiam-se de foliões. Era a romaria “dos pinhões” – grandes molhadas deles em enfiadas fazendo colares – a festa dos galegos, muito devotos de Santo Amaro, com as suas gaitas de foles, pandeiros, zarucas, com uma alegria que extravasava de Alcântara ao cabo da Junqueira. (Araújo *apud* Vaz, 2008: 159)

Case toda a poboación do Estado español en Portugal era galega e practicamente non había mulleres. Tratábase dunha migración que se iniciaba na adolescencia e que concluía cando a falta de vigor físico obrigaba ao retorno²⁶. Os galegos foron a comunidade foránea máis numerosa na capital lusa durante varios séculos, mais no último terzo do século XIX vai experimentar unha importante diminución debido ao éxodo masivo cara a América.

Ora ben, a pesar de que nos últimos anos está suscitando o interese dalgúns estudosos, a tradición migratoria a Portugal aínda é algo descoñecido para a maioría da poboación galega. A gran relevancia en termos históricos e culturais quedou eclipsada polos destinos de ultramar. É posíbel que o intenso labor cultural que realizaron os galeguistas no exilio americano, sobre todo en Arxentina onde estaba Castelao que era o líder indiscutíbel, fíxese que os outros lugares permanecesen ocultos.

Non se sabe con certeza cal é a orixe desta imaxe negativa. Quizais a visibilidade dos traballos que desenvolvían teña parte de culpa. Os galegos formaban parte da paisaxe humana lisboeta, pois estaban sempre na rúa e realizaban as profesións menos prestixiosas. Ademais, o feito de considerar o galego un aliado da monarquía hispánica,

²⁶ “Podemos sinalar algunhas características desta emigración: a práctica totalidade da poboación española en Portugal era galega; a presenza feminina neste continxente migratorio é inapreciable; trátase dunha emigración que se inicia a curta idade e conclúe cando a falta de vigor físico obriga ao repouso permanente no lugar de orixe; o tramo de idade mais frecuente se sitúa entre os 15 e os 34 anos; cunha elevada proporción de solteiros (máis do 60%).” (Leira, 2007: 37)

que era a acérrima inimiga de Portugal, tamén puido influír na fixación de certas connotacións pexorativas²⁷.

Outra hipótese é que veña de Castela. Durante o século XVI os autores do Século de Ouro español introduciron a figura do galego nas súas obras dramáticas coa aparente intención de facer rir. A crise económica da época, a migración galega cara á corte e a condición humilde dos galegos, que pertencían ao estrato social máis baixo e realizaban as tarefas máis pesadas, repercutiron na aparición desta imaxe que logo puido ser transferida a Portugal a través da literatura:

El antigalleguismo es nota recurrente en la literatura española áurea. Muy probablemente, también podríamos hablar de textos de carácter anticastellano, antiportugués, antivizcaíno o antiandaluz, acaso, ciudadanos de otras regiones españolas participen asimismo de un descrédito semejante. A pesar de ello, la reiterada animosidad con que se describen los rasgos y comportamientos de los gallegos (sucios, interesados, descuidados en sus costumbres y su religiosidad, amantes del vino...) quizás pueda explicarse, en una sociedad tan cerrada como la de este período, por su pertenencia a los estratos sociales más bajos y por el desempeño de las labores domésticas más pesadas. (Teijeiro; 1996: 246)

Se afondamos un pouco na obra destes escritores, vemos como a insistencia na sucidade dos galegos, tan recorrente en Cervantes ou Calderón de la Barca, está relacionada co tópico da impureza do sangue. No artigo “Literatura de menosprezo e vilipendio contra os galegos”, Xosé Ramón Barreiro explica que cando os Reis Católicos puxeron as bases do novo Estado, crearon por primeira vez unha corte que asumiu o rol de procurar a asimilación de todas as culturas nunha soa. Para iso contaron, ademais de con todo o poder da monarquía, con varias xeracións dos extraordinarios escritores do Século de Ouro, que potenciaron e prestixiaron o idioma do imperio, que era o castelán. Na medida en que os distintos pobos se resistían a ese proceso de asimilación eran obxecto de menosprezo.

Non obstante, para o historiador, o asañamento con Galiza ten, ademais, outras causas. A aristocracia galega, que se traslada neste momento á corte, quere aproximarse aos

²⁷ “A vinculação do Reino da Galiza à Monarquia Hispânica pode, muito provavelmente, ter condicionado esta representação dos galegos. Deste modo, à condição de humildes aguadeiros ou moços de fretes, acrescentariam no seu curriculum vitae a suspeita de pertencerem ao bando do secular inimigo, aos castelhanos.” (Pazos, 2016: 50)

sucesivos monarcas. Para abrirse camiño nesta selva de intereses, preséntase como a máis limpa e antiga porque non foi afectada pola invasión árabe. Neste momento a coroa estaba moi preocupada pola pureza do sangue e este argumento podía ser definitivo. Esa posición de privilexio foi atacada por outros sectores da corte mediante unha campaña de descrédito na que apareceron nomes tan ilustres como Lope de Vega²⁸, Cervantes²⁹, Góngora³⁰ ou Quevedo³¹, que evidentemente ten unhas motivacións políticas nos seus inicios, mais que non deixa de ser unha loita de intereses. Pilar Vázquez Cuesta³² pensa que é posíbel que esta imaxe puidese ser exportada a Portugal durante o dominio filipino, época en que a lingua e a cultura castelás estaban de moda na corte e eran frecuentes as representacións de pezas teatrais destes autores. Aínda así, é preciso puntualizar que esta visión negativa aparece só nos galegos que andan por Lisboa, nada ten que ver coa Galiza como terra.

Moitas veces cremos que os pobos veciños son os que mellor nos coñecen, mais esa proximidade fai con que, en realidade, sexan os que máis prexuízos e imaxes tópicos concentren. Agora ben, a representación social do galego que acabamos de ver ten as mesmas connotacións negativas dunha persoa migrante en calquera lugar do mundo. Resulta curioso comprobar como aínda hoxe en día o dicionario *Priberam* recolle varias acepcións que teñen esa carga despectiva:

ga·le·go |ê| **ga·le·go** |ê|
(latim *gallaecus*, -a, -um)
adjectivo

1. Relativo ou pertencente à Galiza.
2. [Linguística] Relativo ao galego enquanto sistema linguístico.
3. Diz-se de certas variedades de frutos e legumes (ex.: *couve galega*, *limão galego*).
substantivo masculino
4. Natural ou habitante da Galiza.
5. [Linguística] Língua românica ou variedade do português falada na Galiza.
6. [Informal, Depreciativo] Moço de fretes.
7. [Informal, Depreciativo] Indivíduo que faz trabalho pesado e intenso.
8. [Informal, Depreciativo] Homem grosseiro, malcriado ou rude.
9. [Brasil, Depreciativo] Português de baixa instrução.

²⁸ “Si a las lenguas la ciencia no acompaña, lo mismo es saber griego que gallego”.

²⁹ “Los gallegos no se colocan en predicamento, porque no son nadie”.

³⁰ “Antes puto que gallego”.

³¹ “Un ama, //Galleguísima taberna, //Que suspirando cuartillos, //Si a mamar el niño llega, // Le da aguardiente por leche // Y un alambique por teta.”

³² Vid. Vázquez Cuesta, Pilar (1988), *A lingua e a cultura portuguesas no tempo dos Filipes*, Lisboa, Publicaçõess Europa-América.

10. [Brasil, Informal] Pessoa loura.

parir a galega

• [Informal] Expressão empregada para significar espanto, admiração.

(www.priberam.pt)

No último terzo do século XIX e primeiras décadas do XX vai aparecer unha nova imaxe sobre os galegos e Galiza que Carlos Pazos (2016) denomina *de afinidade*. Unha das primeiras evidencias desta representación é o texto de Alexandre Herculano *O Galego. Vida, Ditos e feitos de Lázaro Tomé*, publicado no xornal lisboeta *A Ilustração. Jornal Universal*, entre 1845 e 1846, e inserido na serie “Typos portuguezes”. Aínda que, como xa comentamos, a imaxe que se proxecta é fundamentalmente negativa e ten unha clara función humorística, o autor proporciónanos unha serie de consideracións interesantes sobre o concepto de galego baseadas en tres sentidos distintos: galego-mito, galego-historia e galego-actualidade³³.

María Josefa Postigo no artigo “Acerca de *O galego. Vida, ditos e feitos de Lázaro Tomé* de Alexandre Herculano” explícanos o significado destas tres acepcións. O galego-mito equivale a galego-símbolo pois, no imaxinario dos mouros, Galiza representa un perigo que escurece a súa gloria pasada. Galiza, na mitoloxía dos recordos mouriscos de España, é un lugar semellante ao ceo dos viquingos (Wahlalla) e dos gregos (Olimpo) e o galego unha especie de deus ou fillo de deus:

Se refiere a las leyendas moriscas, sobre la guerra de Al-Andalus o España, narradas por contadores de historias bereberes del Atlas, que acaban con una maldición – “Maldita seas tu, Djalikia” –; en ellas Galicia, - Djalikia – era el terror “dos filhos do Corão” (p. 183) porque sus guerreros no eran hombres sino demonios; firmes como el cedro amenazado de huracán y que al grito de Santiago (“Santiak) se precipitaban sobre las tribus del Magreb. (Postigo, 2007: 640)

En relación coa historia presenta a concepción de galego-ovo, galego como embrión e orixe do portugués:

Nos interesa subrayar una digresión recriminatoria donde Herculano reprende a los portugueses la falta de piedad filial que

³³ “O autor, a pesar de veicular na ficção a imaxe pejorativa dos galegos já descrita, com função (etno-) humorística, é consciente da possibilidade de uma outra visão da Galiza e dos galegos.” (Pazos, 2016: 55)

les lleva a mirar con superioridad, desprecio y olvido, su origen; ninguna criatura de los reinos y señoríos portugueses “pode volver os olhos para o extremo horizonte do noso pasado, que não enxergue, ao cabo lá, a Galiza” (p. 184). Por eso, dice, la palabra “Galego”, como fórmula histórica que representa un gran hecho social, se reviste de importancia y majestad y se convierte en palabra productiva, creativa, fértil. (Postigo, 2007: 641)

E na terceira acepción, galego-actualidade, refírese a galego como fenómeno social e está vinculada a esta imaxe negativa dos migrantes galegos que acabamos de analizar:

Desde el punto de vista funcional, el retrato herculaniano del tipo *galego* ayuda a fijar las características de este importante componente del espacio social lisboeta. Al gallego de los tiempos modernos de Lisboa, contemporáneo a nuestro escritor, se le describe como trabajador: “ente admirável sobre cujos ombros descansa quase todo o peso da república” (p. 190); pobre “dorme na pocilga” (p. 190) y se le reconoce por la indumentaria y por la profesión: galego dos fretes, da água, dos recados. (Postigo, 2007: 642)

Por outro lado, mais non menos interesantes, son as ideas que Herculano vai tratar na *História de Portugal* (1846), que ademais serán o eixe vertebrador da súa produción histórica. Cre que é moi difícil determinar se os lusitanos son ou non a raíz antropolóxica e política do pobo portugués, pois pensa que “Portugal é uma nação moderna, não necessitando de procurar filiar as suas origens num caldo nubloso e confuso, onde todas a conjeturas são possíveis.” En cambio, fala dos vínculos con Galiza, que considera nai de Portugal, da que herda a poboación e a lingua. “Daí que Alexandre Herculano veja com enorme simpatia o espaço galego, onde considera mais proveitoso procurar as origens portuguesas mais próximas, em desfavor das origens remotas, que por isso mesmo lhe parecem demasiado obscuras” (Araújo, 2004: 72). Alén diso, a admiración que sente por Galiza tamén se pode comprobar nunha carta que lle escribe ao historiador galego Benito Vicetto:

É Galiza um país altamente simpático a Portugal. A Galiza está ao meu modo de ver na mais íntima conexão de raça, de tradições, de costumes e até de configuração do chão e em produções com Portugal (sobretudo com as nossas províncias do Norte), que com Castela. Galiza deu-nos população e língua. Entre o Minho e o Mondego talvez não haja uma antiga aldeia cujo nome não seja a reprodução do nome duma povoação galaica, um apelido de família nobre que não traga a sua remota origem dessa região. Cantigas galegas passam ainda hoje por obras de antiquíssimos trovadores portugueses, o que, sem embargo não é impossível. O português não é senão o dialecto do galego, civilizado e aperfeiçoado. (Herculano *apud* Araújo, 2004: 73)

Esta nova forma de ver os galegos que presenta Alexandre Herculano está relacionada co discurso que anos máis tarde van ter Teófilo Braga, Leite Vasconcelos ou Oliveira Martins, e en consonancia co pensamento galeguista da época. Estes autores van introducir na súa produción Galiza como un espazo posuidor dunhas características propias, poñendo en valor unha serie de elementos que a vinculan con Portugal. Esta imaxe é unha forma de reaccionar contra a visión negativa descrita anteriormente³⁴.

Cando Portugal se torna independente no século XII, a lingua que se fala dun e doutro lado do río Miño continua a ser a mesma. Era un vehículo de intensa actividade cultural en toda a península, mais non vai tardar en ter situacións ben distintas. En Portugal, coa colonización de novos territorios, vaise converter en lingua internacional, mentres que en Galiza, que perde peso político, vai ser unha lingua sometida. A entrada nas capas máis altas da sociedade de persoas foráneas afíns á coroa provoca que se introduza o castelán nos ámbitos da escrita e nos usos formais. Durante os séculos XVI, XVII e XVIII o galego vai estar nunha situación de total marxinação que o leva a desaparecer da vida pública e da literatura e quedar relegado ao ámbito oral e familiar. O profesor Manuel Ferreiro denominou este período como Séculos Escuros³⁵, aínda que esta etiqueta está empezando a ser cuestionada pola imaxe simplificadora que proxecta.

Non vai ser até o século XIX, co chamado Rexurdimento, cando Galiza empece a ollar para si mesma e verse como un territorio diferente ao resto do Estado español, cunha lingua e cultura propias. Con todo, temos que pensar que aínda se ignoraba a existencia da tradición medieval, que vai ser a que forneza os argumentos definitivos para tal reivindicación. Nesta época empeza a xermolar un sentimento lusista entre os galegos que tería adquirido consistencia en parte grazas ao coñecemento da lírica de Luís de Camões e da súa orixe galega. De feito, cando emerxe o rexionalismo galeguista³⁶ tamén se vai servir do pasado celta ou do vínculo con Portugal, co que comparte lingua e cultura, para reclamar a súa identidade. O que pretendía era mostrar os dereitos e

³⁴ “Nesta altura, em estreito diálogo com o impulso planificador dos galeguistas da altura, Teófilo Braga, nomeadamente, Leite de Vasconcelos, Oliveira Martins ou o próprio Alexandre Herculano, já mencionado, vão introduzir nos seus discursos mais eruditos a Galiza como espaço geo-humano individualizado, a respeito do espanhol/castelhano.” (Pazos, 2016: 52)

³⁵ Vid. Ferreiro, Manuel (1988), "Unha ruptura na literatura galega: os Séculos Escuros" en *A nosa literatura. Unha interpretación para hoxe*, A Coruña, AS-PG, pp. 45-66.

³⁶ O rexionalismo é a denominación que recibe a fase intermedia do galeguismo (desde o último terzo do século XIX até 1916) que se sitúa entre o provincialismo e o nacionalismo. É un movemento cultural e político de recuperación da identidade propia e partidario da autonomía de Galiza.

lexitimidades do pobo galego amparado na súa irmandade cun estado independente, posuidor dunha recoñecida literatura e dono dun grande imperio³⁷.

Esta toma de conciencia da cultura común está ben presente nos principais intelectuais do galeguismo do século XIX. Para Rodrigues Lapa, “Eduardo Pondal e o historiador Manuel Murguía foram os primeiros a compreender o drama galego, originado pela segregação de duas Galizas, a de além e a de aquém Minho. E acreditaram que essas duas terras irmãs poderiam um dia voltar a unir os seus destinos.” (Rodrigues, 1977: 33). Posibelmente sexan dúas das personalidades que máis influencia tiveron no desenvolvemento do galeguismo lusista e que mostraron unha maior admiración pola cultura portuguesa.

Manuel Murguía inspirouse na *História de Portugal* (1846) de Alexandre Herculano, que comentamos antes, para escribir a súa *Historia de Galicia* (1861). A súa actividade de historiador aparece fortemente ligada ao obxectivo de fundamentar a idea de Galiza como nación e en *Los precursores* asúmese como galeguista-lusista. O momento clave do posicionamento a favor da lusofonía vai ser nos Xogos Florais de Tui, no ano 1891, cando lle agradece ao pobo portugués o feito de ter preservado e expandido polo mundo o idioma común:

Vede, polo mesmo, meus señores, si podemos decir con verdade, que nunca, nunca, nunca, pagaremos ós nosos irmáns de Portugal o que nos haxan conservado estes e outros recordos, e sobre todo que fixeran do noso gallego, un idioma nacional. Máis afertunado que o provenzal, encerrado na súa comarca propia, non morrerá. No outro lado do océano onde algúns comprácense, ó torto, ó meu entender, en por a cuna das nacións do porvir, oírásese sempre a lengoa que falamos, que vamos esquencendo e que de novo tenderá a vida que merez, si é que temos conciencia dos deberes que por propia vontade nos impuxemos. Na Asia, na África, na mesma Oceanía falaráse ó lado das que coñece o mundo europeo e dominador. Deus que nos castigóu tanto, déunos esta gloria. (Murguía, 1996: 165)

³⁷ “Surgindo o regionalismo galeguista (assim denominado até 1916) em época de reivindicação orgânico-historicista, interessava-lhe perentoriamente poder justificar-se na tradição. Nesse sentido, a procura de legitimação e, ao mesmo tempo, de diferenciação é orientada em várias direcções, entre as quais a céltica, a nórdica em geral, fazendo do povo galgo um povo originário do Norte da Europa, raramente distinto do espanhol/castelhano e, conseqüentemente, cultural e etnicamente diverso daquele. Outra direcção com contraditória com esta de que se vai nutrir o repertório galeguista é o do seu vínculo com Portugal; de serem pelo menos no território da antiga Gallaecia, o mesmo povo; de partilharem, Galiza e Portugal, a mesma língua e cultura. E, portanto, mostrar os direitos e legitimidades do povo galego amparados na sua irmandade com um Estado independente, titular dumha literatura reconhecida, dono dum vasto império no passado e ainda ao tempo.” (Torres, 2009: 377)

Outro intelectual que vai defender a lusofonía vai ser o autor do himno galego, Eduardo Pondal. Nos *Queixumes do pinos* deixa ver unha enorme paixón polos *lusos* e pola *Lusitania*, símbolos do pobo portugués co que comparte raza e lingua. Na obra pondaliana encontramos o desexo dunha confederación peninsular “onde os “filhos de Breogão”, com a ajuda dos “filhos dos Lusos”, trariam uma nova luz para uma Ibéria decrépita e ultrapassada” (Araújo, 2004: 67). Pondal quere que Galiza e Portugal volvan a estar unidas como nas súas orixes, mais dentro dun contexto político peninsular:

Sí, dos fillos do Luso,
que apartados están,
por real estulticia,
da groriosa nai,
o pastor bo e forte,
algún día serás
que a tribu vagorosa
ao deixado clan,
o descarriado gando
que agora errado está,
ao redil antigo
gloriosa volverás

(Pondal, 2002: 233)

Por desgraza, a resposta emocional non é recíproca, pois aínda hai pouca información en Portugal sobre a produción cultural en Galiza. Ademais, a maioría dos intelectuais portugueses do século XIX, a pesar de que había algúns defendían un pensamento ibérico, estaban máis preocupados pola vida interna portuguesa que polo que ocorría fóra das súas fronteiras. Por outro lado, as comunicacións entre os dous países eran precarias, se as comparamos coas do resto do Estado, e ademais “quando o galeguismo inicia a sua actividade e quer usar a língua da Galiza publicamente, oralmente e por escrito, encontra-se com a extraordinária castelhanização e falta dos chamados registros cultos que os séculos de imposição cultural deixaram nos seus utentes” (Torres, 2009: 376), polo que sería moi difícil recoñecer unha sólida comunidade lingüística con Portugal, coa que, por enriba, non había unhas relacións fluídas. Así mesmo, a idea de que o galego era un dialecto do castelán sen historia e inútil tamén

estaba estancado no pensamento da sociedade³⁸.

Por iso, cando a finais do século XIX se coñece a existencia da tradición medieval vai ser dunha grande importancia para o prestixio da lingua pois, ademais de ser a proba definitiva de que o galego era válido para a literatura, era a mostra máis evidente de que pertencía ao mesmo sistema lingüístico do portugués. “É por causa dessa poderosa consecuencia que abrimos espaço para uma primeira imagem de Portugal como guardador da memória das remotas letras, sentidas afins e finalmente próprias a norte do Minho, na tomada de consciéncia identitária galega em confronto com a tradição espanhola/castelhana” (Quiroga, 2016: 60).

As referencias de afinidades históricas, lingüísticas ou etnolóxicas con Portugal teñen un lugar moi importante no discurso nacionalista do século XIX porque serviron para artellar propostas de diferenciación fronte a Castela³⁹. Para dar sustento a estes argumentos, o rexionalismo galeguista vai contar co apoio dalgúns intelectuais portugueses que empezan a interesarse polo que ocorría ao norte do río Miño. Teófilo Braga vai ser un destes persoeiros que introduce Galiza no seu discurso. Vai formular a hipótese, antes que o propio galeguismo, de que a Galiza se volva independente e forme un Estado con Portugal. Estas declaracións, como son de imaxinar, xeraron unha gran polémica e non tardaron en ser rebatidas por varios políticos e intelectuais españois. No libro *Parnaso Português Moderno* trata a nacionalidade literaria galego-luso-brasileira:

Effectivamente a Galliza deve ser considerada como um fragmento de Portugal, que ficou fóra do progresso de nacionalidade. Apesar de todos os esforços de desmembração política, a Galliza não deixou de influir nas formas da sociedade e da litteratura portugueza. (Braga, 1877: 36)

Vai ser un dos grandes defensores portugueses do galeguismo e así o manifesta nalgúns dos seus escritos, como por exemplo neste prólogo, de 1885, que escribiu para o *Cancioneiro Popular Gallego* de José Pérez Ballesteros:

³⁸ Vid. Torres Feijó, Elias (2009), “Portugal nas velas do galeguismo contemporáneo: de Teófilo Braga a Manuel Rodrigues Lapa”, Grupo Galabra, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 371-401, dispoñíbel en <http://www.usc.es/galabra/>.

³⁹ “As referências de afinidade com Portugal foram, ao longo do tempo, sobretudo recursos úteis aos nacionalistas galegos para articular propostas de diferenciação face a “Castela”, ao “centralismo” ou a “Espanha”, termos usados como sinónimos e que são referentes retóricos de alteridade mais habituais do discurso galeguista.” (Medeiros, 2008: 329)

Em relación á nacionalidade portuguesa, a Galliza é un fragmento que ficou fóra da integración política de un estado gallecio-portuguéz [...] A Galliza seguiu a sorte da unificación asturo-leoneza, perdendo cada vez mais os seus elementos de cultura e de vida nacional [...] A Galliza nunca mais saíu da súa situación subalterna, decahindo sucesivamente (Braga *apud* Torres, 381)

Na mesma liña de Teófilo Braga, Leite de Vasconcelos publica, en 1881, un texto no Porto en homenaxe a Calderón de la Barca, que falecera dous séculos antes, titulado “Á Galliza”⁴⁰ onde ataca duramente a España. O escrito “constitui umha defensa dos galegos perante o desprezo dos seus compatriotas, umha afirmación da identidade etno-cultural e lingüística e umha reivindicación dumha futura uniom política luso-galega, frente à uniom ibérica, centro do debate político peninsular” (Torres, 2009: 380).

Alén diso, Leite de Vasconcelos vai ser un dos primeiros en introducir nos seus escritos o parentesco do galego co portugués⁴¹. Esta relación interésalle non só como produto dos seus estudos científicos, senón tamén pola amizade que mantivo con algúns galeguistas da época, como Galo Salinas ou Carré Aldao. Nunha colaboración periodística no xornal compostelano *El País Gallego*, en 1888, escribe un artigo titulado “Lingua e Litteratura” onde di non entender como “Muitos escriptores supoem que o gallego é um dialecto hispanhol, quando a verdade é que essa lingua se relaciona muito mais com o português do que com qualquer outra” (Vasconcelos *apud* Hermida, 1987: 490).

Neste artigo, o filólogo portugués adopta dúas perspectivas diferentes para falar do galego. Por un lado, fai unha análise da situación que estaba a vivir naquel momento e aplaude o labor daquelas persoas que están posibilitando o seu rexurdir literario e, por outro, analiza a súa evolución histórica e intenta situalo dentro das linguas románicas⁴².

⁴⁰ “Jamais o opprobio desleal e baixo/ Sobre o nome gallego, nosso irmão!/ A Justiça levanta o vivo facho/ Da federal e ehtnica união:/ Separados da Hispania, em dia novo,/ Outra vez formaremos um só povo!” (Vasconcelos *apud* Araújo, 2004: 86)

⁴¹ Vid. Castro, Ivo (2002), “Galegos e mouros. A lingua galega vista pelos filólogos portugueses”, conferencia proferida en 1996, no congreso dos 25 anos do Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Lisboa, Colibri, Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Lisboa, dispoñíbel en http://www.clul.ulisboa.pt/files/ivo_castro/1996_Galegos_e_Mouros.pdf.

⁴² “No traballo mencionado, “Lingua e Litteratura”, abórdase o tema do galego dende dúas perspectivas ben definidas. Nunha primeira aproximación faise unha análise, que poderíamos clasificar de sociolingüística, da situación que está vivindo o idioma no momento que el escribe (1888) e dos esforzos que unha minoría está a facer para levantalo do seu estado de postración; dende o segundo punto de vista, máis filolóxico, fai unhas consideracións, breves pero moi valiosas, da evolución do galego explicando cal debe se-la súa posición dentro dunha clasificación de linguas románicas.” (Hermida, 1987: 491)

Leite de Vasconcelos considera o portugués unha lingua e o galego un codialecto deste, por ser un idioma dunha nación sen reino propio:

Comoporém o portugués é a língua nacional de um país independente, historicamente definido, e é alem d'isso o órgão de uma litteratura notabilíssima e abundante, ao passo que o gallego se limita ao uso doméstico de uma simple provincia é possui uma litteratura por ora modesta, devemos considerar este último idioma, numa classificação glottologica, como um co-dialecto do primeiro. E já lhe concedo mais do que lhe concederam muitos philólogos que o consideram apenas como dialecto da lingua do meu país. (Vasconcelos *apud* Hermida, 1987: 490)

Aínda así, a profesora Carme Hermida sinala que os estudos filolóxicos de hoxe en día cuestionan a validez desa clasificación por tratar aspectos que non son propiamente lingüísticos, senón que se corresponderían máis ben co estudo da historia externa.

Outro dos pensadores portugueses que fala das afinidades galego-portuguesas é Oliveira Martins. No seu libro *As Raças Humanas e a Civilização Primitiva*, de 1881, afirmaba que Portugal nacera dun retalho de Galiza:

Nós portugueses, nascidos de um retalho da Galiza, falando um galego culto; nós portugueses que, embora produzidos historicamente pela mistura do sangue minhoto e beirão com o estremenho e alentejano (ibérico, turdetano), revelámos as qualidades célticas nas nossas aventuras marítimas, nas nossas lendas messiânicas [sebastianismo], no lirismo da nossa poesia, na inconsciência e passividade que no nosso carácter se alternam com os acessos de fúria africana ou de misticismo semita. (Martins *apud* Torres, 2009: 389)

Estes textos son unha boa mostra dun novo ollar que algunhas elites portuguesas teñen sobre a Galiza. No entanto, e como xa mencionamos antes, o interese que os intelectuais galegos tiveron por Portugal, na segunda metade do século XIX co chamado Rexurdimento, non se corresponde co que os seus colegas lusitanos senten por Galiza. Para a profesora Pilar Vázquez Cuesta a explicación deste rexeitamento estaría baseada na centralización da vida política e social portuguesa en Lisboa e na imaxe pouco “desexada” que os migrantes galegos proxectaban en Portugal:

Dando as costas ó seu berce norteño, desde meados do século XIII toda a vida política e social portuguesa comeza a xirar en torno a Lisboa, capital ubicada tan no sur dunha nación longa e estreita que o seu clima e paisaxe pouco teñen que ver cos Entre-Douro-e-

Miño. Ceo azul, moito sol, pouca choiva, olivos e vides nacendo dun chan de terra núa, o que un historiador moderno chamou Le Portugal Mediterranéen fica ben lonxe xeográfica e animicamente dunha Galicia envolta en brétemas e orballo. Pero ademais, a partir do século XVII, cando a nosa emigración a América era aínda moi reducida, unha femélica lexión de inmigrantes galegos invadira Portugal de Norte a Sur para ocuparse dos traballos máis duros e peor pagados, o que non contribuiría precisamente a espertar a curiosidade dos naturais dese reino polo lugar donde aqueles proviñan. (Vázquez, 1995: 9)

Como xa vimos, os galegos realizaban traballos que socialmente estaban mal considerados, como criados, *moços de fretes* ou *aguadeiros*, porén co paso dos anos algúns deles van acadar unha nova posición económica. Os máis emprendedores acabarán sendo propietarios de restaurantes tan populares como Gambrinus ou Estrela d'Ouro, e de cafés, como o Café Suíço, Irmãos Unidos ou o coñecido Café Martinho, frecuentado polos intelectuais da época entre os que se encontraba Fialho de Almeida⁴³. Lembremos, tamén, que foi un galego, Francisco Espiñeira, o que creou en 1840 a sonada *ginginha*, hoxe un dos lugares de referencia en Lisboa.

Neste período realízanse varios eventos que mostran os vínculos entre galegos e portugueses e contribúen na proxección dunha imaxe ben diferente á de anos anteriores. Esta nova imaxe *de afinidade* sobre Galiza e os galegos está relacionada coas tomadas de posición de destacados membros da colonia de Lisboa. Un destes membros é o produtor literario Alfredo Guisado, descendente de migrantes galegos en Lisboa. Como portugués vinculado ao enclave galego de Lisboa, mantén importantes relacións coa terra dos seus pais. Deste modo, Alfredo Guisado participará en diferentes iniciativas até o punto de implicarse persoalmente cos acontecementos políticos e literarios que estaban a xurdir na Galiza. Neste contexto, colabora con El Tea, semanario local de Pontearreas, onde en 1913 publica o seu primeiro libro de poemas, *Rimas da Noite e Tristeza*, que inclúe “Duas terras”. Neste poema destaca o feito de non renunciar á súa dobre identidade, galega e portuguesa, a pesar da imaxe negativa que estaba asociada á primeira⁴⁴.

⁴³ “Muitos destes galegos abastados traballan na hotelaria, sendo propietarios de “emblemáticos” cafés e restaurantes (Café Martinho, Café Suíço, Irmãos Unidos, Hotel Francfort, restaurante Estrela d'Ouro, Restaurante Gambrinus, etc.), tendo, portanto, acceso a novas redes sociais e, na práctica, expondo-se perante a sociedade portuguesa já não como moços de fretes ou aguadeiros, mas como emergentes propietarios...” (Pazos, 2011: 48)

⁴⁴ Vid. Pazos-Justo, Carlos (2012), “Alfredo Guisado e a imagologia dos galegos em Portugal” in Mário Matos & Orlando Grossegeisse (eds.), *Interkulturelle Mnemo-Graphien / Mnemo-Grafias Interculturais*,

Polo tanto, as intervencións de destacados membros do enclave galego e de membros de elites culturais portuguesas e galegas son unha boa mostra desa nova imaxe sobre os galegos e Galiza. Xa non se corresponde cos galegos como grupo humano, como no caso da imaxe negativa, senón que introduce a Galiza como territorio. Un territorio con características propias e con grandes lazos de unión con Portugal.

Estas manifestacións da elite cultural do último terzo do século XIX e primeiras décadas do XX van abrir un camiño nas relacións de afinidade entre galegos e portugueses. A partir de 1916, cando se crean as Irmandades da Fala⁴⁵, o contacto entre a Renascença portuguesa e o galeguismo vai ser constante. Este contacto vai ir máis aló de aspectos culturais e lingüísticos, pois tamén está interesado na creación dunha posíbel república ibérica. O tema da saudade, que é central na Renascença portuguesa, vai ser o elemento de unión entre Galiza e Portugal e Teixeira de Pascoaes un dos axentes culturais portugueses que mantivo unha estreita relación con algúns intelectuais galegos. Alonso Estraviz considera que Teixeira foi fundamental para o movemento cultural galego da década dos anos vinte do pasado século pois con el “o nacionalismo galego cobrou forzas e vitalidade ao estarem en contacto os intelectuais galegos com este homem que foi um grande poeta, um homem de uma grande sensibilidade e um homem que amou profundamente Galiza”. (Alonso Estraviz, 2002: 17)

Un claro exemplo do amor que Teixeira de Pascoaes sentía por Galiza témolo neste poema que inclúe no libro *Marânus*, de 1920:

À GALIZA

Galiza, terra irmã de Portugal
Que o mesmo Oceano abraça longamente;
Berço das brancas névoas refulgindo
O espírito do sol amanhecendo;
Altar de Rosalia e de Pondal
Iluminado lágrimas acesas,
Entre pinhais, aos zéfiros, carpindo

Braga, Universidade do Minho / Centro de Estudos Humanísticos, pp. 113-122, dispoñíbel en http://cehum.ilch.uminho.pt/cehum/static/publications/mnemo_grafias.pdf.

⁴⁵ As Irmandades da Fala (1916-1936) foron unhas organizacións nacionalistas que tiñan como propósito fundamental dignificar e normalizar a lingua galega en todos os ámbitos.

Mágoas da terra e místicas tristezas;
A ti dedico o libro que uma vez,
Embriagado de sombra e solidão,
Compus sobre os fragedos do Marão:
Este libro saudoso e montanhês.

Nos anos 30 o gran referente do galeguismo en Portugal vai ser Rodrigues Lapa. Comparte o ideario de Castelao, que defende a unidade de Galiza e Portugal, e vai ser o elo de unión entre o galeguismo de antes e despois da guerra. El consideraba Galiza a súa propia terra e así o manifestou en numerosas ocasións:

Sempre considereí a Galiza, essa terra maravilhosa, desgraçada e incompreendida, como sendo a minha própria terra; e historicamente assim é, pois estou dentro dos limites da velha Galécia, que chegava pelo sul ao rio Mondego. Mas também lhe estou vinculado pelo coração, que apoia naturalmente todos os que defendem a sua liberdade e a sua cultura. (Rodrigues *apud* Alonso Estraviz, 1998: 2)

Participou activamente en actividades de investigación e divulgación das relacións galego-portuguesas e foi un acérrimo defensor da reintegración do galego⁴⁶. Colaborou co Grupo Galaxia, con quen editou as *Cantigas d'escarnho e de mal dizer* en 1965⁴⁷.

Ora ben, cando se implantou o Estado Novo e a ditadura franquista moi pouco ou nada quedou desta imaxe lusa de Galiza, sobre todo pola prohibición de realizar actividades culturais e políticas que mostrasen as afinidades entre galegos e portugueses.

Hoxe, a piques de finalizar a segunda década do século XXI, a imaxe dos galegos e de Galiza en Portugal está eclipsada por un emerxente “todo español”, como Carlos Pazos o denomina. Despois do fin das ditaduras e posterior ingreso do Estado español e portugués na Unión Europea, o modo de relacións intra-peninsulares parece ter mudado de maneira considerábel. Ademais, o feito de que os portugueses se vexan a si mesmos como unha cultura homoxénea tampouco facilita a visibilidade doutros estados

⁴⁶ O reintegracionismo é unha postura lingüística que defende que o galego e o portugués son variantes do mesmo idioma galego-portugués e como tal propón a adopción dunha grafía baseada na norma portuguesa para evitar a presión do castelán, baixo o que se encontra sometido e condenado á desaparición.

⁴⁷ “O traballo de divulgación e pesquisa de Rodrigues Lapa sobre galeguismo e, mui particularmente, con o grupo Galaxia, será unha constante que terá un dos seus momentos fortes na edición das *Cantigas de escarnho e de mal dizer* dos cancioneiros medievais galego-portugueses, en 1965, pela editora que dá nome ao grupo, con sede en Vigo.” (Torres, 2009: 393)

heteróclitos como o español, onde se insire Galiza.

Além disto, os sustentadores da ideia-força “Portugal, a nação mais antiga da Europa”, alicerce fundamental do corpus identitário luso precisamente em oposição a qualquer movimento centrípeta Castela/Espanha (e menos ainda os muitos `crentes` nela), non podem aceitar facilmente que lá ficou un retalho: que a Galiza non já seja Portugal, mas simplemente *se pareça com Portugal*, afecta e perturba a coerência desse imaginário. Por isso, é melhor perspectivá-la como Espanha, classificá-la como diferente. E se isto é assi para determinadas elites e intelectuais, pode já deduzir-se que o resto da população que non se esteja nas tintas na consideração da Galiza, e que será pouca, está formada por este imaginário. Baste apenas revisar os livros de texto ou as noções com que os portugueses se formam sobre a Galiza, no ensino primário, no secundário, na Universidade, na TV (nas instituições conformadoras da mentalidade e da identidade nacionais) e tirar conclusões. (Torres, 1995: 3)

Ainda podemos observar, sobre todo nalgumas elites culturais, indícios dun vínculo entre Galiza e Portugal. De feito, a partir dos inícios dos anos 90 do século XX creáronse dúas institucións transfronteirizas galego-portuguesas baseadas nesta afinidade: a Comunidade de Trabalho Galiza-Região Norte de Portugal e o Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular. O discurso que desenvolvem fundaméntase en elementos como a historia, a cultura ou a lingua e está claramente relacionado coa imaxe *de afinidade* que mencionamos antes. Ora ben, a finalidade xa non é estritamente cultural, senón que “parece estar ao serviço de políticas públicas de planificação económica, no âmbito das políticas emanadas da União Europeia, mostrando assim a diversidade de funções que esta imagem pode efetivamente desenvolver desde a sua elaboração há mais de um século” (Pazos: 2011: 440).

Canto queda hoxe en día das dúas imaxes que acabamos de analizar é unha cuestión difícil de responder. A imaxe negativa de Galiza e dos galegos parece que está practicamente desaparecida e só permanece nalgumas expresións do tipo *Trabalhar como um galego, Debaxo de galego, só um burro ou Ver-se galego*. Con todo, case non teñen uso e estarían totalmente esvaídas da súa función humorística, entre outras cousas porque a migración galega a Portugal deixou de ter continuidade a mediados do século XX. En canto á imaxe de afinidade todo parece indicar que Galiza non posúe unha posición consistente no imaxinario portugués. No entanto, semella que aínda continúa vixente a idea, sobre todo para as elites ilustradas, de que a Galiza e os galegos

manteñen algún tipo de vínculo con Portugal⁴⁸.

⁴⁸ Vid. Pazos Justo, Carlos (2012), “Galegos, galego-portugueses ou espanhóis?” Hipóteses e contributos para a análise das orixens e funcións da imaxe actual da Galiza e dos galegos em Portugal”, *Diacrítica*, 26/2: 431-443, dispoñíbel en <http://repositorium.sdum.uminho.pt/handle/1822/23077>

3. A (re)presentación de Galiza e dos seus habitantes na obra de Fialho de Almeida

Representar é aplicar unha imaxe que substitúe a realidade, por iso cando falamos da representación de Galiza na obra de Fialho de Almeida estamos a referirnos á visión particular que ten o escritor alentezano sobre esta terra. Constrúe a súa idea sobre Galiza e os galegos de forma directa, cando viaxa alí, mais tamén de forma indirecta, a partir de lecturas e de información que lle foi transmitida sobre a comunidade galega en Portugal.

Como vimos no capítulo anterior, na época en que lle tocou vivir a Fialho de Almeida funcionan dúas imaxes sobre os galegos e Galiza: unha negativa, que está relacionada co fenómeno migratorio, e outra *de afinidade*, baseada nos vínculos históricos, culturais e lingüísticos entre os dous lados do río Miño.

A imaxe negativa reflíctese, esencialmente, nos textos que escribe antes de visitar Galiza, aínda que tamén encontramos algunhas manifestacións nos cadernos de viaxe. Os galegos aparecen de maneira anecdótica ou secundaria, só se fan pequenas mencións, mais pódese ver a influencia dos estereotipos que funcionan en Lisboa a finais do século XIX. Fialho de Almeida naceu no Alentejo, pero pasou a maior parte da súa vida na capital, que era o destino principal de moitos galegos que migraban a Portugal. Realizaban os traballos que ninguén quería, os peor pagados e os máis visíbeis, polo que a idea de que o galego era bruto, desconfiado e facía o que fose con tal de xuntar cartos empezou a formar parte do imaxinario portugués. Ademais, o escritor sempre tivo un contacto moi intenso coas clases populares, que retrataba con gran destreza nas súas obras, por iso esta figura non podía pasar desapercibida para el.

Unha das profesións máis habituais dos galegos de Lisboa era a de *moços de fretes* ou dos recados. Nunha época en que cambiar de casa era moi frecuente, sobre todo entre a xente con boa posición económica, estes homes eran os que se encargaban de facer as mudanzas. Colocaban os móbeis amarrados con cordas nunha padiola e transportábana entre dous ou catro. *Os moços de fretes* parecen en varias das obras de Fialho de Almeida, fundamentalmente nas primeiras historias que escribe. Encontramos unha mención en “O monumento a Sousa Martins”, de *À esquina*:

Ah raça espúria, raça de pintamonos e de loiceiros, desmemoriada, insensível, poluindo a glória dos outros, levando á posteridade os nomes illustres, **como os gallegos levam fretes de bahus!** (Almeida, 1919: 129; grossa nosa)

En “A provincia”, de *Aves migradoras*:

Quando chegou a casa estavam quatro malas fechadas na ante-camara, um *couvre-pieds* acorreado com guarda-chuvas e bengalas, dois moveis envoltos em lona **que os gallegos não tinham podido levar na ultima padiola**, para a gare – e os aposentos sem trastes, o relógio parado no muro, o vento ronronando nas arvores do adro, tudo aquillo lhe pareceu como o responso da sua mocidade já fria e decomposta. (Almeida, 1922: 173; grossa nosa)

Indo no barco atirou ao rio os restos do presunto, para evitar o cheravisco aduaneiro, e **com o gallego do bahú** veio a dar fundo nas *Duas Nações*, ante uma canja que tinha todo o ar de um soluto de caspa em agua de lavagens. (Almeida, 1922: 193; grossa nosa)

E tamén en “Sentimental Journey”, de *Lisboa galante*:

Passámos Olivais, Alverca, Alhandra; os campos alastram-se, e o Tejo corre-nos sempre à portinhola do trem, **como um galego a quem se não pagou o frete do baú**. (Almeida, 1927: 158; grossa nosa)

Alén de facer as mudanzas, tamén levaban os doentes ao hospital e os mortos ao cemiterio. Temos exemplos destes galegos en “O roubo”, de *A cidade do vício*:

E quando anoiteceu, mesmo em mangas de camisa e calças de cotim, o pobre dava entrada no hospital, na maca da esquadra próxima, e **aos ombros de quatro gallegos**. (Almeida: 1932: 60-61; grossa nosa)

En “Tres cadáveres”, de *O país das uvas*:

Então agarraram nela, um deitou-lhe o lençol por cima da cabeça, e **quatro galegos carregaram-na numa padiola**. (Almeida, 1946: 229, grossa nosa)

O caixão foi conduzido aos ombros dum galego, pela porta de ferro que dá ingresso nos jardins, à esquerda da igreja velha. (Almeida, 1946: 237; grossa nosa)

Quando **o galego depôs o caixão**, João da Graça buscou, pelos olhos-de-boi de todas aquelas portas, a cama onde estivesse deitada a costureira. (Almeida, 1946: 237-238; grossa nosa)

En “A ruiva”, de *Contos*:

Ao anoitecer, a doente empacotada numa maca, **foi aos ombros de quatro gallegos para o hospital**. (Almeida, 1922: 77; grosa nosa)

E aínda en “Ferraz de Macedo”, de *Figuras de destaque*:

Naquella cafurna de bruxo me referia elle, pela centesima vêz, todas as duras canceiras para haver de coveiros soturnos e administradores de cemiterio desconfiados, tantos inapreciaveis thesouros, *como não haveria talvez eguaes pela Peninsula* – algo como quatro a cinco mil craneos estudados por sexos, profissões, edades e districtos – branqueados e desinfectados a poder de ferveduras e loções medicinaes, e antes **traídos das cóvas ás costas de gallegos**, que á entrada das portas os fiscaes contrafilavam, pallidos de espanto e remetendo á policia *o assassino e mal-os cumplices*. (Almeida, 1924: 168, grosa nosa)

Moi poucas veces se resalta unha calidade positiva dun galego. A maior parte das veces non hai referencias á súa idiosincrasia mais, se as houber, case sempre son negativas. Un deses trazos que habitualmente caracteriza a súa personalidade é a avaricia, como vemos no conto “Madona do campo santo” de *A cidade do vicio*. A idea do galego que só pensa en conseguir diñeiro para volver á súa terra é moi frecuente no imaxinario portugués daquel tempo:

Arthur vivia como um asceta, sózinho em casa entre as ferramentas de officio, desenhos e gessos classicos, servido por um **gallego extraordinario de avareza**, e visitado por tres ou quatro amigos de seu pai, que raras vezes apareciam. (Fialho, 1932: 208, grosa nosa)

Se concluíra alguma obra, convidava toda a gente a ir dar opinião, o Arthur, num porta-machado das suas relações, que lhe servira para modelo de Herodes numa *Degolação de Innocentes*; o **gallego aváro**, e quando Deus queria, o proprio Albano. (Fialho, 1932: 214, grosa nosa)

A pesar de todas as connotacións negativas que están asociadas aos galegos, tamén tiñan algunha característica positiva: a discreción. Eran os encargados de entregar as cartas confidenciais, incluso moitas veces facían de intermediarios entre dous amantes clandestinos. En “As ruas –o demonio da vitrine- um adulterio côr de rosa”, de *Lisboa galante* aparece un exemplo:

Mesmo em face das minhas janelas, um grande café soturno abre para aquela rua suspeita umas portinholas misteriosas, por onde se

engolfam janotas, toureiros, manequins de esporas que ninguém lobriga a cavalo, **galegos discretos que vão deixar uma carta**, ou escorregadias sombras de vélhas comadres que buscam emprêgo a uma filha costureira. (Almeida: 1927: 32; grossa nosa)

En varios relatos aparecen alusións á súa maneira de falar, case sempre por ser pouco refinada, o que a convertía en obxecto de burla. Lembremos este aspecto non é característico de Fialho de Almeida, xa Rafael Bordallo Pinheiro facía varias referencias ás particularidades lingüísticas dos galegos en *Os galegos e outras histórias*. A pesar das semellanzas máis que evidentes co portugués, a lingua destes homes era percibida como bruta, primitiva e de persoas sen cultura, como podemos comprobar en “Os pobres”, de *O país das uvas*:

Ninguém o quer, os moços da lavoira arremedam-lhe instantaneamente **a galegagem da pronúncia**, está para ali sentado numa pedra (alguns cuidam-no bêbado) com a camisa rota, o coração errante, e cada vez mais feio, e cada vez mais corcovado – vinte anos no lombo, e nem uma cachopa que lhe diga do rancho «anda bailar». (Almeida, 1946: 41; grossa nosa)

E en “A ruiva”, de *Contos*:

Defronte do chafariz, os aguadeiros enfileiravam os barris vermelhos, cintados de negro, a *fazer carreira*; e todos sujos, aparvoados, de uma ingenuidade sordida, **chalravam a sua gallegagem brutescas**. (Almeida, 1922: 64; grossa nosa)

Tamén encontramos unha mención sobre a ortografía en “Em fevereiro” de *Vida irónica*. Os galegos son representados cun nivel baixo de instrución, por iso teñen un mal portugués:

[...] escreveu, **n’um portuguez de gallego** e com uma letra de sopeira, o documento reivindicador do nosso direito historico violado!... (Almeida, 1921: 77; grossa nosa)

Os galegos de Lisboa eran homes de gran fortaleza física, pois tiñan que realizar traballos moi duros, mais nos relatos de Fialho de Almeida esta característica aparece eclipsada polo seu aspecto desaliñado e sucio. Case sempre que se fai unha descrición dos galegos destácase o pouco civismo e a falta de modais que posúen e a aparencia descoidada. Temos un exemplo en “O roubo” de *A cidade do vício*:

Os ajudantes, gallegos velhos, não eram mais dōces de modos, e dia e noite altercando sobre qualquer cousa, batiam os sapatorros

no sobrado, mostrando pelos descosidos da camisa, musculaturas de toiro sob epidermes de gallinha cozida. (Almeida: 1932: 58)

Tamén en “A ruiva”, de *Contos*:

Os merceeiros dirigiam-lhes afagos pérfidos, **apupavam-nas os gallegos sujos**, os estudantes e os soldados. (Almeida, 1922: 112; grossa nosa)

Na rua, os dichotes dos vendilhões e dos gallegos cuspiam-lhes na face obscenidades de tremer. (Almeida, 1922: 116)

E en “Dois primos”, de *Contos*:

Desenhados em negro, ora no clarão baço dos lampeões batidos pela ventania do inverno, ora alongados na penumbra das ruas e lembrando arganassas estropeadas, os varredores desciam de vassoura ao hombro, **batendo gallegamente os tamancos**. (Almeida, 1922: 336; grossa nosa)

Outra visión máis amena é a de relacionalos cunha tradición musical propia. Unha das festas máis populares de Lisboa era a romaría de Santo Amaro, tamén coñecida como a romaría dos galegos, que congregaba un gran número de asistentes que bailaban e cantaban ao son da gaita. Esta imaxe foi representada en numerosos produtos culturais da época e permaneceu durante moito tempo na memoria da cidade, por iso Fialho non a deixa pasar por alto e decide cristalizala en “A ruiva”, de *Contos*:

Havia um barbeiro na rua das Trinas, o Lopes, que fazia comédias, **gallegos que namoravam as sopeiras e cantavam versos da sua terra**: era reinadio! (Almeida, 1922: 55, grossa nosa)

En “*Lisboa velha e Lisboa nova*”, de *Lisboa galante*, tamén aparecen os tamborileiros galegos:

Os portais desenhám-se em pedra esculpida, mas instalou-se uma carvoaria no pátio; por cima, a sobreloja serve de pouso a pobres cantores de rua, cegos simples e compostos, **tamborileiros galegos**, raparigoilas de pandeireta, realejos com e sem macaco, fenómenos de feira hibernando ali a estação das chuvas, entretidos a digerir o próprio estômago – enfim, tôda uma côrte de milagres, desde o homem dos pintassilgos sábios, até ao vélho malandro que vive duma úlcera pintada, e regouga limpando aos andrajos os cinco-reizinhos que lhe dão. – Sempre há gente muito porca! (Almeida, 1927: 9; grossa nosa)

E en “Os pregões”, de *Pasquinadas*, hai unha referencia á gaita galega:

Entraría em Portugal pelo Algarve, vinda dos aduares talvez da orla de África; pelo Alentejo, vinda do país andaluz, reminiscenciada talvez do tempo dos califas; e entraria também pelo Minho, quem sabe! **com a gaita de foles do galego.** (Almeida, 1923: 363; grosa nosa)

É preciso aclarar que a idea do galego como unha persoa pouco fiábel cunha forma vulgar de comportarse e vestir nada ten que ver con Galiza como terra. Aínda que os galegos dos primeiros textos de Fialho de Almeida acumulen unha serie de tópicos negativos, o seu lugar de orixe é imaxinado como paradisíaco, como así se reflicte en “Madona do campo santo”, de *A cidade do vício*:

Amigo Flores, que alfim desposara a grande Barbara, nunca vinha áquella thebaida; **o gallego avaro aposentara nos bucolismos da aldeia natal** – e assim Arthur vivia miseravelmente, sem companhias, sem trabalho, sem amigos, sem fato, com uma juba feroz e uma barba intractavel, atormentado por não sei que estranho calor no cerebro, e escutando as grandes coleras desordenadas do coração revoltado. (Fialho, 1932: 265-266; grosa nosa)

Esta imaxe bucólica vai ser longamente desenvolvida nos apuntamentos das súas viaxes a Galiza. Alén diso, unha vez que o escritor atravesa o río Miño, a súa visión sobre os galegos tamén vai empezar a mudar.

Galiza, a pesar de estar moi próxima de Portugal, tanto xeográfica como culturalmente, nunca foi unha terra atractiva para os visitantes portugueses. Madrid tiña o prestixio de ser a capital; Barcelona era un cidade moi desenvolvida economicamente, por iso chamaba a atención dos viaxeiros; Andalucía gozaba dun exotismo que fora alimentado pola literatura romántica e Euskadi e Castela estaban de camiño cando se ía a París ou a outras cidades europeas. Pola contra, Galiza era imaxinada como un lugar afastado, recóndito, pobre e inculto que, por encima, non quedaba de paso. Se a isto lle xuntamos as precarias comunicacións que existían entre os dous lados do Miño até que en 1886 se inaugura a ponte internacional Valença-Tui, o desinterese estaba asegurado. Isto explica que dos dezaioito libros de viaxes por España de autores portugueses de finais do século XIX só haxa un dedicado a esta terra, *As Viagens na Galiza* de Silveira da Mota, de

1889, e outros dous que a inclúen, *Viagem na Espanha* de Anselmo de Andrade, de 1885, e *Em Espanha. Arte e Paisagem* de Lino da Assunção, de 1896⁴⁹.

Coa construción da ponte internacional van xurdir unha serie de esperanzas de progreso que estaban baseadas, non só nas comunicacións entre os dous países, senón tamén na mellora que podía comportar no plano económico, como así o recolle o xornal *El Faro de Vigo*, nun artigo de 1882:

Los deseos de que el puente internacional se termine en breve plazo son generales, porque a él va unido gran parte del progreso local, la importancia de este magnífico puerto, la prosperidad de Galicia, porque, lo que ganar pueda Vigo, lo gana la región gallega, esta querida región que yacía olvidada y entregada a la indiferencia de sus hermanas del interior, que apenas le concedían una limitadísima ilustración de todo. (*apud* Torres, 2009: 372)

É curioso que, como indica Elías Torres no artigo “Portugal nas velas do galeguismo contemporáneo: de Teófilo Braga a Manuel Rodrigues Lapa”, o xornal non faga ningunha mención á fraternidade ou ás posibilidades culturais que esta ponte podía traer para afianzar os vínculos entre os dous lados do Miño. Aínda así, cando se inaugura en 1886, vaise acabar convertendo nun símbolo das relacións entre Galiza e Portugal, sobre todo para as elites galeguistas que tanto a desexaban.

Este acontecemento simplifica moito as comunicacións entre os dous países e vai permitir que cada vez un maior número de portugueses viaxe a Galiza. Silveira da Mota, Ramalho Ortigão, Júlio Dantas, Antero de Figueiredo ou Fialho de Almeida son algúns dos intelectuais que visitaron esta terra e deixaron as súas impresións por escrito. A visión global duns e doutros é bastante diferente, aínda así case todos coinciden en enxalzar as belezas naturais.

Un ano antes de que se abra a ponte, en 1885, Anselmo de Andrade vai visitar Galiza. Dedícalle un capítulo no seu libro *Viagem na Espanha*, en que fala das calumnias que sofre por parte de España: “Não há terra menos conhecida nem mais caluniada do que a Galiza. Na Espanha é uma engeitada” (Andrade, 1923: 117). Segundo o político portugués, este motivo xustifica que non sexa divulgada como un destino interesante

⁴⁹ Vid. Vázquez Cuesta, Pilar (1995), “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal. Un diálogo asimétrico” in *Colóquio Letras*, 137/138, pp. 5-21.

entre os viaxantes da época: “Fóra da Espanha é quási o país hotentote de Europa. Não a julgam digna de figurar nos itinerários ou nos roteiros dos viajantes. Ninguém lá vai” (Andrade, 1923: 117). A pesar destas consideracións iniciais, Anselmo de Andrade logo se vai deixar levar por todos os prexuízos que ten sobre os galegos:

O galego é que vai a toda a parte ofrecer os seus serviços aos europeus, e aos americanos civilizados. *Galego* chega a ser por isso um epíteto quási afrontoso. Aquelas individualidades prestáveis e laboriosas, aqueles boémios do trabalho, espalhados pelo mundo, são a causa de se formar geralmente uma idea errada da pátria dos galegos de servir do género humano. (Andrade, 1923: 117)

Vai estar tan influenciado polo estereotipo do galego e a idea de marxinalidade de Galiza que funcionaba en Portugal a finais do século XIX que na súa viaxe non é capaz de ver a xente que alí reside. De feito, acaba por dedicarlles máis páxinas aos galegos de Lisboa que á propia Galiza⁵⁰.

Os habitantes de tóda essa região, principalmente de Pontevedra, de Redondela, de Puenteareas e de Tuy, são pessoas muito nossas conhecidas. O galego é um tipo que se não perde. A civilização faz todas as diligências para dar cabo d’ele, mas o galego vai resistindo sempre. É no meio do progresso um verdadeiro fenómeno de atavismo dos antigos costumes. Aqui em Lisboa, à vista de nós todos, a civilização quis tirar-lhe o barril de cima das costas, mas êle reagiu fortemente contra a Companhia das águas, e continúa a fazer-lhe pachorrenta concorrência com a água do Carmo e do chafariz do Rei. A civilização quis também livral-o do *pau e corda*, instituindo a carroça e outros meios de transporte, mas êle vai teimando sempre em fazer uso daquelas suas velhas insígnias, e não há ninguém que possa vencer a sua teimosia. Trouxe esta qualidade da sua terra, e não a perde. É conservador por índole, por desconfiança, por timidez e por avareza. (Andrade, 1923: 130)

Anselmo de Andrade mostra toda unha acumulación de tópicos negativos que están na mesma liña dos que comentamos antes. Para o político portugués “o galego é insaciável de dinheiro. Priva-se de tudo, do supérfluo e do necessário. O que junta é porém fruto do seu trabalho obstinado, da perseverança e de muitas privações”, por iso “a avareza é

⁵⁰ “Assim começa, sem grandes novidades, Anselmo de Andrade o capítulo dedicado à Galiza do seu *Viagem na Hespanha*, cuja primeira edição deve ser de 1885. As páginas do escritor e político luso, entanto, são um exemplo notório da fortaleza do imotipo negativo e, particularmente, do carácter profético das imagens. Na Galiza, Anselmo de Andrade vê galegos. Esperável. Vê, imagina, porém, os galegos que mais e melhor conhecia, os da capital lusa. Na verdade, Anselmo de Andrade dedica mais páginas aos galegos de Lisboa que à própria Galiza.” (Pazos, 2016: 46)

a principal qualidade que o distingue” (Andrade, 1923: 133). De feito, xustifica a causa da migración nesa obsesión polos bens materiais, pois os galego “tem apenas o amor da terra e da propiedade, que é a ambição de toda a súa vida. Juntar para isso é o fim da emigração” (Andrade, 1923: 133).

No entanto, esa imaxe correspóndese só co galego como individuo porque “Galiza é un xardim delicioso, mais ameno do que a horta de Valencia e mais pitoresco do que os vales da Andaluzia” (Andrade, 1923: 117-118). É unha especie de paraíso na terra, pero non ten ningún outro aspecto destacábel. Só aparece natureza e non menciona ningún trazo cultural, como se o único que vise na súa viaxe fose paisaxe. Loá a beleza natural deste territorio, que acaba por comparar con Suíza, algo que, por outra parte, é bastante habitual entre os estranxeiros que visitan Galiza a finais do século XIX. Sirva de exemplo este fragmento sobre a ría de Pontevedra:

Nem tudo o que mais se celebra da Suíça vale as rias de Arosa, Pontevedra e Vigo. Se lhe faltam uns Alpes, estendendo ao longe os seus círculos de neve, e alevantando a alguns milhares de metros as suas alvíssimas pirâmides, possui em compensação extensísimos tapetes de verduras perpetuas, bordados de arvoredos e matisados de flores campestres, que todo o ano desdobram sôbre a Suíça tôda. (Andrade, 1923: 118)

Anselmo de Andrade di que Galiza non ten unha literatura forte e rica, a pesar de que os grandes autores do Rexurdimento xa escribiran moitas das súas obras: “Não há uma literatura forte e rica, mas há um povo, que sente e canta a imensa poesia, que herdou da raça céltica, dessa velhíssima avó dos galegos, dos minhotos e dos transmontanos” (Andrade, 1923: 119). Aínda así, menciona as raíces celtas dos galegos, un aspecto que está na base do pensamento galeguista da época, polo que podemos deducir que ten algunha información sobre o movemento cultural que estaba a aflorar: “Basta ouvir cantar e tocar o galego, basta vel-o dançar e divertir-se, para se poder afirmar que é um verdadeiro e legítimo descendente dos celtas” (Andrade, 1923: 119). El cre que “se a poesia escrita escasseia na Galiza, é porque as artes e as literaturas não medram, por via de regra, senão nos países fortes, poderosos e ricos.” (Andrade, 1923: 120). Anselmo de Andrade é consciente de que Galiza non ten clase dirixente, por iso no seu libro presenta unha sociedade composta exclusivamente por clases traballadoras que dificilmente poderán crear literatura, pois “não é nas classes trabalhadoras, que constituem toda a

populación galega, que as musas costumam escolher os seus favoritos” (Andrade, 1923: 120)⁵¹.

Silveira da Mota foi outro viaxeiro que nos deixou as súas impresiões no libro *Viagens na Galiza*, publicado en 1889, tres anos despois da súa visita. O político e escritor portugués segue o itinerario da liña de ferro que fora inaugurada ese mesmo ano. Aínda que as reflexións que fai da súa viaxe por Galiza non son moi profundas, están moito menos cargadas de prexuízos que as de Anselmo de Andrade. Neste libro fala das similitudes entre a paisaxe dun e doutro lado do río Miño e da desgraza que supón a emigración para Galiza. Durante esta visita tamén vai coñecer a poesía de Rosalía de Castro, que lle produce unha gran conmoción e sobre a que nos deixa as seguintes impresiões⁵²:

Estes versos, que reconheço serem mais sentidos que pensados, virem mais do coração que da phantasia, comovem-me principalmente as *Folhas Novas*, de Rosalia Castro de Murguia. Não denunciam premeditação, nem esforço, nem escola, nem empenho de sujeitar as turbulências do animo ao pensar e ao sentir do vulgo dos leitores; mostram uma individualidade poderosa, que às vezes, por entre estorvos e perigos, se desvia dos caminhos já trilhados, e esquecida quasi de que há mundo, estampa o selo da originalidade nas empresas realisa. (Mota, 1889: 175)

Ora ben, se hai un autor que soubo describir os encantos de Galiza como ningún outro, ese foi Fialho de Almeida. O gusto do escritor alentexano polas viaxes comeza relativamente tarde, pois a súa situación económica non lle permitira facelo antes. Aínda que non percorreu grandes distancias, tivo a oportunidade de facer nos últimos anos da súa vida diversas saídas do país. A primeira será en 1901, e a partir dese ano vai facer unha cada dous anos⁵³:

⁵¹ Vid. Costa, Xoán (2016), “Ceifar as searas dos outros” no Sermos Galiza do 12 de agosto de 2016, dispoñíbel en <http://www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/ceifar-searas-outros/20160812131837050253.html>

⁵² “A inauguración da ponte internacional sobre o río Minho en marzo de 1886 e as consequentes facilidades para as deslocações de comboio, significarán un impulso não menor para as trocas de variado tipo entre as dúas margens.// Em maio de 1886, o político e escritor Inácio Francisco Silveira da Mota, aproveitando as novas comodidades dos caminhos-de-ferro visita Galiza. Desta expedición sairá o seu *Viagens na Galiza* de 1889. Apesar da levezza do texto, algumas notas indiciam este novo olhar a focar afinidades. Assim, por exemplo, além de encontrar similitudes entre a paisagem do Minho portugués e a do sul da Galiza ou dedicar algumas palabras ao *infortúnio* da emigração galega, Silveira da Mota dedica una extensa atención ao *Follas Novas* de Rosalía de Castro – de 1880, lembre-se.” (Pazos, 2016: 60-61)

⁵³ “Dos países que desejou conhecer, o primeiro em importância, senão o único, foi a Espanha. Foi lá em 1901, em 1903, em 1905 e em 1907. Vai ao Algarve em 1895; passeia pelo norte do País em 1902, e em 1907 (antes de penetrar em Espanha); e, em 1910, dá um giro pela Europa. O seu amor da Espanha é uma

1901: viaxe a Salamanca e Valladolid, aproximadamente entre o 10 e o 23 de setembro
1903: primeira viaxe a Galiza, entre o 10 e o 25 de setembro
1905: segunda viaxe a Galiza, entre o 3 de xuño e o 16 de xullo
1907: terceira viaxe a Galiza, incluíndo León, aproximadamente entre o 23 de setembro e o 10 de outubro
1910: viaxe por Europa (España, Suíza, Bélxica, Francia) entre o 28 de setembro e o 3 de outubro

No inicio do século XX era habitual que os intelectuais percorresen Europa para coñecer outras culturas e participar das correntes literarias e artísticas do momento. Alén diso, a dispoñibilidade de tempo e o estado de espírito co que se realizaban as viaxes nesa altura eran ben diferentes das actuais. O propio Fialho de Almeida tería afirmado, como di Lourdes Carita no prólogo do seu libro *Cadernos de Viagem. Galiza, 1905*, que “non quería viaxar em figurão; quería ir a toda a parte e ver as coisas à vontade”.

De todos os lugares que visitou, sen dúbida, Galiza foi o que mellor coñeceu e do que máis apuntamentos nos deixou. Apuntamentos que mostran a súa cara máis amábel, moi diferente á que nos tiña acostumados anteriormente. O crítico incansábel da sociedade portuguesa vai ser na Galiza un extraordinario pintor paisaxista conmovido pola humildade da vida campestre e fascinado pola grandiosidade das cidades que comezaban a emerxer. “O homem que encalacró reis e bispos, que fez do Parlamento uma estrebaria, que se atreveu a morder as escanzeladas canelas do Eça de *Os Maias* e que gozou sem rodeios os Vencidos da Vida” era, ao final, “uma borboleta lírica e bucólica” que anhela a vida rural, como Cândido Franco (2002: 60) chega a dicir. Quizais vexa Galiza como unha especie de paraíso perdido que o conecta coa súa infancia no Alentejo:

É este mesmo gosto pela superfície lisa das coisas que faz do Fialho viajante um excepcional admirador de pormenores inauditos. Nada lhe escapa na comoção de um raio de sol, desde a brotoeja da espuma que ele compara ao sêmen à capitosa carne

atração de esteta. Vai lá pela fama de beleza dos seus tipos, pelo pitoresco da vida que adivinha, e ainda pelo desejo de dar mais tarde expressão artística às impressões colhidas.” (Pimpão, 1945: 130)

desgarrada de uma mulher vestida de branco, a quem ele acentua, com exclamações gulosas, a linha pura das espáduas. Quem diria que o Fialho que via em cada recém-nascido um javardo a berrar, em cada bairro da capital um chiqueiro e em cada palavra um grunhido tinha dentro de si o pasmo e a serenidade da beleza mais elementar! O espinhaço de uma ilhota, como acontece no texto «De Vigo a Cangas», do livro *Estâncias de Arte e de Saudade* (1921), requer dele a paciência de uma nota, o devaneio de uma fantasia, a atenção de uma homenagem, que ele remói depois numa estética do rudimento, que tanto tem de imediato como de verdadeiro. (Franco, 2002: 60)

Fialho de Almeida visita Galiza por primeira vez entre o 10 e o 25 de setembro de 1903. Nesta viaxe, de case quince días, vai a Vigo, Marín, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela e Ourense. Desta andanza é de onde sae o artigo “De Vigo a Cangas”, publicado na *Revista Internacional* en 1904 e que logo foi recollido no volume *Estancias de arte e saudade*. Nos apontamentos déixanos constancia do seu desexo de volver ao ano seguinte, mais certos contratempos vano obrigar a pospoñer a viaxe outro ano máis⁵⁴.

O texto “De Vigo a Cangas”, como ben di o propio título, relata a primeira visita que realiza de Vigo até Cangas. Comeza coa seguinte descrición do ambiente:

São quatro horas da tarde, o céu está limpo, o sol mui brando, e como chuveira de vespera, não ha poeiras no ar, por fórma que todo o panorama de bairros e montanhas escalóna os seus diferentes planos e acidentes com um colorido claro de camara escura, e uma nitidez cutelar de microscopio.// Embarcamos na «ribeira do Berbés», doca d’abrigo onde dia e noite fagulha a turba-multa de catraeiros e preparadores do pescado que constantemente do largo carriam os barcos de toda a população marginal da grande ria. (Almeida, 1921: 27)

Fialho de Almeida observa atentamente o que ten ao seu arredor e descríbeo sen que se lle escape un só detalle. Así pois, para tornar máis familiar a descrición, compara o que

⁵⁴ “De Espanha é, sem dúvida, a Galiza a região sôbre que se fixa, em especial, a sua atenção. Vai lá uma primeira vez, em 1903, no mês de setembro, em viagem de cêrca de 15 dias. Faz então o seu primeiro passeio de Vigo a Cangas, que lhe aproveitará para o artigo que publicou em 1904 na *Revista Internacional*, com o título *De Vigo a Cangas*. // Esta visita à Galiza é, salvo êrro, o desenvolvimento e o corolário natural dos seus passeios pelo Minho; e estes, a conseqüência imediata da sua permanência em Vizela que, mais tarde, trocará por Vidago. // Parte de Vizela em 10 de setembro de 1903, e está de regresso a Lisboa em 25 de setembro, 6^a feira, às 11 horas da manhã. Desceu em Vigo, Marín, Pontevedra, Villagarcía, Santiago de Compostela e Orense. // Na penúltima página do último caderno desta viagem, há um «Projeto de viagem futura à Galiza (P.^a 1904)», que ficou transferido para 1905.” (Pimpão, 1945: 134)

ve con lugares de Portugal. Este vai ser un recurso moi habitual en todos os textos que escribe nas súas viaxes:

Para além da cidade, n'um fundo de montanha pelada sobre que esta parte das cazarias brancas se recorta, dois castelórios baixos torrejam, com seu arzinho parrana e portuguez, o quer que seja de barrigudo e major reformado, de nos parecer que em vez de Vigo estivessemos por exemplo no Sado, a olhar para S. Filippe, d'um catraio de pesca de Setubal. (Almeida, 1921: 28-29)

De Vigo sae en dirección a Cangas e unha vez alí describe a vila mariñeira e os costumes dos seus habitantes:

Mais da metade das casas de Cangas (a parte esquerda das marginaes) vem assim beber pelas fundações, na agua da ria, enquanto a direita oferece entre ella e o mar, um vasto terreiro com parapeito de lage, especie de praça ou logar dos conclaves de Cangas, onde pescadores e homens do mar repousam ás tardes, fumando e jogando jogos de barra e de paulito. (Almeida, 1921: 38)

Durante a súa estadía déixanos numerosas reflexións que nos serven para comprendermos non só a Galiza da época, senón tamén a visión que os visitantes estranxeiros tiñan sobre esta terra. Alén diso, con frecuencia, cuestiona diferentes aspectos da sociedade, como cando entra na igrexa de Cangas e aproveita para facer unha apreciación sobre o poder que ten a relixión en detrimento da educación: “Os nichos são dez, e está no principal, a cavallo, Santiago, patrono de Cangas, e que tem pela Galliza mais templos do que, valha a verdade, o pobresinho do povo tem escolas.” (Almeida, 1921: 45).

Tamén son interesantes as impresións que Fialho de Almeida nos deixa sobre o porto de Vigo que, que segundo o seu parecer, nun futuro vai estar entre os máis importantes de Europa:

N'um período mais ou menos longo, Vigo deverá ser dos primeiros, senão o primeiro molhadouro da europa ocidental, porque todas as lisonjas naturaes convergem a indigital-o como um porto d'abrigo e de descarga, dos melhores do mundo, e o tempo acabará por desenvolver n'estas encostas, de roda da ria, uma cidade de trafego do tamanho de Londres, Constantinopla ou Nova York. Lisboa deve desconfiar d'esta rival, que sendo ainda uma cidade de terceira ordem, já em bastantes coisas se aventaja ao ramerrão da nossa capital, e todos os dias esbraceja para desviar de nós o commercio da America portugueza. (Almeida, 1921: 51)

Ademais, neste fragmento aproveita para relacionar a raza galega coa celta algo que, como vimos antes noutros autores, era moi habitual desde a irrupción do galeguismo. A defensa da procedencia celta dos galegos serviu para reconstruír un pasado glorioso oposto á prostración que vivía daquela Galiza. As supostas orixes celtas aproximan a Galiza de Irlanda e Bretaña e serán empregadas como elemento diferenciador fronte a Castela/España.⁵⁵:

Dentro do typo local, não se imaginam mais sympathicas e lindas figurinhas. Ricas, pobres, rotinhas ou comicamente vestidas de prinzesas, o seu typo é sempre uma cristalina miniatura d'essa bella raça gallega que sobre o fundo celtico enxertou elementos gregos e fenicios. (Almeida, 1921: 48)

O escritor alentexano non só encontra similitudes entre un e outro lado do río Miño; ás veces, compara Galiza con outros lugares máis afastados como Suíza. Esta idea de que Galiza é a Suíza española está amplamente documentada⁵⁶ e xa fora utilizada anos antes por Anselmo de Andrade na súa *Viagem na Espanha*:

Que socego amoroso dos golfos, que bahias límpidas para desenrolar idyllios como Pecheur d'Islande e a Graziella! É na margem fronteira a Vigo, Limens, Cangas, Com, damayo, Los Cobres, e já no limite da ria, Ulho; é na margem de Vigo, Samil, Vigo, Teis, e alfim a deliciosa e alpina enseada de Lazareto, que parece um lago da Suissa, reflectindo encostas de saudade, cheias de casitas fumegantes. (Almeida, 1921: 53)

Fialho de Almeida realiza a súa segunda visita a Galiza entre o 3 de xuño e o 16 de xullo de 1905. Nesta viaxe percorre toda a rexión galega e detense nas principais cidades e vilas galegas: Tui, A Guarda, Baiona, Redondela, Vigo, Ourense, Monterrei, Verín, Celanova, Lugo, Vilalba, Mondoñedo, Ribadeo, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Pontevedra, e tamén algunhas aldeas que están de paso entre os destinos escollidos.

⁵⁵ “Será, porém, a irrupção do galeguismo durante o século XIX o que fez com que a Galiza e os galegos possam ser (auto)imaginados a partir de outros interesses e com outros repertórios, ora com a belicosidade dos povos celtas, ora com o *lirismo* presente nas leituras da produção de uma determinada Rosalia de Castro. Em todo o caso, ativamente conscientes alguns, como é o caso do Castelao dos desenhos ou do conhecido ensaio *Sempre en Galiza*, da pesada lousa que significava a representação pejorativa a dominar os imaginários peninsulares.” (Pazos, 2016: 32)

⁵⁶ “A despeito da preferência galeguista, mais virada para a céltica Irlanda, nos incios do século XX esta representação helvética da Galiza figura sobranceiramente em dois volumes: no *Suíza espanhola. Paseando por Galicia* do cacique Isidoro Bugallal y Araújo e no *Galicia, the Switzerland of Spain Paperback* da britânica – e leitora de Rosalia de Castro- Annette M.B Meakin.” (Pazos, 2016: 32-33)

Durante o mes e medio que está nesta terra, deixounos catorce cadernos de apuntamentos en que, alén do texto, inclúen interesantes deseños moi pormenorizados e referentes a monumentos, tipos de casas, ou detalles de construción que lle chamaron a atención e que non lle pareceu suficiente con describir. Nas contracapas aparecen anotacións sobre compras que foi facendo, relacións dos amigos aos que lles enviou postais, horarios e prezos dos medios de transporte que utilizou e até, no final, o custo total da viaxe.

Destaca das outras que fixo porque, entre outras razóns, foi a de maior duración temporal e da que máis completa documentación nos deixou. É a menos estudada, xa que estes apuntamentos estiveron inéditos, excepto algún pequeno extracto publicado polo profesor Costa Pimpão na obra *Fialho I. Introdução ao estudo da súa estética* ou por Manuel da Fonseca na súa *Antologia de Fialho de Almeida*, até que Lourdes Carita os publicou en 1996.

A primeira parada é en Tui, a onde chega en carruaxe o 4 de xuño. Describe o que ve ao seu paso e detense na arquitectura da catedral. Repara nos danos ocasionados polo terremoto de 1755, que tamén se deixou notar alí. De feito, a estrutura orixinal tivo que ser reforzada con arcos e piares: “A Sé é do século IX. A capela de Torquemada tem 3 séculos e 27 anos. Os concertos da Sé datam de 1755. O terramoto também aqui se sentiu e fizeram-se as reparações.” (Almeida, 1996: 20).

Para alén de describir con todo luxo de detalles a catedral, tamén nos vai deixar as súas impresións sobre a paisaxe. Porén, esta imaxe bucólica dos “campos, nos primeiros días de Junho, admiráveis de verde vivo” (Almeida, 1996: 22) non tarda en romperse cando pasan uns rapaces a facer barullo, un dos tópicos máis frecuentes que os portugueses teñen sobre os españois: “Já isto não é Portugal –os garotos são mais e fazem mais barulho”. (Almeida, 1996: 23)

De Tui vai para A Guarda e Baiona. Ao igual que en “De Vigo a Cangas”, Fialho apóiase na comparación co norte de Portugal para describir a paisaxe que ve ao seu arredor. Para o escritor son notorias as semellanzas entre un lado e outro do río Miño:

Paisagem minhota, vinhas de enforcado bordando campos, milhos nascentes e recém-nascidos, couvais, batatais, muros de lousas de granito espetadas na terra, ou sebe de arame vedando à beira da estrada, campos, ou pequenos muros de pedra solta. Casas térreas com parreiras à porta, a propriedade atrás, murada de sebes ou murros. Nos currais gente consertando carros, galinhas, rapazitos. Non pequenos pinhais pequenos rebanhos de cabras e ovelhas, ou dois bois pastando, levados por uma mulher ou outra que vai dando, nos taludes da estrada, de comer a uma vaca pacífica. // Da banda portuguesa grandes serras com o rio invisível, em baixo, altas, pedregosas, semeadas de pedras, de pinhais e casais. (Almeida, 1996: 27-28)

Casas isoladas ou juntas, como as minhotas, com parreirais ou vinha de enforcado armados em esqueletos toscos à beira dos muros baixos. Alpendres, casas de soportais grosseiros, umas novas, outras velhas, algumas caíndo. Tipos de povo minhoto, e não admira, porque o nosso rio Minho corre lá baixo a 200 metros da estrada. (Almeida, 1996: 29)

Normalmente, Fialho de Almeida segue sempre a mesma estrutura de redacción. Describe o que ve e despois relaciónao co que el coñece, ou co que lle é coñecido ao público. O feito de relacionalo con lugares de Portugal, ademais de mostrar a familiaridade entre os dous países, serve para que o lector ou lectora que non saiba como é Galiza poida reproducir unha imaxe, mais ou menos parecida, do que el está vendo. Por exemplo, no camiño de Baiona a Vigo compara os bosques da zona cos de Sintra: “Atravessamos um bosque frondoso como os de Sintra, em pendor, de carvalhos e castinheiros que por momentos nos oculta a ria” (Almeida, 1996: 63).

Cando chega a Vigo encóntrase coa mesma cidade que xa o impresionara dous anos antes. Vigo de finais do século XIX presentaba, aos ollos do escritor portugués, as características que farían dela unha cidade moderna, pois Fialho de Almeida xa prevía o seu rápido crecemento demográfico e urbano:

São inúmeras as estilizações de moderno, às vezes extravagante, mas não banal, feitas sobre motivos românicos, góticos, renascença, enfim, das arquitecturas históricas do país. Isto revela vida, gosto, desejo de progredir. Nesta rua são inúmeros os prédios ricos e elegantes de aluguer. (Almeida, 1996: 70)

São edifícios fazendo uma massa enorme, riquíssima e que representam um verdadeiro acto de patriotismo que os portugueses ricos deviam todos imitar. Até aqui o brasileiro deixou às irmandades e santos, e por alma. Incitar o português rico a que deixe menos aos herdeiros e deixe mais ao país que precisa tudo, e cada homem rico se constitua uma obrigação moral de completar a educação pública, fazendo escolas, hospícios, laboratórios, etc., como o meio de o salvar da rotina em que está. [...] É um furor, e

Vigo vai em 10 anos ser uma cidade sumptuosa e das mais lindas de Espanha. (Almeida, 1996: 71)

A pesca é a grande riqueza de Vigo e será. O norte de Portugal tem de apresentar-se e competir, e estamos muito atrasados nisso. (Almeida, 1996: 79)

Na descrición de Vigo fai referencia ao desenvolvemento da cidade, que en gran parte se debe ao diñeiro dos migrantes retornados de América, e compáraa co Porto e Lisboa. Abraiado pola elegancia e o luxo, déixanos unha reflexión sobre a imaxe que anos atrás funcionaba en Portugal sobre Galiza:

A maior parte das construcións ricas são de indianos. É o dinheiro da América que vai fazer de Vigo uma grande cidade, de elegância e luxo, e merece-o pela sua soberba situação. Quando se pensa no desenvolvimento de Lisboa e Porto, no dinheiro gasto, também de indianos, e no que se podia ter feito com outros arquitectos, outra Câmara e outra gente! Continuamos a ser a vergonha da Europa. Fazíamos, há 20 anos, troça da Galiza. Agora o verdadeiro Porriño somos nós! (Almeida, 1996: 74)

Cando Fialho de Almeida visita Galiza, a migración galega para Portugal está en declive, mais continúa manténdose cara aos destinos transoceánicos que, aparentemente, ofrecen mellores oportunidades. Esta migración cara a América vai desenvolver procesos de urbanización en cidades como Vigo que, a finais do século XIX, se renova grazas ao diñeiro dos indianos. De feito, a proliferación de grandes e luxosas construcións vaise converter nun reclamo para moitos canteiros portugueses, pois aquí van estar moito mellor pagados que no seu país⁵⁷.

Este texto publicado en *Barbear, pentear*, está na mesma liña dos anteriores. O escritor gaba o traballo dos arquitectos que converten cidades como Vigo na expresión da fastosidade e o bo gusto grazas ao diñeiro que provén dos indianos:

⁵⁷ “Desvanecendo-se embora, a imigração galega em Portugal resistia ao destino transoceânico, revelando características das migrações tradicionais, que passam por manter activas as suas redes de influência, mesmo em face do aparecimento de novas e aparentemente melhores oportunidades migratórias. Mas não serão vãos os efeitos emulativos que passam a sobressair na Galiza, que se revitalizava com os fluxos de dinheiro da emigração atlântica na viragem do século. Na cidade de Vigo, que se renovava pelos finais do século XIX, desenvolvendo processos de urbanização onde proliferavam construções ricas da iniciativa de “indianos”, encontram-se portugueses a trabalhar de canteiros, modelando a pedra a gostos arquitectónicos de elegância e luxo que então predominavam, alimentados pelo “dinheiro da América”. Ora, como nos diz Fialho de Almeida, descrevendo as suas deambulações pela Galiza, “um canteiro ganha em Vigo 4 pesetas por dia (600 ou 640 réis); há muitos portugueses trabalhando de canteiro.” (Alves, 2002: 125)

Em vinte anos, que série de bairros novos Lisboa e Porto teem desenrolado! Vae por eles, leitor, e lá has-de vêr palacetes em theatro de provincia, e predios d'aluguer em fabrica de moagem! Não há terra de Hespanha ou da Galiza, por mais recuada para o fundo dos soutos e dos brejos, que não esteja entendendo a arte de construir, pelo gosto moderno, e integração delicada de modelos novos nos typos tradicionais da architectura do paiz. Corem-se as ruas de Vigo, Orense, de Pontevedra e da Coruña, vae-se ás cidades da Cataluña e ás mesmas ásperas Castelas, e lá veremos, melhor ou peor, o esforço heroico dos architectos para, aproveitando a emulação dos capitalistas, aperfeiçoarem e variarem ao infinito os seus modelos de paço, de palacio, de casa e de *casucha*. Sob este ponto de vista, Vigo, na sua parte moderna, é um museu. Quantos milhões e milhões em pedra talhada! Que profusão de gostos, desde o *belo horrído*, ao belo incondicional, cheio de elegancia! Pois sem duvida ha por lá também muita pacotilha por oiro, muita casa d'estuque e pedra, literalmente avergada d'ornatos, quiosques, balcões, platibandas, colunatas confusas, dando ao todo um ar de feira de vaidades e pagode indiano, e quasi sumindo no bazar dos detalhes as linhas monumentais, primaciaes, da frontaria. (...) (Almeida, 1923: 91-92)

Depois da estadia em Vigo, Fialho de Almeida dirixese a Redondela, que reconhece como “o antigo reduto pátrio dos galegos emigrantes para Lisboa” (Almeida, 1996: 85). Non se sabe cal é a orixe de que varios viaxantes fagan referencias explícitas a este lugar como un de procedencia dos migrantes galegos⁵⁸. Lembremos que xa Rafael Bordalo Pinheiro creara o famoso João de Redondella caricaturizado en *Os galegos e outras historias*.

Depois de Redondela volve outra vez para Vigo e de alí vai ao Porriño. Cando chega ao Porriño ao escritor alentexano parécelle reconecer, unha vez máis, o tipo galego que migrara a Lisboa: “A gente já não tem a beleza do mar e de Vigo; pequena, o tipo de galego rural, alvar, de fretes, que é em Lisboa popular”. (Almeida, 1996: 100). O Porriño, igual que Redondela, é un dos lugares de orixe dos migrantes galegos que quedou na memoria dos lisboetas.

⁵⁸ “Qual é o motivo de várias referências explícitas a Redondela no percurso de vários destes galegos? Até o próprio Fialho de Almeida, quando por lá passou em 1905, anotou no seu caderno de viagens: “Redondela era o antigo reduto pátrio dos galegos emigrantes para Lisboa, que hoje os do povo, vão para Montevidéu e Buenos Aires, e os das aldeias para Lisboa” (1996: 85). As referências contrastadas às terras de origem dos galegos de Lisboa que temos para fins do século XIX e primeiras décadas do seguinte, destacam especialmente na zona do Condado os locais de origem – Ponte Areas, Mondariz, A Caniça... Com certeza, haverá alguma razão a explicar este incógnito *redondelanismo* da emigração galega a Lisboa. Intuo, ainda quando faltam informações verazes, deve enfiar as suas raízes para além da primeira metade do século XIX.” (Pazos, 2016: 44)

Despois de visitar varias aldeas galegas chega a Ourense. Para Fialho a xente de Ourense destaca da do campo, pois ve beleza nos seus habitantes, como en Vigo:

A gente de Ourense destaca da do campo; tem já tipo de gente da cidades. Tez clara, cabelos em geral claros. As mulheres são particularmente lindas e elegantes, como as de Vigo, talvez com um tipo mais igual, pálido, de olhos pretos e cabelos esplêndidos, ou castanhos, ou negros –e vestindo com donaire, de cintas finas, porte alto e flexível. Vi na catedral uma missa onde concorreram muitas deliciosas, quase todas com um véu de gaze negra nos cabelos. (Almeida, 1996: 111)

Tamén en Ourense fai unha reflexión sobre as construcións, que lle parecen magníficas. Aproveita para loar o traballo dos canteiros galegos que, segundo el, só teñen igual no mellor dos portugueses:

Em geral o sistema de construção na Galiza é esplêndido, forte, fácil, mercê dos grandes blocos de granito que se talham e formam logo os muros, ligados por cimento, e dum bom gosto moderno que varia ao infinito os seus modelos de detalhe, conservando nas linhas gerais o mesmo tipo. A perícia dos canteiros e escultores de pedra, só tem igual no melhor dos portugueses. (Almeida, 1996: 125)

De Ourense viaxa a Monterrei, Verín e Celanova. Volve a Ourense e de alí vai a Lugo. Na cidade de Lugo, despois dunha longa descrición das murallas e do panorama que ve desde elas, aproveita para facer unhas interesantes consideracións sobre as orixes romanas. Para Fialho de Almeida: “Não há coisa mais austeramente melancólica do que recordar a eternidade deste muro ainda robusto, cingindo há tantos séculos as aspirações de tanta gente.” (Almeida, 1996: 215). Non obstante, vai ser tamén esta muralla a que lle produza unha sensación de aprisionamento e o conduza ao interior de varias igrexas que o envolven nun ambiente de relixiosidade que nunca antes vivira:

Eu sinto que dois meses cativo e sem relações nestas cidades sem ar, amuralhadas, acabariam por fazer de mim também um tartamudeador de padres-nosos. Ao princípio por arte, depois quem sabe se por apego. As virgens são tão lindas, os gestos dalgumas santas tão belos, as mulheres que rezam tão formosas! (Almeida, 1996: 205)

O escritor alentexano, que sempre se manifestou ateo, semella experimentar unha certa devoción cando se deixa levar pola atmosfera do interior das igrexas lucenses. Ante a falta de teatros e espectáculos na cidade, o fervor relixioso parece constituír un elemento

de distracción propio do cristián máis fiel. No entanto, como apunta Lucília Verdelho da Costa, “pensamos que, no fondo, esta é mais una das contradicións de Fialho: o drama entre a súa sensibilidade religiosa e a súa formación científica” (Costa, 2004: 22).

De Lugo vai a Vilalba, Mondoñedo e Ribadeo e de alí á Coruña. A Coruña é retratada dun xeito similar ás outras cidades que visita. Fialho de Almeida divide claramente o espazo en cidade nova ou cidade moderna e cidade vella, que se distinguen esencialmente polos conceptos urbanísticos predominantes. Rúas longas e extensas avenidas, con modernas e faustas vivendas, onde florecen a industria e o comercio, no primeiro caso: “os primeiros avances da cidade da Coruña moderna, que vai avanzando, em esplêndidos bairros de ruas largas e prédios luxuosos” (Almeida, 1996: 295) e rúas estreitas e tortuosas no caso da cidade vella: “ruas do bairro angostoso e labiríntico da Coruña primitiva” (Almeida, 1996: 314).

Fialho é un paciente explorador das realidades mínimas que poboan a cidade, por iso consegue apreciar aspectos que aínda pasan desapercibidos para a maioría dos habitantes. El xa intuía que A Coruña acabaría por ocupar toda a península e que, cando ese momento chegase, sería unha importante rival de Vigo:

A cidade ocupando todo este recinto, desde a ria de Betanzos, do Santuario da Pastoriza, da punta de Riazor, de Orzán, da torre de Hércules, do campo de manobras jacente aos quarteis e da fortaleza, sería un sonho de imensa cidade, rival de Vigo, e melhor do que Lisboa polo pitoresco das súas casas e beleza das súas mulleres. (Almeida, 1996: 319)

O escritor deixa a Coruña para dirixirse a Ferrol e, despois, a Santiago de Compostela, onde termina a súa viaxe. De alí parte para Pontevedra, onde pasa unha noite antes de regresar a Lisboa: “Saio de Santiago a 14 de Julho de 1905, pela manhã, para Pontevedra. Saio de Pontevedra para Lisboa a 15 de Julho, às 8 e meia da manhã. Chego a Lisboa a 16 de Julho às 5 horas da manhã.” (Almeida, 1996: 368)

Galiza, aínda que é unha rexión moi próxima de Portugal, resulta descoñecida para a maioría dos portugueses, por iso Fialho de Almeida utiliza varios procesos retóricos para tornarlle máis próximo o espazo vivido ao público. Unha das estratexias máis frecuentes é a analoxía ou a comparación do espazo galego con outros espazos

familiares para o lector ou lectora. Na maioría dos casos, utiliza este recurso con lugares de Portugal, sobre todo o Miño, pola proximidade con Galiza: “[...] como em Tuy, com casas lembrando as de Viana do Castelo, limpas, boas, mas com miradouros envidraçados.” (Almeida, 1996: 31-32); o Alentejo: “Lindos e muitos giestais cobertos todos de flores amarelas, como as do Alentejo.” (Almeida, 1996: 34); e tamén outras rexións portuguesas como Sintra: “Nas grandes lombas, acima das *fincas*, pinhais e rochas, sendo os cimos em pico como alguns de Sintra.” (Almeida, 1996: 42).

Fialho de Almeida nos seus escritos sobre Galiza é un pintor da natureza que nos desvela toda a súa sensibilidade. Utiliza a creatividade e riqueza lingüística que sempre o caracterizou para resaltar as belezas naturais. Galiza foi capaz de espertar neste home nacido no interior de Portugal unha fascinación que outros lugares non conseguiron, por iso é representada como unha especie de paraíso na terra, coas mesmas características dun *locus amoenus*.

O *locus amoenus* é unha expresión latina que significa lugar ameno, agradábel, idílico. Polo tanto, viría a designar unha paisaxe ideal onde se desenvolve unha acción bela. Segundo a definición que a crítica literaria elaborou está caracterizado pola amenidade e serenidade da natureza, composta por unha ou máis árbores, por un prado verde ou florido, por unha fonte ou un río, aos que se poden xuntar o canto das aves e o sopro da brisa. Xa estaba presente no mundo grego, temos moitos exemplos en Hesíodo, aínda que comezou a ser empregado con moita máis frecuencia na poesía bucólica con Teócrito e Virxilio.

Unha das características fundamentais da literatura bucólica é a comunión coa natureza que asume, moitas veces, carácter de confidente. No canto bucólico, búscase a beleza da natureza e a felicidade das persoas que viven alí. Os pastores dialogan sobre a beleza e a alegría da vida campestre nun escenario paradisíaco caracterizado por un río con augas cristalinas, a dozura do seu correr e a delicadeza das flores e da herba fresca que nace nas marxes. O bucolismo, polo tanto, lexítima a vida apracíbel no campo, en detrimento da vida conturbada na cidade⁵⁹.

⁵⁹ Vid. Rebelo, Ivone da Silva, “O tópos lugar ameno (*locus amoenus*) e as suas múltiples facetas: da antiguidade clásica à época contemporânea”, Universidade Federal do Rio de Janeiro, dispoñíbel en http://www.ippucsp.org.br/downloads/anais_15_congresso/ivone-da-silva-rebello.pdf

A descrición do *locus amoenus* consta de vexetación densa, mais sempre en renovación debido á grande fertilidade da terra e á súa atemporalidade, pois o paso do tempo non leva á destrución da paisaxe. Así, estamos diante dun paraíso terrestre, dentro do cal o ser humano busca a satisfacción polos humildes elementos.

A influencia desta tradición revelouse enorme ao longo da historia literaria e artística. Na literatura portuguesa, o lugar ameno percorreu todas as épocas, desde a Idade Media até o Renacemento, período en que floreceu con todo o seu esplendor. Marcou aínda a presenza no Manierismo, no Neoclasicismo, no Romantismo e continua até os nosos días. É obvio que a súa constitución se alterará neste percorrido temporal, pasando nuns casos polo abandono dalgúns elementos e noutros pola renovación de acordo cos códigos vixentes no contexto en que emerxe.

Nos apuntamentos dos seus cadernos de viaxe, Galiza é representada como un verdadeiro *locus amoenus*. Cando en 1905 Fialho de Almeida atravesa a fronteira, relátanos desta forma o que está a ver:

Esses campos, nos primeiros dias de Junho, chuvosos, de Inverno, são admiráveis de verde vivo, desde o verde seco das cevadas que são poucas, até o pálido dos milhos nascentes nas baixas, às orlas do verde espumoso dos parreirais, e do verde bronze escuro das árvores. A meio são casas brancas, igrejas de granito escuro, casarões, tectos de passadeiras de cal, brilhantes, latadas em fitas de postes de pedra, e nos longes algum cerro calvo, ou algum monte de casas de granito escuro apertado entre os pântanos, entre algum grande castanheiro ou cipreste colossal. Com as brumas que esfarrapam a serra, a discriminam os longes e fazem brilhar no verde as manchas de casas muito brancas, a paisagem é maravilhosa e tocada de mimos. Quando as chuvadas passam, os verdes brilham, a água do rio, de pardo pálido e cor de chumbo, passa a azul de aço, reflectindo as franjas das árvores. (Almeida, 1996: 22-23)

A descrición desta paisaxe é construída con adxectivos que se alían á percepción, pintada con cores de diferentes tonalidades, con predominio da serie xántica, como se dun cadro impresionista se tratase. O lugar ameno que Fialho describe está composto por elementos propios dunha natureza contaxiante, chea de campos verdes, ramaxes frescas, árbores frondosas, froitas saborosas e manso gando:

Grandes robledas aos dois lados. A arborização aqui é intensíssima –a erva por baixo, húmida e fresca, onde pastam cabras e carneiros brancos. (Almeida, 1996: 141)

Campina fértil e quase toda agricultada –na estrada, à saída, aos dois lados, grandes cerejeiras com frutos- grande porção da estrada arborizada. Campos de vinha, campos de erva, robledas e centeios alternando. Dispersos por este campo raso e montuoso, mas pouco espriado, há carvalhos e castanheiros, uma cadeia de montanhas, de poucos picos, à direita. Do lado esquerdo os campos que se alteiam, não deixam ver a serra longa. Alguma casa isolada à beira da estrada, com algum cerrado onde novilhos e cabras pascem. (Almeida, 1996: 155)

O elemento constante que caracteriza o *locus amoenus* é un lugar particular, onde hai auga en abundancia e unha vida sen perigos. Este concepto, que está caracterizado pola tranquilidade e fermosura natural, suscita a imaxe do xardín do Edén, do paraíso:

A água vai espriada, abundante, deixando lagoas nas baixas herbáceas, atravessando paraísos de árbores novas, e viçosas. Agora são tudo árbores no vale que a estrada corta em grandes ondas; são choupos, faias, castanhos, robles, amoreiras, salgueiros; os caminhos perdidos são milhares –os bois rilhando erva de meio metro erguem a cabeça para ver quem faz barulho e continúan. É un paraíso verde de campos de erva cobertos de malmequeres brancos (macela) e botóns de oiro, onde as espigas se inclinam, e os casebres ocultos em castanhais têm nas varandas de pau, rosas-de-armar. (Almeida, 1996: 233)

Soutos de castanheiros deslumbrantes, verduras, vexetación a flux, e novos vales, florestas, povos, cimos, culturas que disse, caminhos vicinais na sombra dos arvoredos, gados, águas correntes, encostas de admirável pitoresco –e as estradas são profundas, vão, vêm, pasan encostas, furan montes, ondulan, galgam, levando a vida a esses lugarejos afastados. (Almeida, 1996: 292)

Aínda temos outro belo exemplo de *locus amoenus* cando nos relata, con magnífica mestría, o paso do río Miño por Lugo. O Miño é retratado non só como un elemento fecundador, senón tamén como o símbolo da Galiza nai:

Esta descida à Veiga do Minho é un dos encantos idílicos de Lugo; por ela a paisagem reabilita-se, e cria-se amor ao río, que para mim português não é mais um río, mas um símbolo da Galiza mãe, mandando aínda aínda agora as seivas da sua alma fecunda e forte, á nossa extenuada terra portuguesa. Por longa extensión, suponho, esta serena e maravilhosa toalha de água vai aínda, pelos vales da província de Lugo, caíndo em torrentes, soando nos açudes, fecundando-a; do alto da costa da *carretera* que vai a Santiago, aínda de tornar á cidade, sigo com a vista esse enorme e límpido cristal que sussurra e parece ter consciéncia do seu papel benéfico de río, e tem a mansidão contemplativa do galego, e vai no labor tenaz que é a sua vida rural neste país. (Almeida, 1996: 226-227)

Non só a paisaxe do interior está representada como un paraíso, as aldeas mariñeiras son un auténtico *locus amoenus* mariño onde os ríos son substituídos polo mar e os pastores e campesiños por pescadores. Na súa primeira viaxe a Galiza, en 1903, déixanos estas impresións sobre a ría de Vigo:

Há vento, maré cheia, uma agua verde-azul de tinta amara, chapinhante, inquieta, mas cariciosa e sem cólera, por forma a tumefazer toda a minha alma marinha de paixão! Oh meu senhor Jesus, que esplendida paysagem! Que natureza ridente e encantadora! (Almeida, 1921: 29)

Da banda nascente ensombram-se as montanhas, violetas, côm de chumbo, azul vinôso – sobem nevoas dos vales – e é um momento supremo na paysagem, com toda a poesia cósmica vivida n’essa transmuta gradual da luz reenviando d’um mesmo quadro, milhões de provas diversas, e toda a feeria das nuvens dando por traz das Cies a momentânea ilusão d’outros ilheus, com cristas e faroes d’uma cidade efémera de conto, revivendo um instante de retina, para fazer logar a outra de lavis mais cavado, em cores que cyanosa a noite próxima, quando já perto de Vigo, as primeiras luzes de gaz riscam o caes, e confusamente no ar triste os sinos fazem soar o ângelus de paz. (Almeida, 1921: 54)

Tamén encontramos moitos exemplos en *Cadernos de Viagem. Galiza, 1905*:

Quando o rolo se forma há um brilho de cristal na água. Que capricho nas ondas, que bravura! Que saúde e que galhardia! No encher da maré há como uma alegria de peitos novos que respiram e saltos de adolescência, e *halalás* de bocas hercúleas, virginais, de *walkirias* que batem o record da força épica! (Almeida, 1996: 46)

Noutros fragmentos vemos como *o locus amoenus* se introduce no mundo urbano convertendo os bosques en belos xardíns cheos de flores onde as persoas pasean felices e as crianzas brincan a todas as horas:

Está-se a ver a beleza e a comodidade destes jardins vastos, jacentes à praia de banhos, ainda nascentes, mas já cheios de flores, de ruas, de bancos retirados, onde bandos de paseadores e de crianças entram e saem, e brincam a toda a hora, e em cuja disposição, balaustradas abertas de granito, vasos, plintos, há realmente gosto, e um apurado sentimento do pitoresco. (Almeida, 1996: 302)

Para Fialho de Almeida algunhas das cidades que visitou cando viaxou a Galiza son verdadeiros lugares amenos. Esta descrición da Coruña, chea de luz e alegría, é un claro exemplo:

O ruído do mar nas pedras é fragoso e cortado de pequenos pontos de acalmia. No percurso que os olhos abrangem, de todas estas costas, o salto das espumas, as franjas ondeadas da vaga contra as rochas, têm um ar de coisa cândida e virginal, purificante, que faz vertigens e atrai. Um dia a Coruña ocupará toda esta península de casas, ruas e praças, será então, como já é, uma cidade de luz e alegria, porque em dias de sol e fresco do mar, não se imagina o bem-estar que experimenta aqui o forasteiro. (Almeida, 1996: 319)

A cidade resulta un lugar de conforto para algunhas persoas que viven alí, sobre todo para os galegos de *certa ordem*, con posibilidades económicas, como vemos nestas impresións que nos deixa sobre a cidade de Vigo:

Em geral o galego de certa ordem vai para os seus clubes e casinos. Alguns são ao rés da rua abertos, e aí, em cadeiras de balanço, os sócios repousam-se, luzem-se, vendo passar gente, gostando que lhes admirem a elegância. A mania do spotismo (sic) domina. Jogam o críquet e foot bool com os ingleses; têm velódromo, pedalam. São em geral robustos e desempenados –ar inglesado. Até nisso justificam ser a continuação da Irlanda. (Almeida, 1996: 95)

Os patizes em bons homens gordos, de perninhas gordas, meias curtas, bonés e chapéus de piqué, davam riso: assim como na construção dos prédios há rivalidade de construtores, assim no exhibir dos pequenos em passeio, parece que as mães querem fazer concurso. (Almeida, 1996: 99)

A *gente fina* da Coruña tampouco pasa desapercibida para o escritor:

A gente fina é bonita, bem vestida e de excedente e senhoril aspecto. O galego fino tem uns exemplares claros, do tipo inglês, seco, forte e corado, e grandes pés e marcha rápida, a que vão bem os trajes claros e o canotier ou o chapéu de aba revirada, de Verão.

As crianças são quase todas deliciosas, pobres e ricas; as que têm saúde, são em geral exemplares deliciosos de baminos. Há uns tipos morenos, de olhos azuis, grandes pestanas, de nariz e buril e pálpebras de pregas delgadas –de mãos e pés maravilhosos, e que parecem modelos dos baminos que expõem nos altares, do alto dos nichos, as Nossas Senhoras espanholas. Não há nada mais lindo, mais forte, mais perfeito, e também não há país onde as crianças tenham mais despóticos poderes. Verdade seja que são doces alegres e inocentes. As mulheres finas, algumas vi duma beleza extraordinária, de cabelos incomparáveis, e penteados com o gosto de artistas, em coroa, descobrindo e fazendo valer o perfil com uma graça de medalha e camafeu. São (as raparigas) em geral magras e gráceis, esbeltas e altas, e cm cintura e pescoço, que é coisa que na burguesia portuguesa está a desaparecer... (Almeida, 1996: 297-298)

Con todo, a realidade que vivía Galiza a principios do século XX estaba bastante lonxe de considerarse ideal. As continuas migracións, a causa da pobreza e da falta de mellores perspectivas de progreso, así como a hexemonía social da fidalguía e do clero sobre unha burguesía case inexistente, cos consecuentes privilexios e abusos sobre o pobo, fixeran desta terra unha das máis pobres do Estado español, tamén moi atrasado con respecto a outros lugares de Europa.

Desde finais do século XIX, Galiza é unha terra pobre sen demasiadas esperanzas de progreso, o que se traduce nun éxodo migratorio moi elevado, como non se coñecía até entón. O mundo agrario galego estaba debilitado por razóns moi diferentes: os cultivos eran pouco diversificados, as técnicas de explotación da terra case non estaban modernizadas e aínda permanecía o sistema foral e uns impostos demoledores para as economías campesiñas. Ante esta situación, a emigración convértese na única saída⁶⁰.

O paraíso e a autenticidade do modo bucólico son maculados pola fame e a doenza que transforma irremediabelmente a inocencia e harmonía do ameno, verde e ocioso retiro campestre, en lugar de traballo e sufrimento. Non hai paisaxe amena ou ideal capaz de resistir as duras circunstancias que estaba a vivir o campesiñado de Galiza nos primeiros anos do século XX. Esta dramática situación da poboación galega non escapa aos ollos de Fialho de Almeida quen se estraña cando ve grandes extensións de campo sen cultivar e que nos fai lembrar os coñecidos versos do poema “Pra a Habana” de Rosalía de Castro⁶¹:

Os campos são pobres –os povitos muito tristes e minguados, nos altos. O arvoredo curto, escasso, e nenhum ar de fortuna ou de riqueza. // É porque a terra é má? É porque não há gente que a cultive? Emigrarão? (veja). Só a giesta é alta, toda coberta de flores amarelas, deliciosa. Os campos são, é certo, muito divididos por valados mas a maior parte não é cultivada. Algum centeio, algum casebre, algum barranco de choupos, e são assim extensões intermináveis. (Almeida, 1996: 289)

⁶⁰ “A emigração converte-se, desta forma, por número e características, num sintoma bem evidente dos problemas com que se defrontava a economia galega no século XIX e, inclusivamente, depois. O esgotamento dos métodos tradicionais de expansão agrária era já um facto em meados do século XIX. E se a isso acrescentarmos o modo de producir-se a crise do Antigo Regime e a aprofundamento do atraso que este desajuste traz consigo, compreender-se-á melhor porque emigrava tanta gente.” (Villares, 1991: 115-116)

⁶¹ “Este vaise i aquel vaise/ e todos, todos se van/ Galicia sin homes quedas/ que te poidan traballar/ Tes, en cambio orfos e orfas/ e campos de soledad/ e nais que non teñen fillos/ e fillos que non tén pais”.

Como se pode verificar neste fragmento, a visión bucólica do espazo contrasta coa miseria que asola esta terra. O escritor, nesta viaxe, é consciente da dura realidade que estaban a sufrir os campesiños e campesiñas e retrata o campo, non só como un *locus amoenus*, senón tamén como un lugar de traballo e sufrimento:

A Coruña está já longe: a serra vai toda dividida, mas quase inculta e sem arvoredo. Aldeota de casebres, as crianças já fitam menos a gente –são tímidas, ariscas; e os homens e mulheres evitam o olhar, e só de costas nos examinam. As crianças, disse, são bichos de mato, mas inda correm atrás de nós, e vêm pelos campos lamacentos, de saia vermelha, pés imundos, trigueiras, ver passar a diligência. *Plató* no alto das serras –povitos á beira da estrada, caminhos profundos, sob ramas. Montanhas e rampas de culturas; aspecto carrancudo e triste duma serra que faz o homem desconfiado e a vida dura. (Almeida, 1996: 339-340)

As crianzas que viven nas aldeas case sempre son bonitas mais o paso do tempo e dureza do traballo acaba por convertelas en bestas de traballo, como vemos nesta descrición case caricaturesca:

Nos galegos do campo, em certos, a expressão da boca tem às vezes bestialidade; os lábios ajustam mal, não têm simetria no corte, aos dois lados, o que a muitos dá uma expressão de je m'ém fiche, ou de animalidade irracional. E como esta expressão não podem tê-la as crianças, resulta que elas são quase sempre bonitas, ou engraçadas. (Almeida, 1996: 338)

Hai veces que a miseria non respecta nin a infancia, o retrato dos nenos e nenas que perseguen o coche onde viaxa Fialho para ver se poden conseguir algunha moeda, é unha boa mostra:

Alguns têm verdadeiramente o ar miserável, cobertos de farrapos de saragoça, com faces negras e perfis de macacos magros. Olhos pardos mas ardentes, sabendo que a passagem do coche é rápida e que é necessário ganhar tempo, e não o deixar partir sem tirar dele alguma coisa. (Almeida, 1996: 340)

Se temos que escoller un fragmento do libro que sintetice a dura da realidade que o campesiñado de Galiza estaba a vivir nese momento, teríamos que ficar con este. A cantidade de adxectivos cargados semanticamente dunha forte negatividade (*medonha, imunda, poeirenta, insuportável, sujas, pobres, lúgubres...*) contrasta coas descricións do paraíso que vimos antes:

A estrada medonha, imunda, poeirenta, muros sobre rocha, com tufos de erva, uma poeirada insuportável. Ranchos de crianças

maio nuas, foçando, rolando-se ranhosas, sujas, fazendo bichas intermináveis –e nos interiores das casas, santos, camas desfeitas, corredores negros abrindo nas traseiras do quintal, pobres cortinas de chita, pobres oficinas, onde os porcos se misturam com os artífices –galinhas, gatos lúgubres, mulheres sentadas no chão fazendo misteres, catando-se, coçando os pés, tomando fresco –e logo no meio de rumas de fato, de caixas, de cestos, de coisas que nunca forma arrumadas, criaturas cor de tijolo que comem em melgas, com colheres de pau, guisados fétidos de azeite que puem cá fora –baiucas de tascas com o balcão em meio muro, separando a loja do freguês, padarias mostrando quatro pães de roda de carro por um escaparate de três palmos, sujo a ponto de não deixar entrar a luz –e dentro dessas baiucas às vezes, caras deliciosas de maçã e cabelos castanhos. Gente que malha linho e centeio. Às vezes esses casebres são duma velhice trágica, com as escadinholas gastas a que se sobe da rua até portas estreitas, uma lucarnita por cima guardada por rede, duas janelucas microscópicas com vidros em quadrado, e uma chaminé de pedra e cal, recozida, sinistra, a cair, à beira do telhado. (Almeida, 1996: 346)

Da mesma forma, constatamos que no campo, ao igual que nas vilas mariñeiras, existe a dureza do traballo e a miseria nos seus habitantes:

O aspecto destas gentes de mar em muito pouco ou quazi nada difere do dos nossos pescadores da costa entre Matosinhos e Espozende. São gentes meãs, sem a corpulência e a beleza talvez dos nossos esplendidos hercules Pova, mas d'arcabouço rijo, arcado em bronze vermelho, mãos curtas, bocca sangrenta e cerrada, e no olhar castanho, ou verde, ou azul pardo, essa mui séria e tranquilla expressão de pessoas em quem a adolescência, pelas luctas da vida, tem já uma especie de maturidade. (Almeida, 1921: 49)

Não me canso de olhar o mar. Como não amar estas costas pitorescas e estas águas tão puras, banhando este país tão desgraçado! (Almeida, 1996: 45)

Entretanto as ruas do parque têm beleza, ondeando, copadas, com pássaros, pegas, rolas, merlos; é uma cantada amorosa contínua, a que se junta o ruído do mar. Maciços de pitósporos e arbustos de folha verde, como a dos arbustos com folhas de camélias, do meu quintal, e outros muitos de flores e cachos. A hera veste quase todas as muralhas em tapetes soberbos. Por cima das ruas, as franças juntam-se e murmuram. Mas o ruído do mar domina, mesmo na baixa do parque. É uma região encantada, esta, e fechada à miséria das aldeias pescadoras. (Almeida, 1996: 54)

Um rapazito salta do muro de cima, como um gato, para o adro; é loiro e pálido, afusado, doentio e de camisola e pobrinho, com os mais lindos pés que ainda vi, mimosos e chatos, oblongos e leves, pés de raça e uma carita afilada de príncipe, olhos azuis e boina, um arbusto raro. É um pobre da vizinhança que mora nalguma casucha perdida por ali, filho de pescador, e que será daqui a anos uma daquelas bestas de trabalho. (Almeida, 1996: 41)

É preciso lembrar que nesta altura, e á par do que sucede noutros lugares do Estado español, apréciase o arranque dunha tímida industrialización, coa consecvente aparición dunha burguesía industrial e financeira, formada ao redor da industria conserveira, da construción naval e dos negocios relacionados coas migracións. Esta industrialización vai ter como resultado un incremento da poboación nas zonas urbanas. Con todo, nos apuntamentos que Fialho de Almeida escribe durante a súas visitas a Galiza, verificamos que os problemas existen no campo igual que na cidade.

Así, como nos mostra Williams no libro *O campo e a cidade*, o contraste entre estas dúas formas de vida xa se remonta á Antigüidade Clásica e, en torno das comunidades existentes, xeneralizaranse actitudes emocionais poderosas: “O campo passou a ser asociado a uma forma natural de vida –de paz, inocência e virtudes simples, e à cidade asociou-se a ideia de centro de realizações- de saber, comunicações, luz.” (Williams, 1990:11). Ademais, ao lado destas asociacións tamén se formaron outras negativas: “a cidade como lugar de barulho, mundanidade e ambição; o campo como lugar de atraso, ignorância e limitação.” (Williams, 1990:11).

Como podemos comprobar ao longo dos cadernos de viaxe, a cidade pode ser un lugar de conforto, sobre todo para algunhas das que viven alí, mais para outras é un lugar de traballo:

Nos cais, em certos embarcadiros, os amadores de náutica vêm as traineiras de amadores largar do porto e evolucionar entre os dois molhes; ou são renques de operários moços, em geral musculosos, vermelhos e possantes, de alpercatas e boina e blusa e calças de pana, que saem do trabalho, e rápidos, com marcha silenciosa das solas de cânhamo, vão ao seu destino, gesticulando e falando, sem o medo dos nossos quando atravessam meios de gente bem vestida. Por mais que não se queira, a nota do mar, com a cor azul-cobalto neste país maravilhoso de golfos (sem calembourgs) domina tudo, as conversações, a paisagem, os sentidos, os sonhos, porque é impossível não morrer de amor por estas rias. (Almeida, 1996: 328-329)

Polo tanto, vemos que non existe unha oposición entre o campo e a cidade, a miseria está en todos os lados. Reparemos neste fragmento en que Fialho de Almeida describe a vida feliz da cidade, se non fose pelos numerosos mendigos inmundos. Son os superviventes da crise agraria finisecular, moitos deles á procura dun traballo na Coruña, que nesa altura era a capital de Galiza:

Às tardes, quando refresca e a vida dos escritórios e negócios passa, há um momento de vida alegre e feliz desde a Calle Real até o Cantón pequeno e Alameda (que se chama Paseo Méndez Núñez).

É a hora das mulheres saírem (finas) a compras –das crianças com as amas virem para a alameda brincar umas com as outras- e toda essa grande área plana enche-se de gente, de rumores. Há realmente uma sombra de felicidade se não fossem os numerosos mendigos imundos que percorrem as terrasses dos cafés e que aqui aparecem em maior quantidade do que em Vigo, e, em muito maior do que em Lugo ou Orense. (Almeida, 1996: 327-328)

E tamén estoutro sobre Santiago de Compostela:

A imundície destas ruas nunca varridas, e com o *mac-adame* levantado, as valetas cheias de pedras e de lixo, os passeios por varrer – continuando a crápula dos corredores e dos currais (pátios), dos quartos de dormir onde pulula toda uma tropa de poviléu porco e arábigo, faz náuseas. Esses solos e pedras nunca se lavam, lustrosos de porcaria, cheirando aos mais infames bafos de esterco e de uma urina podre, levantam o diafragma e fazem voltar a cara de pavor. As crianças, que na Galiza são em geral fortes e sãs, a pesar da porcaria, nestes bairros santiagueses ressentem-se e têm o ar amarelento e chocho de filhos de sífilíticos ou de tuberculosos. (Almeida, 1996: 349)

A visión que Fialho de Almeida ten de Galiza é realista. O escritor describe esta terra como un verdadeiro *locus amoenus*, con verdes campos, ríos que teñen augas cristalinas, gando manso, paxariños que musican a beleza da paisaxe e flores e froitos para deleite dos pastores e labregos. Porén, dentro deste paraíso, hai persoas que teñen unha crúa situación. A crise agraria que estaba a sufrir Galiza nos primeiros anos do século XX fai que a vida neste lugar ameno non sexa nada fácil. Alén da emigración, a dureza do traballo da terra é a única solución que ten o campesiñado para sobrevivir á fame. Non obstante, isto non acontece só no campo, a vida da xente do mar non é mellor. Incluso o aparente confort da cidade, que ve os primeiros intentos de industrialización, é un espazo reservado só para uns poucos. Ao final verificamos que non é un problema do lugar, é un problema de clase. “Na aldeia, como na cidade, existe división do traballo, existen contrastes entre as diferentes posicións sociais, e, portanto, há necesariamente puntos de vista alternativos” (Williams, 1990: 229).

Cando analizamos a imaxe negativa que aparece nos primeiros contos que escribe Fialho de Almeida, falamos da figura dos galegos, homes. O uso deste masculino xenérico non é nimio, pois esta imaxe está relacionada co fenómeno migratorio que,

como sabemos, foi basicamente masculino. Unha vez que atravesamos o río Miño xorde unha nova representación, sobre todo de Galiza como terra, mais tamén dos seus habitantes, agora homes e mulleres. Nos dous casos o que os caracteriza é a condición social: por un lado, estaría a clase traballadora, que vive nunha situación de miseria e, por outro, aquela que goza dun ambiente distendido e sen preocupacións.

Na súa primeira viaxe a Galiza, en 1903, nun texto que escribe sobre Vigo, di que lle parece que as mulleres non traballan tanto como as portuguesas e que gozan da vida calma do lar, no entanto esta idea muda segundo vai coñecendo máis a fondo a realidade galega:

Quis-me parecer que, pelo menos n'esta estancia da população piscatória da Galliza, as mulheres não partilhassem tanto, como as nossas d'Aveiro e Póvoa de Varzim, das violentas fainas dos homens, fruindo mais calma vida de lar, o que logo se vê pelo diferente aconchego dos filhos, e aceio das moradias, tão outros das infectas pocilgas dos nossos bairros pescadores. (Almeida, 1921: 50)

Na súa segunda visita a Galiza, Fialho de Almeida afonda na idiosincrasia do pobo galego e repara no esforzo das mulleres, que cualifica de traballadoras incansábeis. Nos seus cadernos de viaxe aparecen as “mulheres com cestas à cabeça e burros de lenha vêm ao mercado” (Almeida, 1996: 59), as que están “britando pedra na estrada com martelos” (Almeida, 1996: 65), as “mulheres de fruta e galinhas e canastras” (Almeida, 1996: 66), as que “carregam, descamam, decepam as cabeças da sardinha que homens e mulheres carregam em cestas” (Almeida, 1996: 80), aquelas que “vieram a Vigo a vender, e voltam com as gigas vazias, os cântaros de leite vazios, descalças, de negro ou chita clara, fazendo adeus para o comboio.” (Almeida, 1996: 86) ou as que ve “na estrada, em burros e cavalicoques, com golpelhas de galinhas e de frutas.” (Almeida, 1996: 340). Sorpréndelle a fortaleza das mulleres galegas, que sofren a dureza da vida campestre tanto ou máis que os homes. Lonxe de dedicarse exclusivamente ás tarefas domésticas, traballan fóra e dentro da casa.

À primeira hora de saída de Orense, a estrada vai povoadíssima de gente, a pé, carregada de cestos de fruta e hortaliças - mulheres descalças, carregando inverosímeis cargas de feixes de carqueja e de vides, em molhos pequenos, atados com junça, já feitos, para acender o lume. Vão descalças, mal vestidas, cheias de suor e de cansaço, rebentando sob a carga. Vêm da montanha, mui longe,

para vender à cidade a carga, que lhes valerá 2 pesetas. (320 reis).
(Almeida, 1996: 162)

Mulheres com feixes de erva, cheirando a feno; uma lojeca com
peças de riscado e um caixeiro de tamancos. // Bois magros que
voltam, com porcos negros, guiados por uma mulher, pela estrada.
(Almeida, 1996: 146)

En Galiza, as mulleres rurais sempre compartiron o traballo cos homes. Alén diso, os contratos de aforamento, típicos en Galiza desde o século XIII até que en 1926 se consegue a súa redención, danlles unha importancia similar á dos homes. As obrigas estipuladas nos contratos son para ambos os dous cónxuxes. É evidente que esa corresponsabilidade se converte en individual cando a muller queda viúva. O seu traballo no eido campesiño non é exclusivamente o relacionado co ámbito doméstico, senón que comparten cos seus maridos as tarefas da terra e todo o que iso implica. Ora ben, non só as mulleres do campo traballan arduamente, as das vilas mariñeiras tamén:

Na baixa da maré, mulleres e criançás recolham algas para as
secarem nos sítios altos e venderem para adubo, como entre nós.
(Almeida, 1996: 46)

Tudo barcos pequenos. O fracasso da maré chega a toda a parte.
Todo este bairro de encosta é de vielas de muros de pedra solta,
separando quintais e casuchas de un piso térreo, e bocadas que
dominan o mar. Mulleres de pescadores todas de negro e
descalças, como as nossas. (Almeida, 1996: 31)

Se hai un fragmento que sintetice a admiración de Fialho de Almeida pola muller traballadora galega, sen dúbida, sería este:

A muller da Galiza é, como a nosssa do norte, una brava e
corajosa compañeira do home, traballando tanto coma ele,
servente de pedreiro, condutora de carros de bois, lavradora,
administradora forreta e mãe de fillos. Não há mais valente e
destemida criatura, para atravesar as misérias da vida pobre.
(Almeida, 1996: 81)

Pola contra, as mulleres da cidade aparecen caracterizadas case sempre polo seu aspecto físico e non hai referencias á súa actividade laboral, que é ben coñecida na época, sobre todo na industria conserveira de Vigo ou na fábrica de tabacos da Coruña.

As mulleres finas, algumas vi duma beleza extraordinária, de
cabelos incomparáveis, e penteados com um gosto de artistas, em
coroa, descobrindo e fazendo valer o perfil com uma graça de

medalha e camafeu. São (as raparigas) em geral magras e gráceis, esbeltas e altas, e com cintura e pescoço, que é coisa que na burguesia portuguesa está a desaparecer, parecendo as raparigas abóboras, e tendendo a raça, por falta de ginástica e selecção nas uniões, e enfartamento alimentar, a realizar na mulher o tipo exclusivo –bola de unto- que acabará com o amor, aproximando os sexos só á hora do sexo, e fazendo da descendência uma serie de porquinhos da Índia, de buço e mãos palmouras. (Almeida, 1996: 298)

As referencias á aparencia das mulleres son constantes. Na súa visita á Coruña en 1905, sorpréndese da beleza de cinco señoras que entran no hotel onde estaba hospedado, sobre todo dunha que é loura. Fialho de Almeida sentía predilección polas persoas louras, pois para el constituían unha especie de ideal artístico:

Das outras, eu não vi senão uma loira, e cuido que nunca na minha vida me senti tão mal na minha velhice enferma e na minha raça plebeia deformada. Porque era algo de mui transcendente e raro, essa beleza adolescente de mulher. Loira, com os cabelos secos e ligeiros de seda crua, e em coroa sobre uma cara de perfil celeste, alguma coisa dessa expressão que têm, nas fotografias de perfil, certas estatuas de deusas nos museus do Vaticano –e uma cinta tão fina, umas pernas tão altas e direitas, um tal modelado elástico de busto, uma tal frescura pálida de rosa, uma tal nuca, tais orelhas pequenas de deusa, tão estreita e pura testa, tão finos sobrolhos, desenhados em arco, numa penugem castanha, apenas leve como a ponta fina dum pincel –umas tais sobrancelhas de oiro –uns olhos pardos claros que refulgem azul-ferrete nos raros instantes de concentração e dilatação da pupila, tudo isto fazia dela um destes produtos em que a beleza humana faz ponto e donde não é possível subir, nem se pode sequer continuar. (Almeida, 1996: 228-229)

Déixase impresionar de tal forma pola fermosura das mulleres galegas que as chega a cualificar como unhas das máis belas do mundo:

Em Espanha estes produtos são tão frequentes, nas cidades, que bem se pode dizer que é a raça espanhola, e em particular a galega, de certos sítios, uma das mais esteticamente belas do mundo, e as mulheres espanholas, daquelas em que os instintos de elegância e de graça mais superiormente se avantajam. (Almeida, 1996: 299)

Talvez debido ao seu aspecto delicado sempre admirou aquelas persoas que gozaban dun físico vigoroso⁶². Fialho réndelle culto ao corpo humano, sen distinción de sexo, e

⁶² “Débil e vulgar, Fialho manteve, durante tóda a vida, a admiração da beleza física – sem distincção de sexo –, e de força animal, de que chega a dotar a própria natureza bruta.” (Pimpão, 1945: 54)

describeo como se fose unha obra de arte, como vemos nesta descrición dun rapaz en Vigo:

Outras tantas veces nessa turba infecta e salgada algum rapaz de rins direitos e olhos verdes, duma infinita e animal serenidade, as pernas altas e dereitas, os pés chatos de estátua, o pescoço vermello, a pele das pernas e dos pulsos ainda não tanada do sal e da aguardente, os cabelos fulvos riçados nas fontes, arregaçado até às curvas, os ombros gráceis e as orelhas pequenas, surgirá no meio da turba, carregando canastras como ânforas, com gestos clássicos, alheio ao sexo, inocente e soberbo da inconsciência da adolescência ainda não espicaçada de desejos, e que um pródigo de isolamento na faina dos barcos e na vida extenuante do mar, conservou isolado dos sentidos, e adolescendo como um admirável *specimen* da raça humana, vivendo de ar livre e vida pura. (Almeida, 1996: 80)

A el interésalle a beldade en si. O rapaz convértese nunha idealización do corpo humano, da fermosura obtida pola abstracción. A proporcionalidade do corpo e a súa idea de beleza están representadas precisamente na propia harmonía dese corpo, igual que se se tratase dunha escultura clásica:

Impossível, a quem está afeito à vida dos museus e nasceu como os instintos da beleza perfeita, não deixar de seguir um momento, essa marcha de Antínous pudico e soberbo: só os estupiddades orgulhosos desta falta de curiosidade e de inteligência, é que se gabam de só entender de mulheres, como se isso fosse uma qualidade intelectual e superior, é que não explicarão esta admiração entre as naturais do homem inteligente e superiormente preparado à exaltação da raça e à integração da beleza entre os predicados superiores da vida humana. (Almeida, 1996: 80)

Con todo, esa beleza dalgunhas persoas que viven na cidade contrasta co da xente das aldeas, que caracteriza como “feia, como a nossa, dum tipo diverso e sem uniformidade, trigueira em geral” (Almeida, 1996: 289).

Por outro lado, e tamén relacionado coas mulleres, é curiosa unha referencia que fai na súa segunda viaxe a Galiza á prostitución en Lisboa. Nunha conversa que mantén cun galego nun hotel de Ourense, o home coméntalle que se estraña coa cantidade de mulleres que se dedican á prostitución en Lisboa. Fialho non quere darlle explicacións, mais escribe no seu caderno que é probábel que esas portuguesas coas que dicía que estivera fosen en realidade mulleres galegas.

No hotel um espanhol diz-me que esteve em Lisboa 15 dias e que há muita prostituição extra-regulamentada. Mulheres sérias, com

os filhos pela mão, o incitavam quando ele as fitava. Mulheres com cabazes à cabeça, que só têm essas gigas para pretexto de andar nas ruas, faziam o mesmo. Na praça da Figueira, que era um lugar de deboche, fodia tudo.[...] Não lhe quis explicar que todas essas senhoras de negro e de véu, com meninos pela mão, e que ele supunha gente séria fazendo concorrência à prostituição regulamentada, era[m] nada menos que andaluzas de Sevilha, de Madrid e até da Galiza, regulamentadas como nenhuma e de importação espanhola, que faz[em], como toda a gente sabe, os dois terços da prostituição de Lisboa – sem que isso desminta a virtude das mulheres espanholas, que é grande e respeitável (basta ir a Espanha), mas por um acaso que faz com que essas mulheres, sendo mais belas e desenvoltas que as nossas, sejam de preferência escolhidas para o tráfego de brancas. (Almeida, 1996: 176-177)

A prostitución de mulleres españolas en Portugal, sobre todo en Lisboa, era tan coñecida que *ir ás españolas*⁶³ acabou por se converter nunha expresión popular. No entanto, a idea das españolas, morenas e exóticas (trazos que normalmente as caracteriza), pouco ten que ver coa muller galega que retrata Fialho de Almeida nas súas viaxes.

Uma coisa que escandaliza os estrangeiros de Lisboa, é o alarde que a toda a hora faz a prostituição das mulheres nas ruas de passagem. Em toda a parte, até nas cidades da Galiza, a prostituição é uma coisa velada; as mulheres, de profissão putas, não saem enquanto as outras andam na rua, e só depois de meia noite podem mostrar-se nos centros de concorrência. Em Lisboa, nos bairros pobres, misturam-se com a outra gente, e nos prédios e ruas dos moradores decentes (diga o que sabe da R. Silva e Albuquerque); e nas ricas, acontece o mesmo, com poucas exceções. As putas saem a toda a hora, com crianças pela mão (veja o que me dizia da prostituição de Lisboa, o espanhol de Ourense) o que dá aos estrangeiros a ideia, vendo-as de dia, de negro e véu, e criança pela mão fazendo sinais aos homens que as senhoras sérias são todas putas, e fodem. // Uma coisa curiosa em Lisboa é que espanhola é uma profissão: -Que faz aquela? - É espanhola no café de... ou – É espanhola na feira de Alcântara. (Almeida, 1996: 331-332)

O interese de Fialho de Almeida polas mulleres da clase social máis baixa vaino levar a tomar contacto coa prostitución. As prostitutas van ser unhas das figuras femininas máis frecuentes dos seus contos. Precisamente ese afán de coñecer o lado máis escuro e decadente da realidade lisboeta vaino relacionar con estas mulleres, que van ser as que máis lle interesan no ámbito das clases desfavorecidas.

⁶³ “«Ir às espanholas» significava, no século XIX gozar de um paraíso sexual. A mulher espanhola era tida como a amante ideal para gozar. Principalmente a prostituta, tinha a boa fama de deixar de rastos o mais pintado e atrevido dos rufias.” (Pais, 1985: 235)

A misoxinia do escritor é obxecto de estudo no libro *Fialho de Almeida um decadente em revolta* de Lucília Verdelho da Costa, mais nós non vemos moitas mostras deste aspecto nos seus cadernos de viaxe. É probábel que a tipoloxía puidese influír, pois non deixan de ser apuntamentos que toma durante as súas visitas a Galiza, só se limita a describir as mulleres que ve ao seu paso (as campesiñas, que cualifica de traballadoras incansábeis, e as señoritas das cidades, que lle sorprenden pola súa beleza física), e non fai reflexións máis profundas. Ora ben, é de sobra coñecida a posición de Fialho de Almeida acerca do papel da muller na sociedade, que para el debe estar estritamente asociado ao ámbito familiar e doméstico.

Segundo Fialho cabe, portanto, à mulher ocupar um lugar «diferente» do dos homens na sociedade, que tem a ver com o seu papel tradicional ligado á esfera doméstica e familiar; em seu entender, a mulher deveria estar preparada para a economia doméstica, a cozinha, a alfaiataria e a enfermagem. Enquanto a mulher permanecesse, do ponto de vista intelectual, «inferior» aos homens, a família (e os seus valores tradicionais), aguentar-se-ia; caso, contrário, aquelas que singrassem na carreira das letras, ou das ciências, ou da administração, ou seriam sempre alvo de reprimendas, ou pura e simplesmente não aguentariam, sem relutância, «os misteres sagrados da casa, desde a caçarola ao leito conjugal», acabando por divorciar-se. (Costa, 2004: 35)

Para o escritor só había dous tipos de mulleres: a pura, que está relacionada co amor maternal, e a viciosa, que era a orixinaria de todos os males:

Quanto às mulheres, desprezava-as pura e simplesmente. Havia dois tipos de mulheres para Fialho: a viciosa e a pura, a mulher ideal, a do amor maternal. O resto era ludíbrio, traições, adultérios. A níveis vários a mulher é, portanto, fonte do vício e causa da desgraça dos homens” (Costa, 2004: 36)

Fialho de Almeida tiña unha visión claramente conservadora e burguesa sobre a función da muller na sociedade. Pensaba que o ensino escolar masculinizaba as mulleres e que as súas vocacións deben ser a maternidade, a economía doméstica, a cociña ou a enfermaría. En moitos dos seus contos as personaxes femininas aparecen posuídas por un forte desexo sexual, mais non é unha casualidade que case todas son de baixa condición social. Para el, canta máis baixa sexa a escala social, menor será a cultura e, polo tanto, menor será a capacidade para conter os impulsos. Non obstante, ten outros textos en que asume unha posición máis antiburguesa en que é bastante menos crítico co papel da muller na sociedade. En todo caso, a vertente conservadora do seu discurso

sobre as mulleres é dominante⁶⁴. Verdelho da Costa pensa que a misoxinia de Fialho de Almeida está estreitamente relacionada coa súa misantropía, pois en realidade a súa incapacidade de sentir afecto polos outros tamén o leva a ter esa odio cara ás mulleres⁶⁵.

Outro aspecto interesante dos textos que realiza durante as súas viaxes é a lingua. A pesar de que a maior parte das veces lle parece que escoita español nos habitantes de Galiza, algo que parece difícil debido a época en que nos situamos, hai varios momentos en que relaciona o galego co portugués. Sirva de exemplo este fragmento que escribe en Ourense cando escoita o diminutivo –iño no nome duns nenos que xogan no xardín:

As crianças brincam descalças, quase todas dos arredores, no jardim. Os pássaros cantam. Vozes infantis que chamam, prolongando a última sílaba – Pepitôoo!...Juanitôoo! Marcial! ou os diminutivos portugueses – Pepiño! Mira lo que voy a decir-te... (Almeida, 1996: 129)

Ora ben, Fialho de Almeida vai que ter que chegar a Mondoñedo para ver na lingua de Galiza a proximidade co portugués:

«Mire señor que soy solina...» aquele dialecto quase português me acabou de enternecer. É curioso que quanto mais me interno na Galiza, ao contrário do que poderia supor-se, mais o dialecto falado se parece com o português. (Almeida, 1996: 254)

E esta terra adorada, esta gente de tipo greco-celta, de cabelos claros e olhos verdes e [onde] os pequenos aprendem castelhano, devendo só aprender o português! (Almeida, 1996: 130)

É curioso que Fialho teña que atravesar toda Galiza para se decatarse da súa realidade lingüística. Pode ser que nalgunhas ocasións se encontrase con persoas que, aínda sendo galegofalantes, se dirixisen a el en español por cortesía, mais é posíbel que, aínda que o fixesen en galego, non estivese predisposto a escoitalo. Case con absoluta certeza que o escritor alentexano xa escoitara falar galego antes mais, o feito de que algunhas palabras ou incluso a forma de pronuncialas se parezan ao castelán, vai facer con que non repare nas semellanzas máis que evidentes co portugués.

⁶⁴ Vid. Revez, Ricardo (2012), “A reflexão sobre a mulher em Fialho de Almeida”, dispoñíbel en http://www.academia.edu/12068674/_A_Reflex%C3%A3o_sobre_a_Mulher_em_Fialho_de_Almeida_The_Fialho_de_Almeida_s_Thought_on_Women.

⁶⁵ “Misantropia e misoginia andam, portanto, estritamente associadas, na personalidade, e na obra, de Fialho: o amor, o outro, são-lhe indiferentes.” (Costa, 2004: 39)

Os poucos estudos sociolingüísticos que temos desta época móstrannos que o inicio da emigración de traballadores e traballadoras cara aos núcleos urbanos e industrializados de Galiza, fundamentalmente en torno á industria conserveira, vai provocar que unha parte importante da poboación inicie o proceso de castelanización. Con todo, este proceso vai tardar varios anos en consolidarse e incluso non era estraño que a burguesía urbana, que xa iniciara a súa deserción lingüística na segunda metade do século XIX, teña o galego como lingua habitual de uso. Por suposto, o campesiñado era monolingüe en galego, entre outros motivos porque tampouco tiña posibilidade de mudar esa situación⁶⁶.

Fialho de Almeida escribe o seu derradeiro texto sobre Galiza en 1910 para *Vida Gallega*. O artigo titulado “Portugal foi a primeira colonia gallega” foi inserido posteriormente no volume *Estancias d’arte e de saudade* co título “Pela Galiza”. O Fialho de Almeida que aparece aquí é moito máis reflexivo que nos *Cadernos de viagem. Galiza, 1905* ou no artigo “De Vigo a Cangas”, pois a información que nos dá revela que hai unha preparación previa sobre o territorio. Mostra todo o que aprendeu ao longo do tempo, ben mediante lecturas ou nas viaxes anteriores, e está na mesma liña dos textos que comentamos no capítulo anterior de Herculano ou Oliveira Martins⁶⁷.

Comeza cunha reflexión sobre o idioma, que para el é o elemento diferencial entre un e outro lado do río Miño. Non sabemos se escoita castelán ou se é que identifica o galego co castelán, se cadra por cuestións fonéticas, mais o certo é que o idioma vai ser o que o faga consciente de estar do outro lado da raia. Non é capaz de ver, polo menos na fronteira, as semellanzas máis que evidentes entre o galego e o portugués. No entanto, a paisaxe, o clima, a xente, o carácter, as tradicións e os costumes non diverxen un ápice

⁶⁶ Vid. García Turnes, Beatriz (1999), “A lingua galega entre dous séculos (1975-1916): contribución á historia sociolingüística do galego”, *Revista de linguas e literaturas catalana, gallega e vasca*, pp. 169-180, [dispoñíbel en http://espacio.uned.es/fez/eserv/bibliuned:19882/A_Lingua_Galega_entre_Dous_Seculos.pdf](http://espacio.uned.es/fez/eserv/bibliuned:19882/A_Lingua_Galega_entre_Dous_Seculos.pdf).

⁶⁷ “Na crónica “Pela Galiza”, Fialho de Almeida revela algúns indicios de ter viaxado pola Galiza varias veces e que non era un “simple visitante ocasional”, mas alguén atento até com perspectiva histórica sobre ese territorio, próxima das defendidas por Alexandre Herculano e Oliveira Martins. As informacións contidas na súa crónica revelan un saber pesquisado e unha prévia preparación sobre o territorio a visitar. Aínda que a viaxer do escritor alentejano seja tamén de encanto, pois a Galiza causa unha certa atracción nos portugueses, é, sobretudo, unha viaxer de encontro.” (Araújo, 2004: 99)

do que el está acostumado a reconhecer e estudar nas provincias portuguesas do norte, en concreto do Douro, Minho e Tras-os-Montes⁶⁸:

Quando estou na Galliza e oiço alguem falar hespanhol ao pé de mim, digo sempre c'os meus botões - «*Pois que! já passei a fronteira portuguesa?*». // Porquanto, nem a arquitectura da paisagem, nem os fulgores amováveis do clima, nem a litanía das falas, nem o arcabouço da gente, nem as tradições, os costumes, a indumentária, a poezia, as idealidades do espírito e as molezas ternas do carácter, divérgem um apice do que eu estou costumado a reconhecer e a estudar nas provincias portuguesas do norte, mencionadamente o Douro, Minho e Traz-os-Montes.” (Almeida, 1921: 5)

A partir desa analoxía entre a paisaxe galega e portuguesa introduce as afinidades históricas e culturais. Fialho procura na Galiza a orixe da identidade portu-galaica. Para el Galiza, aínda que pertence ao Estado español, é como se fose portuguesa, pois ambos os dous territorios foron no pasado un mesmo. De feito, considera o portugués un descendente do poboador galego:

Não me hão-de querer mal os fetichistas da *patria grande* e da *patria chica* d'eu lhes dizer que o que a nós luzitanos principalmente nos surprehende, nos alvoróça e nos comove, ao percorrer essa terra de poezia e de beleza que vae do Minho ao Cantabrico, é sentirmos que ella, embora filha adoptiva de Hespanha, é afinal portuguesa de lei como as que o são. // Oito séculos de fronteiras não conseguiram borrar as comunidades do sangue ancestral, as analogias profundas do typo etnico; e nos agregados da vida social e moral contemporanea esses variegados e complexos factores que tão fraternalmente jungem o carácter gallego ao portuguez. // E como não seria assim, se o portuguez é em grande parte o descendente do povoador gallego que logo aos primeiros alvares da nossa independencia politica radiou por todas as provincias luzitanas, desde o Minho ao Mondego, e das bracieiras do Gery, até quazi ás veigas de Thomar? (Almeida, 1921: 6)

Para alén das argumentacións de carácter histórico e cultural, Fialho de Almeida tamén presenta a raza galega como unha raza céltica, o que demostra, unha vez máis, que é coñecedor dos postulados do rexionalismo galeguista da época: “Assim, não ha nome de povoação portuguesa, da Estremadura para cima, que não tenha desse similar em terras da Galliza, certo rememorando as saudades do fundador gallego pela terra natal presente sempre á idealisação poetica do celta [...]” (Almeida, 1921: 7).

⁶⁸ Vid. Marques, João Minhoto (2015), “As viagens de Fialho” in A peregrinação de Fernão Mendes Pinto e a perenidade da literatura de viagens, Lisboa, CLEPUL.

Aínda que é consciente de que atravesou a fronteira cando escoita falar español, coñece o pasado lingüístico común. Déixanos reflexións sobre esa proximidade entre os dous idiomas cando fala da toponimia galega, que é a mostra máis evidente que galegos e portugueses son a mesma raza.

Vil´Alvas, Villa-Novas, Villa-Ruivas, Villa-Verdes, Villa-Frescas, Villa-Sêcas, Gondomáres, Carris, Varzins, Verins, Nogueiras, Felgueiras, Pesqueiras, Linháres, Parádas, Povoas, Viannas, e quantos nomes se queiram cotejar nos mápas dos dois reinos, o portuguez e o gallego, tudo isto revéla uma unidade de raça e uma comunidade d´origem que não é possível desmentir por mais que as metrópoles ateiem e os seculos caprichem em separar as coizas que, como diz a igrégia Emilia Pardo Bazan, se fizeram para pulsar e sofrer juntas. (Almeida, 1921: 7-8)

Tamén é capaz de ver a proximidade lingüística na antroponimia:

Com os apelidos das familias, da mesma fôrma que com os nomes das povoações, a mesma lei de hereditariedade que os transplantou de fronteira, segue perpetuando-os na margem portugueza, onde os Feijós, os Teixeira, os Sennas, os Pires e Freires d´Andrade, os araujos, os Mottas, os Fernardes, os Ferreiras, os Martins, os Soutos, os Seixas e os Caminhas, tétanetos de patriarchas gallegos, continuam as qualidades e defeitos dos seus antecessores (...) (Almeida, 1921: 8-9)

O aspecto físico da muller galega é outra vez o foco dalgunhas das súas páxinas. “A fama da formosura gallega, correndo de peito em peito luzitano, cria uma especie de vénia de Portugal para a Galliza, segundo a qual é moda irem os nossos fidalgos escolher noiva nas familias gallegas de linhagem.” (Almeida, 1921: 11-12). Despois de describir algúns dos encantos das mulleres galegas, entre as que se encontra Inés de Castro, venlle á memoria a extraordinaria beleza dunha rapaza que viu en Ferrol. Nunha noite de setembro, nunha barraca de espectáculos que había preto dos xardíns, os oficiais da escola náutica estaban acompañados de mozas que lle chaman a atención polo sorprendente aspecto físico. En concreto repara nunha que describe cun lirismo propio do xénero poético, moito menos terreal que outras mulleres que aparecen nos cadernos de viaxe:

Entre todas brillava uma espécie de Juno loira e branca, vestida de negro, talhada como um mármore, e d´uma frescura, d´uma elegancia, d´uma graça, que os seus sóbrios gestos rimavam poeticamente a essência sentimental dos seus sorrisos, quando os seus olhos de esmeralda líquida, profundos e longínquos, cahiam sobre o noivo, uma espécie d´antropoide de maxila prehensil e de

patilhas o qual parecía desconhecer, pela fisionomía murcha e sossegada, a quintessência de ventura que o leviano céu lhe destinára. (Almeida, 1921: 14)

Nesta crónica tamén nos deixa as súas reflexións sobre as migracións. Sabe que moitos galegos marcharon ao norte de Portugal para traballar na vendima. Os viticultores do Douro contrataban galegos para traballar a vide, aínda que tamén había galegos nas terras alentejanas, de onde Fialho era oriúndo. Os adxectivos que caracterizan estes traballadores son todos positivos, moi distintos aos que encontramos nos primeiros contos: “Gente traballadora, obediente, ganhando o salario com honra, e deixando a impressão d’uma grande inteireza de carácter...” (Almeida, 1921: 16). Non muda a realidade, son os mesmos galegos migrantes, o que muda é o ollar de Fialho. É un encontro coas súas raíces, por iso el xa non os pode ver do mesmo xeito. En parte, neses galegos ve os seus devanceiros⁶⁹. O escritor alentejano comenta que a emigración galega cara a Portugal cesara debido a que en Portugal a poboación rural creceu e a chegada de máquinas ao campo fixo que xa non requiran dos seus servizos. Alén diso, escollen outros destinos como Castela e, sobre todo, América, que se vai converter no destino principal para a maioría dos galegos.

Para o escritor alentejano, o sangue galego non só se transferiu para o portugués a través dos galegos que foran traballar a Portugal, senón tamén a través da nobreza galega “trazida pelas alianças políticas d’alguns seculos, e continuas permutas matrimoniaes com que as grandes casas dos dois reinos costumavam reverdecer as suas arvores genealógicas” (Almeida, 1921: 10). Tamén ve nas tradicións moitos indicios “d’essa comunidade de tronco d’onde gallegos e portugueses derivamos! (Almeida, 1921: 17).

Nesta viaxe, ao igual que nas dúas anteriores, déixanos as súas reflexións sobre a arquitectura, que tamén relaciona coa portuguesa. Todos os elementos desta crónica serven para argumentar os vínculos entre os dous lados do Miño. Agora ben, decide finalizar o texto cunha mención aos cancioneros, que é a mostra do grande esplendor literario do galego-portugués medieval e, asemade, da irmandade entre os dous

⁶⁹ “Fialho de Almeida procura algo na Galiza... procura as orixens, os povoadores, os longínquos avós dos portugueses e os incansáveis traballadores braçais que amaciaram o Alentejo. Nesta demanda galega há um claro encontro com a identidade portuguesa.” (Araújo, 2004:99)

territorios: “Este laço é a existência até quazi aos meados do século XV, d’uma literatura e d’uma poezia popular comuna, a ponto de se não saber nos cancioneros quaes trovadores são gallegos, e quaes portuguezes, de tal modo estylo literário e língua se confundem.” (Almeida, 1921: 23). Esta visión da lingua galega pouco ou nada ten que ver cos prexuízos lingüísticos que se mostraban nos personaxes dos galegos que aparecían nos primeiros contos. O galego e o portugués parten do mesmo tronco común e este lazo de unión está por encima de calquera outro, pois “há uma razão de família pela qual o galego será sempre para o português um irmão tenro, e é um irmão quazi que ainda fala o português do Cancioneiro” (Almeida, 1921: 24). De feito vai ser a lingua a que lle forneza os argumentos definitivos para falar dun futuro idealizado nunha confederación constituída por Galiza, Portugal e Brasil:

No dia em que as nações se conglomerassem exclusivamente por agregados de raça e não pelas eventualidades da historia e da política, e em que portanto a unidade portugueza fosse um facto, como a allemã e a italiana, seria ella constituída por Portugal, Galliza e Brazil, confederados, vivendo e trabalhando em uníssonos, como as vísceras d’um organismo autonomo e perfeito, havendo a separal-as apenas um rio chamado Atlantico, que ellas sulcariam pelos barcos do seu trafego e os frenesis da sua acção. (Almeida, 1921: 25)

Conclusión

Fialho de Almeida foi un escritor moi polémico, por iso viviu nunha especie de ostracismo literario durante moitos anos. O feito de non ser politicamente correcto e criticar sen piedade todo o que non fose do seu agrado, non encadrarse nunha escola estética determinada ou non publicar a ansiada novela, que daba tanto prestixio nesa altura, fixeron que até fins do século XX a crítica literaria non se interesase pola súa obra. Con todo, estas características tamén son as que o converten nun autor extraordinario. A súa personalidade temperamental, que tantos problemas lle ocasionou, vai facer del un xenio que se detén nos elementos máis insignificantes para crear beleza. Precisamente iso foi o que fixo nos apuntamentos que nos deixou durante as súas visitas a Galiza.

Carlos Pazos no libro *A imaxe de Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os galegos são nossos irmãos* (2016) vai defender que existen dúas imaxes sobre os galegos en Portugal. Unha negativa, que está fortemente condicionada pola visión que os portugueses teñen dos migrantes galegos na capital, e outra *de afinidade*, que está asociada aos vínculos históricos, culturais e lingüísticos entre os dous lados do río Miño. Estas imaxes funcionan no paso do século XIX para o XX, época en que Fialho de Almeida lle tocou vivir, e ambas as dúas están presentes na súa obra.

A visión negativa, que aparece nos primeiros textos do escritor, é semellante á doutros dos seus contemporáneos que representan os galegos como avaros, desaliñados e indecorosos. Esta imaxe, que ten unha clara finalidade xocosa, está relacionada coa condición humilde dos galegos, xa que realizaban os traballos máis duros e os peor pagados, e non dista moito da que se ten das persoas migrantes en calquera parte do mundo.

Como parte integrante da realidade lisboeta, a figura do galego non vai pasar desapercibida para un escritor que, como Fialho de Almeida, estaba interesado nos estratos máis baixos da sociedade. En case todas as súas obras encontramos algún conto onde aparece a maneira de ser ou comportarse destes personaxes. Os *mozos de fretes*, os galegos que levan cartas confidenciais, os galegos das tabernas, os criados

caracterizados pola súa enorme avaricia son algúns dos personaxes secundarios que aparecen en moitas das súas primeiras obras. No entanto, esta imaxe, que está influenciada polas lecturas e o que lle foi transmitido sobre a comunidade galega en Portugal, vai ir mudando a medida que coñece Galiza e a súa realidade.

A imaxe *de afinidade* vai aparecer nos textos que escribe durante as súas visitas a Galiza. Fialho non vai mostrar interese polas viaxes até os últimos anos da súa vida, pois foi cando encontrou tempo e diñeiro para facelo. De todos os lugares que visitou Galiza será un dos seus favoritos, entre outros motivos por ser un dos que mellor coñeceu. Vai ser a partir de aquí cando a súa visión sobre este territorio e os seus habitantes mude. Os galegos e galegas que ve cando atravesaba o río Miño, a pesar de que moitos deles viven nunha situación de pobreza extrema, distan moito dos que aparecen nas primeiras obras. Non foi o primeiro portugués en nos deixar as súas impresións sobre esta terra, mais si en expresalas cunha certa sensibilidade. En vez de deixarse influír polos coñecementos aprendidos e continuar na mesma liña dos textos iniciais, vai aparecer un novo Fialho que consegue liberarse, ou polo menos preténdelo, de todos os prexuízos adquiridos.

É certo que hai moitos fragmentos en que aparecen as connotacións negativas dos galegos das primeiras obras, mais tamén hai unha certa simpatía, unha achega ao sufrimento desta xente. Ademais, tamén ve outra Galiza: a da xente rica, dos grandes edificios e das mulleres fermosas. A imaxe dos galegos de Lisboa vaise dissipando para mostrarnos unha nova imaxe que une lazos, a do vínculo de Galiza e Portugal, a da lingua e as raíces compartidas. Esa imaxe está moi relacionada co nacemento do galeguismo e en consonancia co pensamento dalgúns intelectuais portugueses do momento.

Alén diso, podemos dividir a súas reflexións sobre os galegos e galegas en grupos sociais. Por unha banda, estaría o campesiñado e as xentes do mar e, pola outra, aquelas persoas que posúen un certo status. Os primeiros aparecen retratados nos seus labores diarios e cun aspecto físico que reflicte as pegadas do sufrimento no rostro e, os segundos, simplemente pola aparencia. Esta división é igual nos homes ca nas mulleres, non hai distinción de sexo. Os primeiros están caracterizados pola dureza do traballo e

os segundos, pola contra, viven alleos ás preocupacións e pasean e compran felices polas cidades. A aparencia destes últimos sorpréndelle pola elegancia e beleza que desprende. Ambos os dous aparecen representados tanto na súa dimensión colectiva como individual. Ora ben, como puidemos comprobar, esta oposición nada ten que ver co lugar. Tanto na cidade como no campo aparecen as marcas do sufrimento e do traballo. Non hai ningún territorio que poida librarse da situación de ruína social e económica que estaba vivir Galiza nese momento.

En canto á Galiza como terra, aparece representada coas mesmas características dun *locus amoenus*: campos verdes e floridos, árbores e froitas abundantes, gando manso e un río que percorre o territorio de norte a sur. A pesar de que, en principio, non posuía os encantos doutros lugares, déixase envolver polo ambiente e acaba por nos mostrar a súa faciana máis sensíbel. Con ollos de pintor plástico, Fialho detense nos dos elementos máis insignificantes para enxalzar matices que pasarían desapercibidos para a maioría dos visitantes. A paisaxe galega é retratada cun bucolismo propio dos autores clásicos e sempre en analoxía coa portuguesa. O Miño non é máis que unha división dese mesmo contínuum, pois as tradicións, a historia, a cultura, son as mesmas dun e doutro lado do río. Incluso a lingua, que nun primeiro momento relaciona co español, conforme se vai adentrando na Galiza parece recoñecer como propia.

A importancia da súa obra é enorme, pois Fialho axúdanos a comprender, non só moitos aspectos da sociedade daquel momento, senón tamén a visión que os alleos teñen sobre Galiza, que é moi diferente á construída desde o propio territorio.

Non podemos concluír sen deixar constancia do amor que Fialho de Almeida sentía por Galiza. Este poliédrico escritor, acostumado as planicies douradas do Alentejo e as decadentes rúas de Lisboa, ficou namorado da frescura verdecente da paisaxe galega. A pesar das mostras de miseria que presentaba, este *locus amoenus* foi capaz de espertar nel o seu lado máis sensíbel:

Tudo isto entra em mim de tal modo que eu velho de 50 anos, com
barbas brancas, não tenho outro meio de mostrar o meu agrado
senão desatando a gritar «Viva a Galiza!», enquanto as lágrimas

me caem pelas barbas e toda a gente ri, dizendo: está loco o português! (Almeida, 1996: 65)

Bibliografía

1. Bibliografía activa

Almeida, José Valentim Fialho de (1917), *Saibam quantos... (cartas e artigos políticos)* 2.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 11/10/2016]

Almeida, José Valentim Fialho de (1919), *À esquina (Jornal d'um vagabundo)*, 3.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 20/11/2016]

Almeida, José Valentim Fialho de (1921), *Estâncias d'arte e de saudade*, Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 26/01/2017]

Almeida, José Valentim Fialho de (1921), *Vida irónica (Jornal d'um vagabundo)*, 4.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 07/11/2016]

Almeida, José Valentim Fialho de (1922), *Aves migradoras*, 1.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 25/11/2016]

Almeida, Fialho de (1922), *Contos*, 6.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, disponível en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 07/12/2016]

Almeida, José Valentim Fialho de (1923), *Barbear, pentear, (Jornal d'um vagabundo)*, 4.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 19/12/2016]

Almeida, José Valentim Fialho de (1923), *Pasquinadas (Jornal dum vagabundo)*, 4.^a ed., Porto, Livraria Chardron, de Léo & Irmão, Lda. Editores, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 03/12/2017]

Almeida, José Valentim Fialho de (1924), *Figuras de destaque*, Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 17/01/2017]

Almeida, José Valentim Fialho de (1927), *Lisboa galante. Episódios e aspectos da cidade*, 4.^a ed., Porto, Livraria Chardron, de Léo & Irmão, Lda. Editores. [consultada o 08/01/2017]

Almeida, José Valentim Fialho de (1932), *A cidade do vício*, 7.^a ed., Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 17/02/2017]

Almeida, José Valentim Fialho de (1946), *O paiz das uvas*, nova edição prefaciada por Álvaro Júlio da Costa Pimpão, Lisboa, Livraria Clássica Editora de A. M. Teixeira e C.^a, consultado en <http://www.bdalentejo.net/> [consultada o 03/11/2016]

Almeida, José Valentim Fialho de (1996), *Cadernos de viagem. Galiza. 1905*, edición e notas de Lourdes Carita, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.

2. Bibliografía outra

AA.VV. (1917), *Fialho de Almeida: in memoriam* (no sexto aniversário da morte do escritor), Porto, Tipografia da Renascença Portuguesa.

AA.VV. (2011), *Fialho de Almeida cem anos depois*, Editora Licorne.

Almeida, Maria Manuela Carvalho de (1996), *A literatura entre o sacerdócio e o mercado. Balzac e Fialho de Almeida*. Braga, Angelus Novus Editora.

Alonso Estraviz, Isaac (1998), “A Galiza, os galegos e a língua segundo Rodrigues Lapa”, *Agália* núm. 53, pp. 3-15, disponível em <https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/305744>. [consultada o 14/05/2018]

Alonso Estraviz, Isaac (2002), “Relações de Teixeira de Pascoaes com escritores e intelectuais”, O Portal Galego da Língua, disponível em http://agal-gz.org/faq/lib/exe/fetch.php?media=contributos-pgl:relacoes_de_teixeira_de_pascoaes.pdf. [consultada o 02/05/2018]

Alves, Jorge Fernandes (2002), “Imigração de galegos no norte de Portugal (1500-1900). Algumas notas” in Roel, Antonio Eiras; Lopo, Domingo González (coord.), *Movilidad e migracións internas na Europa Latina*, Unesco, Santiago de Compostela, Universidad (Cátedra Unesco), pp. 117-126, disponível em <http://ler.letras.up.pt/uploads/ficheiros/artigo11211.pdf> [consultada o 15/09/2017]

Andrade, Anselmo de (1923), *Viagem na Espanha*, 3ª ed., Coimbra, Coimbra Editora, Lda.

Araújo, José David Santos (2004), *Portugal e Galiza: Encantos e encontros*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.

Barradas, António e Saavedra, Alberto (ed.) (1917), *Fialho de Almeida: in memoriam* (no sexto aniversário da morte do escritor), Porto, Tipografia da Renascença Portuguesa.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “Literatura de menosprezo e vilipendio contra os galegos”, *La Voz de Galicia*, 19 de marzo de 2005.

Bernardes, J. Augusto Cardoso (2001), “Fialho de Almeida: uma estética de tensões”, in: Reis, Carlos (ed.), *História da Literatura Portuguesa (O Realismo e o Naturalismo)*, Vol. 5, Lisboa, Alfa, pp. 293-308.

Braga, Teófilo (1877), *Parnaso português moderno*, Empresa Editora de Francisco Artur da Silva, Lisboa.

Buescu, Helena Carvalhão (2001), “Fialho de Almeida, um atento espectador do mundo (Os Gatos)” in *Chiaroscuro. Modernidade e literatura*, Porto, Campo das Letras.

Castro, Ivo (2002), “Galegos e mouros. A língua galega vista pelos filólogos portugueses”, conferencia proferida em 1996, no congresso dos 25 anos do Instituto da Língua Galega, Santiago de Compostela, Lisboa, Colibri, Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Lisboa, disponível em http://www.clul.ulisboa.pt/files/ivo_castro/1996_Galegos_e_Mouros.pdf. [consultada o 26/02/2017]

Coelho, Jacinto do Prado (1977), “Fialho e as correntes do seu tempo” in *A letra e o leitor*, 2ª ed., Moraes Editores, Lisboa, pp. 149-161.

Coelho, Jacinto do Prado (1944), *As melhores páginas da literatura: Fialho de Almeida*, Editorial e Livraria, Lda. Maria Rodrigues, Lisboa.

Costa, Lucília Verdelho da (2004), *Fialho d’Almeida. Um decadente em revolta*, Lisboa, Frenesí.

Costa, Xoán (2016), “Ceifar as searas dos outros” no Sermos Galiza do 12 de agosto de 2016, dispoñíbel en <http://www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/ceifar-searas-outros/20160812131837050253.html> [consultada o 03/06/2017]

Ferreiro, Manuel (1988), “Unha ruptura na literatura galega: os Séculos Escuros” en *A nosa literatura. Unha interpretación para hoxe*, A Coruña, AS-PG, pp. 45-66.

Fonseca, Manuel da (ed.) (1984), *Antologia de Fialho d’Almeida*, edición das câmaras municipais de Cuba e Vidigueira, Associação de Municípios do Distrito de Beja.

Franco, António Cândido (2002), *O essencial sobre Fialho de Almeida*, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda.

García Turnes, Beatriz (1999), “A lingua galega entre dous séculos (1975-1916): contribución á historia sociolingüística do galego”, *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, pp. 169-180, dispoñíbel en http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/bibliuned:19882/A_Lingua_Galega_entre_Dous_Seculos.pdf. [consultada o 08/12/2018]

González Lopo, Domingo (2006), ““Se se mandassem embora não haveria quem servisse...” Os galegos em Portugal: um exemplo típico de mobilidade na época pré-industrial” in Ruben Lois González & Rosa Verdugo Matés (eds.): *As migracións em Galiza e Portugal. Contributos desde as Ciencias Sociais*, Corunha, Ed. Candeia, pp. 237-266, dispoñíbel en http://www.usc.es/catedras/migracs/publicaciones/coordinadores/galiza_portugal/portugal.pdf. [consultada o 21/02/2017]

Grygierzec, Wiktoria & Ferro Ruibal, Xesús (2009), “Estereótipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués”, *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 11, pp. 94-105, dispoñíbel en http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_04.pdf. [consultada o 10/04/2017]

Junqueiro, Guerra (1917), “Fialho” en Barradas, António e Saavedra, Alberto (ed.), *Fialho de Almeida: in memoriam* (no sexto aniversario da morte do escritor), Porto, Tipografia da Renascença Portuguesa.

Hermida, Carme (1987), “Leite de Vasconcelos e o galego. Notas sobre un artigo esquecido”. *Verba* 14, pp. 489-496, dispoñíbel en https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/4885/pg_491-498_verba14.pdf?sequence=1&isAllowed=y. [consultada o 27/04/2017]

Leira, Xan (2007), *Historias dunha emigración difusa*, Xunta de Galicia, dispoñíbel en <https://emigracion.xunta.gal/files/HistoriasDunhaEmigracionDifusa.pdf>. [consultada o 09/03/2017]

Lopes, Óscar (1987), *Entre Fialho e Nemésio. Estudos de literatura portuguesa contemporânea*, vol. I, Lisboa, Imprensa Nacional – Casa da Moeda, pp. 161-202.

Marques, João Minhoto (2015), “As viagens de Fialho” in *A peregrinação de Fernão Mendes Pinto e a perenidade da literatura de viagens*, Lisboa, CLEPUL.

Mateus, Isabel Cristina (2008), “*Kodaquização*” e despolarização do real. Para uma poética do grotesco na obra de Fialho de Almeida, Lisboa, Caminho.

Mateus, Isabel Cristina (2011), “O «génio obscuro» de Fialho de Almeida: cem anos de presença na literatura portuguesa” em *Fialho de Almeida cem anos depois*, Editora Licorne.

Medeiros, António (2003), “Discurso nacionalista e imagens de Portugal na Galiza”, *Etnográfica*, Vol. VII (2), pp. 321-349, disponível em http://ceas.iscte.pt/etnografica/docs/vol_07/N2/Vol_vii_N2_321-350.pdf. [consultada o 05/06/2017]

Mota, Silveira da, (1889), *Viagens na Galiza*, Lisboa, Livraria A. M. Pereira.

Murguía, Manuel (1996), “Discurso nos xogos froráis de Tuy”, em “Em Prosa; Textos em Galego, Oseiro-Arteixo, Asociación VV. “Manuel Murguía” Oseiro, Arteixo, 1996, p. 165.

Pais, José Machado (1985), “De Espanha nem bom vento, nem bom casamento: Sobre o enigma sociológico de um provérbio português”, em *Análise social*, vol. XXI (86), Lisboa, pp. 229-243, disponível em <https://www.ics.ulisboa.pt/file/4536/download?token=qTM8VExI> [consultada o 02/08/2017]

Pazos-Justo, Carlos (2016), *A imagem da Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os galegos são nossos irmãos*, Santiago de Compostela, Através Editora.

Pazos-Justo, Carlos (2012), “Alfredo Guisado e a imagologia dos galegos em Portugal” in Mário Matos & Orlando Grossegeisse (eds.), *Interkulturelle Mnemo-Graphien / Mnemo-Grafias Interculturais*, Braga, Universidade do Minho / Centro de Estudos Humanísticos, pp. 113-122, disponível em http://cehum.ilch.uminho.pt/cehum/static/publications/mnemo_grafias.pdf. [consultada o 12/03/2017]

Pazos Justo, Carlos (2012), “Galegos, galego-portugueses ou espanhóis?” Hipóteses e contributos para a análise das origens e funções da imagem atual da Galiza e dos galegos em Portugal”, *Diacrítica*, 26/2: 431-443, disponível em <http://repositorium.sdum.uminho.pt/handle/1822/23077> [consultada o 20/03/2017]

Pazos Justo, Carlos (2011), “A imagem da Galiza e dos galegos em Portugal entre fins do século XIX e primeiras décadas do XX: do imagotipo *negativo* ao imagotipo *de afinidade*”, *Veredas*, Revista da Associação Internacional de Lusitanistas, 16: 39-69, disponível em <http://repositorium.sdum.uminho.pt/handle/1822/25830>. [consultada o 12/03/2017]

Pimpão, Álvaro J. da Costa (1945), *Fialho I. Introdução ao estudo da sua estética*, Coimbra, Coimbra Editora.

Pinheiro, Rafael Bordalo (1994), *Os galegos e outras histórias*, 2.^a ed., Lisboa, Vega [Prefácio de Carlos Consiglieri].

Pondal, Eduardo (2002), *Poesía completa III: poemas manuscritos*, edición crítica de Manuel Ferreiro, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

Postigo Aldeamil, María Josefa (2007), “Acerca de *O galego. Vida, ditos e feitos de Lázaro Tomé* de Alexandre herculano”, Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos, Barcelona 28 ao 31 de maio de 2003, Ed. de Helena González e M. Xesús Lama, Sada, Edicións do Castro, Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), pp. 637-645, dispoñíbel en <file:///C:/Users/Administrator/Downloads/Dialnet-AcercaDeOGalegoVidaDitosEFeitosDeLazaroTomeDeAlexa-2944743.pdf> [consultada o 18/05/2017]

Quiroga, Carlos (2016), *A imaxe de Portugal na Galiza*, Santiago de Compostela, Através Editora.

Rebelo, Ivone da Silva, “O tópos lugar ameno (*locus amoenus*) e as súas múltiples facetas: da antiguidade clásica à época contemporánea”, Universidade Federal do Rio de Janeiro, dispoñíbel en http://www.ippucsp.org.br/downloads/anais_15_congresso/ivone-da-silva-rebello.pdf [consultada o 05/10/2017]

Revez, Ricardo (2012), “A reflexión sobre a muller em Fialho de Almeida”, dispoñíbel en http://www.academia.edu/12068674/_A_Reflex%C3%A3o_sobre_a_Mulher_em_Fialho_de_Almeida_The_Fialho_de_Almeida_s_Thought_on_Women. [consultada o 11/03/2018]

Revez, Ricardo (2011), “A evolución do pensamento político de Fialho de Almeida” en *Fialho de Almeida cem anos depois*, Editora Licorne.

Ribeiro, Fléxa (1911), *Fialho d’Almeida: visão estética de sua obra*, Livraria Clássica Editora, Lisboa.

Ribeiro, Maria Aparecida (1994), “Fialho de Almeida” in *História crítica da literatura portuguesa. Realismo e Naturalismo* (coordenação de Carlos Reis), Lisboa/São Paulo, Editorial Verbo, pp. 315-356.

Rodrigues Lapa, M. (1977), “Otero Pedrayo e o problema da língua” en *Grial*, núm. 55, Vigo, Editorial Galaxia, p. 33, dispoñíbel en <http://www.cervantesvirtual.com/downloadPdf/num-55-1977/>. [consultada o 18/04/2018]

Simões, João Gaspar (1987), *Perspectiva histórica da ficção portuguesa: das origens ao séc. XX*, Lisboa, Publicações Dom Quixote, pp. 571-576.

Teijeiro Fuentes, Miguel Ángel (1996), “Galicia y los gallegos en la literatura española del Siglo de Oro” dispoñíbel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=157181>. [consultada o 21/11/2018]

Torres Feijó, Elias (2009), “Portugal nas velas do galeguismo contemporáneo: de Teófilo Braga a Manuel Rodrigues Lapa”, Grupo Galabra, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 371-401, dispoñíbel en <http://www.usc.es/galabra/>. [consultada o 25/09/2017]

Torres Feijó, Elias (1995), “Portugal, para quê? Para umha interpretação do córpous identitário galego: potencial e carências no relacionamento galego-português”, Grupo

Galabra, Universidade de Santiago de Compostela, disponível em https://redegalabra.org/wp-content/uploads/docs2016/portugal_para_que.pdf. [consultada o 27/09/2017]

Vaz, Rodriguez (coord.) (2008), *Os galegos nas letras portuguesas*, Lisboa, Pangeia editores, [“Edição comemorativa do I Centenário da Xuventude de Galicia”]

Vázquez Cuesta, Pilar (1988), *A língua e a cultura portuguesas no tempo dos Filipes*, Lisboa, Europa-América.

Vázquez Cuesta, Pilar (1995), “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal. Un diálogo asimétrico” in *Colóquio Letras*, 137/138, pp. 5-21.

Villares, Ramón (1991), *História da Galiza*, Lisboa, Livros Horizonte.

Williams, Raymond (1990), *O campo e a cidade: na história e na literatura*, São Paulo, Companhia das Letras.